



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 78

VI lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria **21 de outubro de 2003**

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (doc. núm. 11579).

Reiníciase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Debate de política xeral: Informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Punto único da orde do día.)

Intervención do presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne, que expón a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.* (Páx. 3.)

O señor presidente anuncia que a sesión se retomará ás cinco da tarde coas intervencións dos grupos parlamentarios, e suspende a sesión. (Páx. 27.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez Touriño (S)* (Páx. 28.), *Sr. Beiras Torrado (BNG)* (Páx. 35.) e *Sr. Pita Varela (P).* (Páx. 45.)

O señor presidente anuncia que o señor presidente da Xunta lles responderá aos grupos parlamentarios ás sete e corenta e cinco minutos da tarde, e suspende a sesión. (Páx. 51.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Resposta do presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne.* (Páx. 51.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez Touriño (S)* (Páx. 57.) e *Sr. Beiras Torrado (BNG).* (Páx. 59.)

Contrarréplica do presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne.* (Páx. 62.)

O señor presidente comunica o prazo de presentación das propostas de resolución, que será ata as doce do mediodía de mañá. Así mesmo, informa de que se lles distribuirá aos grupos parlamentarios as propostas de resolución admitidas antes de que se retome a sesión ás catro e media da tarde, e suspende a sesión. (Páx. 64.)

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e oito minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado de todos os membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta, acompañado de todos os conselleiros e conselleiras.

O señor PRESIDENTE: Bos días, ábrese a sesión.

Como é tradicional, non damos lectura á orde do día por estar publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Escomezamos co punto único.

Debate de política xeral: Informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra, para expoñer este debate, o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fraga Iribarne): Moitas grazas, señor presidente.

Señor presidente do Parlamento, señoras deputadas e señores deputados, unha vez máis comparezo perante este Parlamento de Galicia, a petición propia e en función do disposto na Lei reguladora da Xunta e do seu presidente e no Regulamento desta Cámara, para dar conta das actuacións da Xunta de Galicia que me honro en presidir.

Analizarei aquí un tempo comprendido entre o anterior debate sobre o estado da autonomía, celebrado o 8 de outubro de 2002, e o día de hoxe. Pero, como vostedes ben saben, señorías, resulta case imposible fragmentar e considerar este tempo á marxe dunha acción conxunta do Goberno iniciada en 1989 e baseada no noso programa galeguista e popular, e, naturalmente, fóra do contexto xeral da nación e do mundo en que vivimos; certamente, señoras deputadas e señores deputados, o período máis ilusionante da miña vida pública, no que, grazas á confianza maioritaria, reiterada en catro ocasións sucesivas, do pobo galego, tiven —e

teño— a alta responsabilidade de servir unha vez máis, pero con especial responsabilidade, á nosa terra.

Nestes primeiros anos do século e do milenio, todos os analistas coinciden en que a nova sociedade emerxente esixe uns esforzos de adaptación e de preparación para poder desenvolvernos con eficacia nun mundo cada vez máis complexo e competitivo; unha sociedade fortemente condicionada polas novas tecnoloxías da información e da comunicación, innovación tecnolóxica, por certo, que está modificando, día a día, e moi significativamente, o contorno local e internacional do noso tempo.

Sabido é, señorías, que o mundo se está volvendo cada vez máis pequeno e interdependente, e que o fenómeno da globalización afecta a todas as relacións humanas de intercambio: ás económicas, por suposto, pero tamén ás sociais, ás políticas e ás culturais; e mesmo ás máis próximas á persoa.

Fronte aos que, desde posicións catastrofistas e apocalípticas, só se limitan a denunciar os riscos desta nova situación, sen achegar, por certo, novas ideas e solucións, eu considero que son cada vez máis necesarias que nunca as relacións de cooperación e de coordinación das accións e das políticas públicas —que non hai nada que non poidamos afrontar—.

Sempre tratei de que a acción política fose un medio para a busca de solucións, non para o agravamento dos problemas. Teño moi claro que o meu compromiso cos cidadáns de Galicia non consiste en exacerbar os conflitos, acentuar as tensións sociais ou provocar o enfrontamento. A nosa misión é achegar, en cada situación, alternativas realistas, iniciativas factibles, mensaxes de esperanza. Isto é o que diferencia a acción política do puro oportunismo.

Estámonos integrando, pois, ao mesmo nivel que outras comunidades de España e de Europa, pero facémolo cos nosos medios e na medida das nosas posibilidades. Isto significa que Galicia forma parte xa, activamente e con todas as consecuencias, do actual proceso de renovación produtiva e tecnolóxica. Esta vez, señorías, podemos dicir que non perdemos o tren da historia.

Cómpre seguir avanzando no mesmo sentido. Cómpre que a autoidentificación sexa un elemento competitivo e

diferenciador do uniformismo que impera nos mercados económicos e culturais. Como deixou dito Rafael Dieste: “Os valores universais só poden xurdir dos valores diferenciais; e estes convértense en universais, precisamente, pola autenticidade que representan e comunican.”

Reafirmo aquí, señoras deputadas e señores deputados, perante este Parlamento que representa o conxunto do noso pobo, o compromiso popular con Galicia, o meu compromiso persoal; un compromiso renovado en decembro de 2001, cando anunciei que a miña cuarta lexislatura non ía ser, nin moito menos, o remate dunha etapa, como especulaban algúns, senón o comezo dunha nova era; un novo período de renovación e de significativos avances na política, na economía e na sociedade en xeral; un período caracterizado por un obxectivo: completar o esforzo feito en investimentos infraestruturais que os populares galegos iniciamos en 1989.

Galicia non é só unha realidade espacial que esperta admiración nos que aquí vivimos e nos que ata aquí chegan. O noso país constitúe unha realidade temporal, unha experiencia histórica protagonizada por un pobo que habita un territorio, un pobo que posúe unha lingua propia e unha personalidade cultural; elementos que nos distinguen e que nos singularizan.

Resulta evidente —e isto, señorías, non é cousa miña, senón que é unha opinión unanimemente expresada por persoas de diferentes posicións ideolóxicas— que a nosa comunidade prosperou máis grazas á situación de confianza e de estabilidade política dos últimos catorce anos que en toda a anterior historia deste vello Fisterra peninsular.

Hoxe, a pesar dos atrancos e das dificultades, calquera pode comprobar que a sociedade galega no seu conxunto está a facer realidade a vella arela do inesquecible pensador e galeguista Ramón Piñeiro cando nos animaba a: “... orientar todos os esforzos no sentido de lograr unha maior presenza galega e galeguista na política do país. É dicir, que Galicia acadará a súa plenitude e a súa realización, no momento en que poida desenvolver politicamente a súa personalidade”.

Efectivamente, o actual nivel de autogoberno permítenos ver cumprido o desexo de Piñeiro. Galicia controla, por si mesma, os servizos públicos que máis incidencia teñen na

calidade de vida da nosa xente: a sanidade, a educación, a cultura, a ordenación do territorio, as infraestruturas na maior parte, as políticas de emprego e de benestar social, a xestión dos recursos naturais...; un autogoberno que conta tamén con importantes instrumentos financeiros con capacidade normativa, que non só garanten a suficiencia da nosa Facenda senón que permiten impulsar políticas propias adicionais, tanto pola vía do gasto coma dos ingresos.

A Galicia do século XXI é unha sociedade avanzada, plural e democrática, respectuosa coa Constitución española e plenamente convencida das vantaxes da autonomía. Non son outras senón as institucións autónomas as que resolven, día a día, os múltiples problemas e dificultades deste país.

Valentín Paz-Andrade, galeguista irreprochable, poeta e ensaísta brillante, empresario adiantado, deixouunos esta magnífica reflexión: “O home galego do futuro está chamado a actuar como axente totalizador. O eido xa foi decruado, cómpre rematar a sementeira e saber, cando chegue o tempo, aproveitar as colleitas.”

Os tempos son chegados. De todos nós depende, da nosa capacidade política, do noso traballo e boa xestión, que as colleitas das que se falaba sigan sendo cada vez máis abundantes e frutíferas.

En defensa da Constitución.

Os vinte e cinco anos dunha constitución significan un feito verdadeiramente importante sobre o que me parece oportuno incidir nun debate destas características. A vixencia e alcance da Constitución é algo que debe preocuparnos a todos. Galicia xoga moito neste momento e debe manifestarse con claridade e responsabilidade nesta cuestión.

Unha constitución é un pacto no que un grupo social, suficientemente amplo e solidamente establecido nunha base territorial, acorda os poderes políticos polos que se vai gobernar, os prazos nos que os seus titulares serán nomeados e cesados, os termos nos que se distribuirán as competencias, e os dereitos e liberdades dos cidadáns. Isto implicanos directamente a todos, incluso aos que non cren nin nunca creron na Constitución nin no Estatuto de autonomía. Refírome a aqueles que din acatar a Constitución e mais o Esta-

tuto, pero que ao mesmo tempo proclaman os seus obxectivos soberanistas e emancipadores.

No mes que andamos cumprirse o XXVº aniversario da Constitución española, aprobada polas Cortes Xerais o 31 de outubro de 1978 e ratificada en referendo polo pobo español o 6 de decembro, e que foi sancionada e promulgada pola súa Maxestade El-Rei o 27 de decembro daquel mesmo ano; un cuarto de século, pois, de vixencia continuada dunha Constitución que representa moito máis que unha data significativa ou que unha celebración institucional.

A Constitución de 1978, ademais da honra que significa para min ter sido un dos seus sete redactores, segue a ser hoxe unha constitución válida e avanzada. A nosa Carta Magna incorporou daquela algunhas institucións novidosas (como o Tribunal Constitucional ou o Defensor do Pobo) e ensaiou con éxito fórmulas organizativas tan orixinais no terreo do dereito público comparado como o actual “modelo territorial”; é dicir, o Estado das autonomías.

Penso, señorías, que a perdurabilidade da Constitución radica no feito de que os españois logramos consensuar, naquel difícil momento, un texto no que se contemplaron as posicións ideolóxicas e os intereses políticos da inmensa maioría, consagrando así unha serie de principios compartidos por todos. No sentido filosófico do termo, a Constitución española de 1978 foi o gran contrato social das liberdades democráticas e do Estado das autonomías. Por isto é polo que segue a ser un exemplo para moitos outros países que fixeron –non sempre con éxito e claridade– as súas transicións á democracia desde réximes diferentes.

Naquel momento, cando redactabamos a nosa Carta Magna, tiñamos que resolver tres grandes problemas que historicamente xeraran os principais conflitos da España contemporánea, chegando á confrontación entre irmáns nunha cruel e desgraciada guerra civil:

En primeiro lugar, estaba a cuestión da forma política do Estado. Coa proclamación do Reino de España como un Estado social e democrático de dereito e coa formulación política da monarquía parlamentaria superouse, practicamente, a vella división entre monárquicos e republicanos; unha formulación política plenamente aceptada pola maioría porque á lexitimidade orixinaria da monarquía como institu-

ción se lle engadiu a lexitimidade de exercicio derivada da admirable actitude arbitral de El-Rei don Juan Carlos I desde a promulgación da Constitución.

En segundo termo estaba a cuestión social. A constitucionalización do modelo de economía social de mercado permitiu conciliar a eficiencia na creación de riqueza, a través do mercado, con equidade no repartimento e na acción redistributiva dos poderes públicos, tanto no eido persoal como no territorial. Superábanse así os vellos conflitos derivados de situacións de inxustiza social.

E un último e terceiro aspecto: os españois necesitábanos solucionar a cuestión territorial, que fora sempre adiada e causa de graves confrontacións e que se nos presentaba aos constituíntes como o problema máis complexo.

A confrontación entre as posturas partidarias do mantemento da forte centralización do Estado e as que reclamaban movementos segregadores, mesmo separatistas, foron confluindo na proclamación conxunta do principio de unidade da nación e do dereito á autonomía para as nacionalidades históricas e as rexións que integran España. O equilibrio acadado entre os principios de unidade e de autonomía, e o conxunto aberto de regras procedementais e de repartimento competencial, recollidas no título VIII, facilitaron un proceso de descentralización sen precedentes. Así, as Españas pasaron, en apenas dúas décadas e media, de ser un dos Estados máis centralizados de Europa a un modelo no que as comunidades autónomas gozan de maiores niveis de autogoberno que outras rexións de países europeos.

A actual norma fundamental propiciou un marco de liberdade individual, de paz social, de estabilidade institucional e de cohesión económica. Neste mesmo sentido, cómpre destacar, como outro gran mérito constitucional, un sistema estable de forzas políticas. Desde o Partido Popular, tanto en Galicia como en España, creo que algo temos achedado nese sentido. Por iso, pola estabilidade política de Galicia, desexo que aquelas forzas do noso sistema que se encontran hoxe en pleno proceso de renovación, poidan culminalo sen rupturas nin sobresaltos –aínda que algún suceso das últimas semanas non nos tranquilice moito ao respecto–; polo menos, tan ben coma nós temos demostrado saber facelo.

Dado que durante o proceso de elaboración e redacción da ponencia constitucional tiveron unha modesta participación encamiñada a buscarlle solución a algúns problemas que, desgraciadamente, volven ser polémicos vintecinco anos despois, considero interesantes as seguintes puntualizacións:

Os constituíntes comprobamos que mentres que uns queríamos levar a descentralización ata os niveis máis amplos da autonomía, preservando a unidade de España, outros, en cambio, inclinábanse por perigosas fórmulas de repartimento territorial do poder político de claro alcance cantonalista, soberanista e mesmo independentista. Quede claro que a nós non nos foi posible ir máis alá do que expresa o título VIII. Polo tanto, a Constitución non contén propiamente unha distribución do poder autonómico territorial de España, senón que ofrece unha serie de regras para ir negociando o repartimento de competencias.

Pois ben, desde a miña perspectiva de hoxe, e despois da enriquecedora experiencia de gobernar todos estes anos en Galicia, creo que o problema non está tanto no título VIII como na actitude irresponsable e insolidaria dalgunhas forzas nacionalistas. Estas saltan as regras de xogo constitucional ata o punto de rachar o actual consenso para impor unilateralmente, no País Vasco, o que eles chaman “estado libre asociado”, fórmula contida no desafiante Plan Ibarretxe. Xustifican o seu plan soberanista afirmando que con el rematará a violencia asasina de ETA, argumento totalmente falso, pois a realidade do Plan Ibarretxe é moi distinta. O que pretenden os nacionalistas é dinamitar o actual Estado das autonomía e condicionar a capacidade redistributiva do Estado, algo que desde Galicia non podemos aceptar baixo ningún concepto.

Tampouco entendemos, desde Galicia, que o Partido Socialista avale modelos aventureiros que o único que pretenden é minguar ou rachar a solidariedade interterritorial entre os pobos de España. Esta é, e non outra, a pretensión que se agocha baixo o título de “federalismo asimétrico”; un bo avance é o dado polo seu promotor coa súa insolidaria postura sobre o Plan hidrolóxico.

En relación co terrorismo de ETA, penso que o único que cabe facer é actuar legalmente ata erradicalo —e cada vez hai máis consenso internacional sobre este punto—, entre outras cousas, porque o terrorismo é a causa principal que condi-

ciona hoxe calquera proceso de emenda ou reforma constitucional.

Fronte aos que acatan e fan seus modelos alleos, nós defendemos un galeguismo concibido desde Galicia; un modelo definido na Constitución e para nós un modelo válido xa que mestura a garantía da nosa identidade coa defensa da solidariedade territorial. Por iso, non admitimos que nos dean leccións de galeguismo os que apoian irresponsablemente aventuras alleas.

Desde Galicia consideramos, no entanto, que o impulso autonómico si que é necesario. Ao meu modo de ver, este impulso podería concretarse no seu momento arredor de propostas feitas desde Galicia e xa presentadas nesta Cámara, pero feitas imposible precisamente por esas outras actitudes. Refírome á aplicación da Administración única e a outras reformas que posibilitarían unha maior participación das autonomía na política estatal: Conferencia de Presidentes, reforma do Senado e participación das comunidades autónomas na Unión Europea. O freo non está na vontade do Goberno central para levar a cabo estas reformas, senón nas actuacións criminais de bandas terroristas que utilizan a cuestión nacional e a independencia do País Vasco como coartadas políticas dos seus bárbaros crimes e accións.

Estamos na mellor situación de enfrontarnos ao terrorismo. Debémolo vencer co dereito na man, como exemplarmente se está facendo. Refírome ao dereito interno e externo, ao constitucional de España e de Europa, e ao internacional da ONU.

Miremos cara a adiante. O noso futuro pasa pola Constitución, polo Estatuto, polo Estado das autonomía e pola Constitución europea. O camiño presenta dificultades, pero non por iso imos quedar parados. Temos que percorrelo en catro direccións: impulso autonómico; vertebración da unidade europea; cooperación atlántica, tanto co norte coma co sur; e presenza en labores humanitarios e de cooperación solidaria.

Reitero pois, señoras deputadas e señores deputados, que a reforma constitucional é necesaria e que deberá facerse no momento oportuno e desdramatizando o que xa non sería, polo demais, a primeira revisión da Constitución —xa se fixo

unha para darlle o voto, como saben, aos residentes dos países membros da Unión Europea—.

Por suposto, antes que nada deben sopesarse moi ben as reformas. Neste sentido, o obxectivo para avanzar nas modificacións constitucionais consistiría en telas a punto primeiro, para aprobalas despois, cando chegue o seu momento; e cumprindo dúas condicións para min imprescindibles: que as reformas se produzan segundo o previsto na propia Constitución (título X) e que se aborden con idéntico ou maior consenso do que presidiu a elaboración da Constitución de 1978.

Ambas as dúas recolléronse na recente “Declaración de Gredos”, na que tiven a honra de participar; un documento serio, plural e integrador, tanto no espírito coma na letra, formulado polos que tivemos a honra de participar na Ponencia constitucional —e que mantemos as nosas ideas e compromisos vintecinco anos despois— e que algúns, levados pola lixeireza e a politiquería, pretenderon boicotear. Alá cadaquén coas súas actitudes.

Vixencia do Estatuto de autonomía.

Quero lembrar, señorías, que o segundo Estatuto de autonomía de Galicia —o primeiro aprobárase nun plebiscito celebrado no ano 1936, pero as trágicas circunstancias posteriores impediron a súa aplicación— foi debatido na Comisión Constitucional, da que eu formaba parte.

O noso proceso estatutario, que tivo lugar despois do vasco e do catalán, sufriu unha dinámica conflitiva. O chamado “Estatuto dos dezaseis” foi denunciado pola UCD —entón maioritaria— por anticonstitucional, e o mesmo partido presentou o seu proxecto, que pasaría ás Cortes o 28 de xuño de 1979, aniversario do Estatuto do 36. Dous dirixentes, un daquela da Unión do Centro Democrático e o outro do Partido Socialista Obrero Español, Pérez-Llorca e Alfonso Guerra, pactaron rebaixar o teito autonómico galego. Chegaron incluso a introducir no seu proxecto de Estatuto unha fórmula restrictiva, o apartado 4º do artigo 32 —que logo se convertería na famosa disposición transitoria terceira—, que non figuraba no texto elaborado pola Ponencia e que deixaba as nosas competencias permanentemente nas mans das Cortes Xerais.

Tan grave foi a situación que algúns aínda hoxe tratan de esquecer aquilo. Porén, un observador atento e obxectivo

como era Ramón Piñeiro deixouno rexistrado no seu libro *Da miña acordanza*, recentemente publicado. Dinos Piñeiro: “Deuse a circunstancia insólita de que os membros da propia ponencia votaron en contra do texto, pois como dixo un deles, Manuel Fraga Iribarne, non estaban dispostos a aceptar para Galicia un Estatuto de segunda categoría.”

Aquel foi, señoras deputadas e señores deputados, o primeiro intento minimizador da autonomía galega —digo “o primeiro” porque logo houbo outro ao cal o noso partido votou en contra: o da LOHAPA—, e a minoría de Alianza Popular, que eu dirixía, á parte de abandonar a ponencia, como tamén lembra Piñeiro, votou en contra daquela verdadeira aldraxe.

En Galicia produciuse unha reacción xeneralizada contra a aldraxe da maioría dos sectores representativos da sociedade galega, que obrigou a que aquel pacto chafalleiro e centralista non fose adiante. Tan grande era o desatino, que provocou un fenómeno único: o noso Estatuto foi aprobado dúas veces na Comisión Constitucional; primeiro, por unha maioría mínima, e, logo, por unha meirande. Relembro tamén que cando pasou o da LOHAPA —segunda arremetida contra a autonomía galega— os parlamentarios populares votamos en contra.

Recordo todo isto, señorías, sen ningún ánimo de revanchismo, pero si para refrescar a memoria sobre situacións que puideron ter consecuencias irreparables e que a moitos lles interesa esquecer. Grazas ao seu Estatuto, aquel que nós defendemos, Galicia non só participou do Estado das autonomía coa categoría de nacionalidade histórica que lle correspondía, senón que foi o instrumento válido para ir recibindo as posteriores transferencias. Somos, neste momento, xunto con Cataluña, a Comunidade que máis transferencias ten recibido do Estado. Os trasposos a Galicia foron exactamente 139, o que nos converte na segunda autonomía que goza de maior autogoberno.

O Estatuto de 1981 —por certo, rexeitado ata a saciedade polos que agora pretenden aparecer como férreos comisarios das súas competencias— permítenos unha xestión do autogoberno con total e absoluta normalidade, e o seu articulado contempla calquera impulso da autonomía, mesmo unha futura posta en marcha da Administración única. En consecuencia, non vexo necesaria, como propuxo no seu día o

señor portavoz do Grupo dos Socialistas de Galicia, o señor Pérez Touriño, unha reforma do Estatuto. E aproveito para tranquilizar o señor Touriño no sentido de que nin eu nin o meu Goberno estamos esgotados, paralizados e faltos de ideas. Todo o contrario, no que a min respecta, asegúrolle que estou en boa forma e traballando coma sempre; en canto ao meu equipo de conselleiros, non paran de presentarme novos proxectos. E outra cousa: síntome moi honrado con que vostede aprecie e trate de emular a miña primeira etapa á fronte da Xunta. Celebro que non lle interese volver a aquel Goberno tripartito de triste memoria, por certo, presidido por un partido presente na Cámara.

Señoras deputadas e señores deputados, examinarei a continuación algúns obxectivos da nosa acción política. E chegados aquí, teño por forza que facerme unha pregunta: ¿É o galeguismo popular, integrador, reformista, humanista e racional a resposta adecuada aos principais problemas da sociedade galega de hoxe? Debo dicir que si, que ese é o camiño e o futuro, no que penso que tivo razón Ramón Piñeiro —e vólvo citar no décimo aniversario da fundación que tiveron a honra de facer do instituto galego do seu nome—: o galeguismo non pode ser propiedade de ninguén senón unha propiedade de todos os partidos que se consideren galegos —ou penso que o vai ser progresivamente—.

Sentirse e saberse galego transcende os lindes da propia terra nai. Isto é algo que na última década ten chegado a todos os confíns do mundo grazas ao fenómeno da galeguidade, un concepto que vai máis alá da simple presenza dos nosos emigrantes galegos e das súas exemplares institucións no ancho mundo. Disto, e doutras cuestións, ocúpome no meu recente libro: *A emigración: unha ollada dende Galicia*. Nel abordo, como fillo de emigrantes, algúns aspectos da nosa diáspora, hoxe non exenta de crise cos problemas xerais de Suramérica.

Volvendo máis unha vez á autoidentificación, concepto que iguala os galegos de dentro e de fóra, penso que podería definirse como a expresión máis profunda dos nosos sinais de identidade. O home galego, e tamén, por suposto, a muller, que sempre foi a máis importante en Galicia, autoidentifícanse a través do sentimento da terra, da lingua propia, da cultura, das tradicións, do xeito especial de andar polo mundo... Mais agora temos que engadir un novo elemento autoidentificador: as institucións que sustentan a

autonomía; unhas institucións plenamente asumidas, consolidadas e sentidas como súas polo conxunto do pobo galego.

Seguirémonos comprometendo a fondo co proceso de modernización e desenvolvemento. Do que se trata é de avanzar, de popularizar o galeguismo e de galeguizar a modernidade. Imos seguir practicando un galeguismo popular de solucións dentro dunha política aberta e solidaria, nunca sectaria nin excluínle.

A vida pública, señorías, e disto eu teño algunha experiencia —oficialmente a maior do noso país—, debe funcionar ao ritmo do país. A política ten que recoller as virtudes que residen na nosa xente. Cómpre rescatar a cordialidade, a honestidade, o consenso, a unión fronte á adversidade e moitas outras calidades que sempre nos foron propias.

En relación con isto, señoras deputadas e señores deputados, veño observando dun tempo a esta parte que estamos dando unha imaxe que non lle convén a Galicia. ¿Non sería moito mellor debater e disentir, defender cada quen as súas posturas, pero nun clima de cordialidade, de mutua cortesía, evitando as crispacións e os comportamentos histriónicos —ofrecidos hai uns meses, no anterior debate, co resultado que se sabe, cando alguén pensou que tiña unha ocasión para facer as cousas ao seu xeito—? Témonos que convencer de que Galicia e o galeguismo son tarefa de todos os galegos, non parcelas exclusivas de ninguén. Para algúns, aínda hoxe, fóra dos seus postulados todo é submisión ao centralismo, españolismo entreguista, votantes sen criterio, emigrantes comprados ou utilización deturpada e oportunista do galeguismo. E isto non é así, e ben o saben todos no fondo da súa alma.

Reitero que sería bo para Galicia cambiar esta dinámica. Pola miña parte, seguirei traballando con todas as forzas posibles para que os sectores menos concienciados da sociedade galega comproben as vantaxes e beneficios que lles brinda a autonomía, para que a asuman e se integren nela. O resto, os que apostan mimeticamente por outras fórmulas, que, polo seu nome, son soberanismo, autodeterminación, emancipación, etc., aquí, en Galicia, non deixarán de ser o que son: minorías; pois o noso pobo ten manifestado, ao longo de toda a democracia e co seu voto, que non entende nin admite unha Galicia enfrontada e fóra de España. Estes días diversos estudos de opinión o confirman.

Neste sentido, estamos dispostos a establecer unhas mínimas bases de entendemento para traballar unidos, con máis forza, para fomentar unha maior confianza nas institucións e na vida política. Se hoxe a nosa terra transita por sendas de prosperidade e de benestar, e se a cultura galega está en pleno proceso de expansión e creatividade, débese, señorías, sobre todo, á consolidación da autonomía e á acción dun goberno comprometido na súa defensa. O futuro poderá ser máis esperanzador aínda se logramos acordos e proxectos de unidade no marco que establece a Constitución e mais o Estatuto. Para este fin, para traballar unidos polo ben de Galicia, e non para outro, contarán sempre vostedes coa miña man tendida, que algúns rexeitaron.

Galicia e a Constitución europea.

Dicía antes que o noso presente e futuro inmediato pasan pola Constitución, polo Estatuto, polo impulso autonómico e pola Constitución europea. Como saben as súas señorías, acabo de estar en Bruxelas. Na capital da Europa unida tiven ocasión de reunirme co profesor Romano Prodi, vello amigo e actual presidente da Comisión Europea –quen, por certo, ten percorrido en bicicleta boa parte da nosa terra, e prome-teume volver, mesmo me mencionou algunha taberna que eu non coñecía–, e tamén con Michel Barnier, comisario de Política Rexional, que me confirmou, entre outras cousas, que Galicia non se verá afectada polo posible recorte de axudas comunitarias –¡que dúbida cabe de que o importante non é seguir con elas senón superar as condicións, pero no tránsito é importante seguir disfrutando delas–. Polo tanto, non haberá ningún cambio despois do 2006, cando se incorporen á Europa unida os dez novos países. Galicia seguirá sendo rexión obxectivo 1, sempre e cando a nosa renda por habitante teña as actuais características, que esperamos mellorar. Tamén tiven ocasión de recomendarlle ao comisario de Política Rexional que os fondos de cohesión non deberían servir de moeda de cambio nas discusións entre estados sobre a futura Constitución.

Co Presidente do Parlamento Europeo, o irlandés Pat Cox, mantiven unha interesante entrevista na que me informou sobre a extensión do principio de subsidiariedade aos ámbitos rexional e local, para superar o dualismo Europa-estados membros, recoñecido no artigo 1-9.3 do actual Proxecto. Tamén falamos doutras contribucións, como son o respecto á diversidade cultural e lingüística dos estados

membros e algunha outra referencia que mellora o recoñecemento do feito rexional no ámbito europeo. Pat Cox ten pensado visitar Santiago no próximo Ano Santo Xacobeo, á fronte dunha importante delegación da Unión Europea.

Con respecto ao Proxecto de Constitución europea, a miña opinión é que se ben os referidos cambios son positivos, non pode ocultarse que existen cuestións susceptibles de mellora, que afianzarían aínda máis a dimensión rexional e local da Unión Europea. Estas tres cuestións son:

Primeiro. A extensión do ámbito de consulta obrigatoria do Comité das Rexións, para que poida emitir ditames sobre un número maior de materias que inciden directamente sobre as rexións e entidades locais, como poden ser a política agrícola común, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, os servizos de interese xeral, a protección social, etc. –por certo, fun ponente do acordo do Comité das Rexións que aprobou estes puntos hai breve tempo–.

Segundo. A reclamada inserción dunha base xurídica na Constitución para a cooperación interrexional e transfronteiri-za, para que se permita desenvolver e mellorar estas prácticas e incentivar a adaptación das lexislacións nacionais, autorizando a creación e proliferación destes entes transfronteirizos con personalidade xurídica, como está a funcionar, como saben, esencialmente, a comunidade Norte de Portugal-Galicia–.

Terceiro. Unha maior implicación dos parlamentos rexionais –e isto interésalle a esta casa– nos asuntos europeos. A vinculación dos parlamentos rexionais aos mecanismos de cooperación interparlamentaria, fundamentalmente á COSAC (Conferencia de Órganos Especializados en Asuntos Comunitarios), lograríase estendendo ás nosas cámaras o dereito a sermos informados sobre as iniciativas lexislativas e as decisións das institucións europeas.

Quero reiterar o grande interese que sempre tiven en que Galicia estivese presente no Consello de Ministros da Unión, tanto nos grupos de traballo coma no Coreper e nas reunións ministeriais propiamente ditas. Desde o respecto ao principio de lealdade constitucional e institucional, que é unha cuestión fundamental, deberíase estudar a posibilidade que ofrece a nova formación do Consello Lexislativo, en canto ao aumento do número de representantes por Estado.

E –insisto– o noso interese non é outro máis que participar, xunto co Estado español –ao que pertencemos e a moita honra–, nos debates e acordos sobre aquelas materias máis sensibles –como, por exemplo, a pesca– para Galicia.

Por último, exprésolle o meu apoio ao Goberno de España para que se respecten os equilibrios institucionais acadados no Cumio de Niza; equilibrios que non fan máis que reforzar a posición de España no Consello, co fin de poder defender con maiores garantías os intereses de España –entre eles os de Galicia, que, naturalmente, son especialmente importantes– ao máis alto nivel.

Como vostedes poden comprobar, señoras deputadas e señores deputados, seguimos a defender os intereses de Galicia en Europa. Seguiremolo facendo así, os resultados están á vista. Por certo, desde a miña viaxe, un representante da Xunta formará parte da Mesa de Seguimento dos traballos de redacción da Carta Europea, en nome do Comité das Rexións.

Pacto Local.

Nós consideramos Galicia como unha unidade. Nestes anos consolidouse o vencello entre os diferentes territorios do país. A creación dun espazo económico común, a mellora das comunicacións e a superación de vellos localismos converteron a nosa comunidade nunha sociedade autoidentificada e madura. Temos a obriga de elaborar políticas cunha visión unitaria de Galicia, porque todo o que se faga en calquera parte do noso territorio, repercutirá axiña nos outros. Así o fixemos cando iniciamos a nosa política de infraestruturas, cando animamos á unidade ás caixas de aforros do sur ou cando concibimos, defendemos e puxemos en marcha o noso Plan de residuos sólidos urbanos, exemplar en Europa: o Plan Sogama. E así o facemos hoxe, cando, a través do Pacto local, pretendemos un mapa municipal máis racional. E tamén pretendemos máis melloras no financiamento dos concellos. Pretendemos, en definitiva, unhas competencias acordadas coa nosa capacidade e coas necesidades dos cidadáns, sen prexuízo das políticas de desenvolvemento, de equilibrio e de solidariedade interterritorial. A promoción e a defensa das áreas metropolitanas, das mancomunidades e dos consorcios son fórmulas que axudan a brindarlle aos cidadáns máis e mellores servizos –repito– á hora de superar localismos estériles.

Nesta mesma liña enmárcase a Lei de policía de Galicia, actualmente en elaboración;

«Unha lei que conta, desde o principio, coa colaboración dos corpos de seguridade do Estado; unha lei de policía que, lonxe dos modelos de substitución implantados noutras comunidades, respecta o principio de autonomía local consagrado na Constitución e permite un modelo policial no que prime a coordinación, a especialización, a definición de competencias, a estabilidade, a formación dos seus membros e a creación dunha carreira policial única, en beneficio dos cidadáns galegos.

Toda Galicia prospera: feitos e realizacións.

A Thomas Carlyle gustáballe referirse á economía en xeral como “*the dismal science*”, ou sexa, a ciencia lúgubre. Eu sempre considereí, pola contra, que a economía é a ciencia do progreso e da civilización –sen saír, naturalmente, da realidade–. E a economía galega confírmannos neste momento un panorama importante, mesmo luminoso. Tanto é así, señorías, que os analistas coinciden en que vivimos unha etapa de progreso económico e de aumento sostido do emprego sen comparanza na nosa historia contemporánea.

Non se trata, pois, dunha conxuntura pasaxeira. Levamos máis de sete anos consecutivos de ascensos permanentes e xeneralizados, tanto na produción coma no emprego, e a súa magnitude obríganos a denominar esta situación como un novo modelo de desenvolvemento galego. As principais características deste modelo son:

Primeiro. Un despegue industrial sen precedentes. Nos sete últimos anos creáronse 73.500 empregos na industria asentada no país. Isto representa un crecemento do 50,8% respecto ao existente a mediados de 1996, coincidindo coa perfecta sintonía coas políticas económicas do Partido Popular en Galicia e en España, e equivale a un ritmo de crecemento medio anual do 7,3%; cifras que auguran un futuro moi alentador.

O proceso de industrialización, evidenciable sobre todo nos últimos tres anos, contradí outra vez a idea dun goberno paralizado. A realidade é outra: un proceso xeneralizado nas catro provincias, factor de grande importancia para o desenvolvemento vertebrado de Galicia. Baste o dato de que nas

catro provincias o ritmo de crecemento do emprego industrial superou o 7% como media anual. A nosa industria esténdese ao mesmo tempo que conxuga os necesarios procesos de diversificación, tecnificación e reforzo da competitividade. Contamos, ademais, cun amplo abano de empresas exportadoras que operan como base estratéxica para a multiplicación de emprego noutros sectores e para a dinamización urbana e comarcal das zonas de asentamento.

Segundo. Por outra banda, señorías, o sector da construción, obras públicas e vivenda continuou o fortalecemento estimulado polo fomento do capital social e infraestrutural fixo. Nos últimos sete anos aumentou o emprego neste sector en case 30.000 persoas, ou sexa, a un ritmo do 4,2% anual, que é un valor que hai que ter moi en conta.

Terceiro. En canto á pluralidade das actividades agrupadas no sector servizos, o número de postos de traballo creados, durante a etapa expansiva que estamos a amentar, foi de 164.300, o que supón un aumento da terceira parte do número de persoas empregadas.

Se temos en conta o ritmo de crecemento anual medio do 5,1%, podemos dicir que hoxe a sanidade, a educación, o transporte, os servizos financeiros, o comercio, a hostalería, o turismo –temos hoxe, probablemente, a que é hoxe a mellor escola superior de turismo de España– e os demais sectores ofrécennos unha boa cantidade de actividades modernas e cualificadas. Engadiremos, ademais, que a xeración de empregos na industria, na construción e nos servizos foi, no último septenio, de 266.000 postos de traballo, cunha media anual de 38.000 empregos e cun ritmo de crecemento do 5,4%. Estes datos, señorías, son significativos dun proceso de desenvolvemento que, afortunadamente, non dá signos de inflexión, e así, nos dous primeiros trimestres deste ano 2003, o emprego non primario aumentou en 22.400 persoas.

A intensidade do noso modelo de crecemento foi tan ampla e sostida que compensou os excedentes laborais da nosa base primaria: os da agricultura e da pesca. Sabido é que o progreso no campo supón a necesidade de descenso do emprego asociada á reestruturación produtiva: a concentración parcelaria, o aumento do tamaño das explotacións, a mecanización –eu coñecín unha Galicia onde habería en todo o país catro tractores– e novas formas de comercialización e xestión. O mesmo sucede en certos sectores pesquei-

ros, aínda que cada un deles teña as súas propias características. Esta redución ocupacional na agricultura e na pesca non só é un elemento inevitable da modernización, aínda máis, o mellor modo de cumprir coas lexítimas aspiracións dos agricultores e dos sectores pesqueiros máis ilustrados.

Pois ben, señorías, nestes anos ten sido posible absorber todos os excedentes laborais da agricultura e da pesca, xa que os demais sectores económicos crearon máis emprego que os cesamentos de actividade no sector primario, no cal empeza a introducirse a inmigración. A diferenza favorable foi de 164.300 persoas, que é a cifra de aumento total de emprego en Galicia durante os últimos sete anos, cunha taxa anual do 2,5%, valor que todos os expertos recoñecen como moi alto.

Outra das repercusións positivas do noso dinamismo é, naturalmente, o descenso do paro. Desde 1996, o paro en Galicia reduciuse en 72.000 persoas; así mesmo, constátase un crecemento de poboación con vontade de traballar de 100.000 persoas. Esta capacidade para atender o aumento das demandas laborais e darlle satisfacción ao cambio estrutural das ocupacións é verdadeiramente inédita na nosa historia. A propia natureza do paro estatístico mudou; os seus compoñentes fundamentais non son persoas que perderan o seu emprego, senón moitas persoas con vontade ou esperanza de traballar; homes, e particularmente mulleres, que, froito do crecemento económico, teñen hoxe máis fácil atopar un emprego; de aí o forte aumento da poboación activa, ou sexa, dos que procuran incorporarse ao traballo. E, aínda máis, encontrámonos cun aumento do emprego e con cifras récord de afiliación á Seguridade Social, dato para min fundamental. Pasamos de 760.766 afiliados en 1996 a 945.748 –que é unha cifra realmente importante– no primeiro trimestre deste ano. É dicir, estamos creando un emprego de mellor calidade e contribuíndo ao futuro sostemento da Seguridade Social. Este dinamismo do noso tecido económico está logrando un grao de autoconfianza que permitirá propoñer nos próximos anos o obxectivo do pleno emprego para unha poboación que, afortunadamente, cada vez desexa con máis intensidade incorporarse ao mundo do traballo.

Como resultado das melloras económicas xeneralizadas, señorías, o volume total de ocupados en Galicia no segundo trimestre do ano en que estamos supera o millón de persoas: son exactamente 1.106.300 persoas, segundo as cifras do

Instituto Nacional de Estadística. Por outra banda, ademais deste cambio cuantitativo produciuse un cambio de composición estrutural, unha variación cualitativa decisiva: hoxe, o emprego do sector primario supón o 12% do total, mentres que o do resto dos sectores produtivos ascende ao 88%. Estas realidades supoñen, señoras deputadas e señores deputados, un fortalecemento –repito– do noso sistema da Seguridade Social sen precedentes. Superar o millón de asegurados, e facelo sobre bases de cotización cada vez maiores, é a mellor garantía para o benestar social. Se atendemos á renda bruta por habitante, pasamos de 6.706 euros en 1995 a 8.355 euros no 2000; datos que permiten asentar unhas bases produtivas, modernas e competitivas.

Todos sabemos que a solidariedade e a asistencia social non é posible sen antes crear riqueza. Benjamin Franklin deixou dito que: “Cómpre aforrar para cando cheguen a vellez e a necesidade, porque o sol da mañá non dura todo o día”. Polo tanto, a prosperidade de agora é a mellor garantía do futuro para a nosa Galicia.

Outra das repercusións do actual proceso de crecemento foi o cambio de sentido dos movementos migratorios. De sermos, tradicionalmente, un país emigrante –ben o sei eu–, Galicia pasou a recibir 194.000 inmigrantes no período 1992-2001. Polo que respecta ao regreso de emigrantes e dos seus fillos, o Instituto Galego de Estadística cifra en 38.277 os retornados durante os últimos cinco anos. Só no 2002 o número de retornados a Galicia ascendeu a 10.054, cifra que supón o 19,32% do total que recibiu España, que foron 52.006 persoas. A consecuencia que podemos tirar destes datos, sen triunfalismos de ningún tipo, é que atravesamos unha era de relativa prosperidade, unha etapa de despegue económico nunhas condicións nada fáciles, algo que a fai máis meritória –é obvio cal é a conxuntura neste momento no mundo–. Tamén hai que dicir que tivemos que afrontar uns cambios importantes: a supresión da peseta, a implantación do euro e a atribución ao Banco Central Europeo da política monetaria.

Moitos pensaban que a supresión das barreiras monetarias sería un factor desequilibrante, de agudización da brecha con Europa, e, non obstante, a sociedade galega soubo responder ao desafío. Galicia está demostrando a súa capacidade económica, tanto en España coma no resto de Europa. Somos competitivos na Europa da unión monetaria. Por

certo, o mellor índice é naturalmente o relativo ás exportacións e ás importacións, onde os datos son tamén reveladores: en 1989 o volume das nosas exportacións era de 1.468 millóns de euros, e as importacións ascendían a 2.109 millóns de euros, case o dobre; trece anos despois, no 2002, as exportacións chegaban aos 9.496 millóns de euros e as importacións a 9.015 millóns de euros. Con cifras moito máis altas, neste momento temos unha balanza comercial e positiva. Isto demostra unha competitividade que nos permitirá converxer con Europa. Así, entre os anos 1995 e 2000, Galicia acurtou en cinco puntos a distancia do seu PIB coa media europea en termos de paridade e de poder de compra. Por outra banda, os galegos enfrontamos o reto da moeda común con resultados óptimos, pois a nosa Comunidade seguiu creando emprego e medrando por riba da media europea; e, con respecto ao conxunto de España, tamén seguimos unha traxectoria paralela, cando non converxente.

Os acontecementos dos últimos tempos confirman que as visións dos que nos cualificaban como un pobo atrasado e incapaz de competir nos foros mundiais se non era blindado con escudos protectores eran erróneas. Persoalmente, nunca entendín aquelas análises. Trato de ser optimista e sinto un grande orgullo polo noso, pola capacidade das nosas xentes e empresas, pola nosa forza laboral e empresarial, pola nosa constancia e polo noso sacrificio, polo noso sentido previsor da vida, pola nosa seriedade e eficiencia no traballo. Por outra banda, Galicia ten un gran activo na política económica estatal e conta cun particular apoio do actual Goberno español. Xa falei dos seus froitos: a nosa traxectoria de crecemento no económico, de estabilidade no social e de equilibrio no orzamentario.

As súas señorías coñecen os efectos beneficiosos sobre a economía dunha política de estabilidade orzamentaria, pero tamén son sabedoras de que a prevención ocasional do déficit pode ser excepcionalmente conveniente se é con carácter transitorio, motivada por unha situación conxuntural moi específica, e con vontade de restablecer a situación previa de equilibrio. Isto é, como xa explicou o conselleiro de Economía ao presentar os proxectos de orzamento neste Parlamento, o que imos facer no próximo exercicio cun modesto programa de endebedamento de 38,9 millóns de euros, que na súa práctica totalidade financiarán os investimentos en infraestruturas na Costa da Morte, de acordo coa programación determinada no Plan de dinamización de Galicia. Unha

vez máis, estamos a actuar con sensatez, sentido común e sensibilidade, dando unha resposta axeitada á prioridade de reparar o impacto negativo do mal chamado *Prestige*.

O Plan Galicia. Proxectos e realizacións.

Señorías, paso a referirme agora á situación actual de Galicia en relación co desastre do *Prestige*.

Nos momentos inmediatamente posteriores a esta catástrofe, moitos pensaron que aquela desgraza motivaría un importante retroceso na marcha económica e política do país –e non faltaban razóns para preocuparse seriamente, pero habería que actuar con boa fe en relación a elas–.

A nosa pesca e o noso marisqueo, xunto coa cadea de actividades derivadas, o turismo, o medio ambiente e incluso a propia imaxe colectiva de Galicia, puideron resultar gravemente prexudicados. Non obstante, como todo o mundo reconece hoxe, funcionaron exemplarmente os colectivos de mariñeiros e mariscadoras, mobilizáronse as institucións locais, autonómicas e estatais, e destacou, sobre todo, un potencial de solidariedade e simpatía co noso país, coas nosas xentes e as nosas costas, verdadeiramente impensable. Á gran catástrofe seguiuulle unha gran resposta. Os afectados foron compensados –nunca o foran previamente–, o litoral encóntrase nun avanzado proceso de recuperación e xa se está abordando con bos resultados –por certo, nunca se fixo nada a esas profundidades– a fase de extracción do cru que aínda permanece no famoso pecio do buque afundido.

A colaboración do Goberno nacional foi decisiva, e aproveitou para reiterar, unha vez máis, que a maioría das competencias nesa materia son exclusivas do Estado; canto ao Goberno de José María Aznar, non só prometeu –como fixeron outros en semellantes situacións–, senón que tamén cumpriu as súas promesas.

Indubidablemente, señorías, unha catástrofe desta magnitude deixa sempre fondas feridas sociais e medioambientais, pero no camiño dunha total reparación téñense tomado, e séguense a tomar, moitas e moi diversas medidas. E se Deus quere, sen ánimo ningún de dar carpetazo ás súas posibles consecuencias, a crise do *Prestige* –por aquilo de que non hai mal que por ben non veña– serviranos para seguir facendo desde Galicia, desde Madrid e desde Bruxelas, pro-

postas que obriguen a incrementar a seguridade na navegación marítima internacional. Moito máis grave tería sido que aquela crise afectara negativamente á marcha xeral da nosa economía; afortunadamente, non foi así, aínda que –todo hai que dicilo– algúns dos que se apresuraron a rendibilizar a desgraza para desestabilizar politicamente o Goberno seguen a negar hoxe a evidencia e o acerto das solucións e das medidas tomadas. Tan grande é o seu rancor e desprezo polo pobo galego e polas súas decisións democráticas que ata falan de afundir outro *Prestige* para acabaren coa Xunta e co Goberno de Madrid. Polo de agora non, parece fácil.

A diferenza entre responsabilidade e oportunismo viuse con claridade nos días que seguiron á catástrofe do *Prestige*: mentres uns traballaban arreo para paliar os danos e poñer en marcha a maquinaria administrativa que permitira axudar decontado aos prexudicados, outros só pensaban en como sacar proveito da traxedia; mentres uns se esforzaban por manter unido o país, outros fomentaban irresponsablemente a división, algo que o están pagando xa entre eles mesmos.

A crise superouse grazas ao grande espírito cívico que demostrou o noso pobo. A unidade, a solidariedade e a forza que mostraron os galegos e os voluntarios que viñeron axudar faíame sentir orgulloso e honrado de servir a Galicia e a España. Lonxe quedaron os tópicos que describían a nosa xente sumida nun perpetuo fatalismo; Galicia púxose en pé, malia a desgraza que veu de fóra e os intentos destrutores que practicou unha minoría desde dentro.

Máis alá das opinións dos agoireiros de sempre, o futuro presentáenos esperanzador. O marco da política económica española segue a ser favorable a Galicia, tanto no seu aspecto microeconómico xeral coma na súa vertente presupostaria específica, por unha parte; e, pola outra, o Goberno da Xunta, que me honro en presidir, tampouco esquece, señorías, as necesidades pendentes daqueles sectores de poboación cun dinamismo xeral non favorable. O noso equipo é plenamente consciente –eu o primeiro– de que todo proceso de desenvolvemento supón desequilibrios e de que xunto á distribución por mérito existen tamén as desigualdades; polo tanto, o noso obxectivo principal seguirá sendo o de compatibilizar crecemento económico e solidariedade social.

O Plan Galicia e o Plan de dinamización económica de Galicia son unha mesma cousa e responden á posta en mar-

cha dunha nova política económica que, partindo do Pedega, poña a énfase nos aspectos que teñen maiores efectos multiplicadores sobre o crecemento económico. En consecuencia, é unha actuación política que persegue dous obxectivos concretos: situar o PIB *per capita* no 90% da media española e no 80% da media da Unión Europea no horizonte do 2015, e xerar emprego neto e situar a taxa de paro arredor do 5%, coa ollada posta na mesma data. Certamente, trátase de obxectivos ambiciosos do Plan Galicia, unha realidade articulada sobre tres piares intermedios: o incremento do capital produtivo público, o incremento do capital produtivo privado e o fomento do capital tecnolóxico.

Estes obxectivos complementáanse coa mellora da cualificación do capital humano, xa plasmada no Pedega –que segue totalmente en vigor–, así como coa continua mellora das políticas sociais e, en consecuencia, do benestar colectivo.

Permítanme, señoras e señores deputados, que saliente uns datos:

O incremento do investimento público nun 10% vai aumentar o investimento produtivo nun 4,1 % a curto prazo e nun 7,7 % a longo prazo; é dicir, o investimento público vai xerar o 77% de efecto adicional sobre o crecemento económico. As axudas ao investimento produtivo do sector privado suporán que por cada 10% de redución do custo de capital para as empresas se incremente nun 5,5% o investimento privado.

Estes importantes efectos multiplicadores aplicaríanse ao 95% do gasto adicional contemplado no Plan de dinamización económica e a máis do 80% dos recollidos polo Estado no Plan Galicia; é dicir, case 6.000 millóns de euros entre os dous. É fácil pois, calcular o impacto diferencial do Plan Galicia sobre o PIB galego, que podemos resumir nos seguintes datos:

Primeiro. O investimento público, como consecuencia da posta en marcha do Plan Galicia, vai subir un 40% de media durante os primeiros anos de execución do Plan.

Segundo. Como consecuencia do anterior, o crecemento do capital produtivo privado vaise triplicar e acadará taxas próximas ao 10%, fronte a pouco máis do 3% na última década.

Terceiro. O efecto conxunto destas taxas de crecemento sobre o PIB permiten establecer importantes diferenciais, de ata 0,9 puntos porcentuais sobre España e 1,8 puntos sobre a Unión Europea, nos anos de maior investimento.

Isto permitirá que Galicia poida situarse no 83% de PIB por habitante da Unión Europea e no 91% da media española, no ano 2015. Compáren co que era isto hai quince anos.

Con relación ao mercado de traballo, señorías, os efectos do Plan Galicia son, así mesmo, importantes: a poboación activa incrementará o seu ritmo de crecemento desde o 0,3% da última década a unha media do 1,5%, chegándose a acadar unha taxa de actividade do 60%, e a poboación ocupada crecerá ata alcanzar unha media do 2,5%. En consecuencia, a taxa de paro irase reducindo progresivamente ata niveis próximos ao 5% en 2015, taxa que se considera, como saben, “friccional” ou de pleno emprego –que é posible nesta realidade económica e social–.

Estes resultados non son froito de exercicios especulativos ou demagóxicos, son froito das técnicas estatísticas rigorosas, preditas a través do modelo Século XXI, e esperamos que o tempo acabe dándonos a razón.

Señorías, claro é que falamos de futuro, algo sempre incerto, pero tentamos facelo con seriedade, con obxectividade; iso é falar do estado da autonomía. Facémolo, ademais, coa mesma seriedade coa que afirmamos que no presente exercicio, o ano 2003, a economía galega vai superar os negros augurios dalgúns e vai presentar un crecemento do 2,3%, en liña coa media española e moi por riba da media europea. Sen o Plan Galicia, o crecemento sería só do 1,3%. Novamente se demostra que a estratexia válida é a de traballar e definir políticas sobre a base do coñecemento, e non lanzar mensaxes de pesimismo nun momento no que a concordia institucional debería primar sobre calquera outra cousa.

No campo laboral, o Goberno da Xunta seguirá buscando maiores niveis de emprego estable e unha incorporación equitativa da muller ao traballo. Nesta materia, permítanme apuntar que o nivel de contratos indefinidos subscritos aumentou 3,6 puntos durante o último exercicio. E, en canto ao emprego feminino, é salientable que este crecese en termos absolutos e relativos. Nos últimos sete anos o emprego

dos homes fóra do sector primario creceu nun 25%, mentres que o das mulleres chegou ao dobre, un 51,4%; niveis semellantes poden apreciarse no aumento total do emprego.

Señorías, a tarefa de manter unha traxectoria de desenvolvemento económico e social en Galicia é un proxecto común á sociedade e ás institucións. O Goberno da Xunta seguirá traballando arreo para apoiar os axentes emprendedores alí onde sexa necesario: en Galicia, no resto de España, en Europa, en Latinoamérica ou no mundo enteiro; sabemos moi ben que con traballo e dedicación todo é posible.

Paso agora, señorías, a informar sobre dous proxectos concretos, o Plan de infraestruturas e o Xacobeo 2004, aos que quero referirme explicitamente pola súa importancia, transcendencia e inmediatez.

Infraestruturas. En outubro do ano 2001 aprobouse un ambicioso Plan director de infraestruturas que recolle as actuacións necesarias para contemplar o proceso de modernización e converxencia do noso país no horizonte de 2010; agora ben, a traxedia do *Prestige* motivou un maior compromiso por parte da Administración estatal, que se materializou no Plan Galicia, un plan que supón un reforzo das previsións do Plan director de infraestruturas a través da incorporación de novas actuacións e do adianto dos prazos noutras xa programadas, como acabamos de mencionar.

En materia de estradas, señorías, e no que atinxe ás actuacións da Administración do Estado, Galicia vai contar con 369,5 quilómetros máis de autovías; incorporaranse tres novas autovías (Pontevedra-A-52, Chantada-Monforte e Vigo-Porriño) e acurtaranse os prazos das autovías Lugo-Ourense, Santiago-Lugo e a autovía do Cantábrico; nestas tres xa foron licitados e están en fase de redacción os proxectos de construción de once dos catorce tramos galegos das autovías... Isto foi escrito antes da última visita ao tramo –o primeiro dentro do territorio galego– Ribadeo-Barreiros. Canto ás autovías que unirán Lugo con Ourense e Santiago, remitiráselle este ano os expedientes ao Ministerio de Medio Ambiente para a apreciación e declaración do impacto ambiental. Na rede de estradas autonómicas, o Plan Galicia inclúe 137,5 quilómetros en sete novas actuacións e a posta en servizo por doutras 22 recollidas no PDI, que supoñen 445 quilómetros.

En definitiva, señorías, o Plan Galicia implica un investimento común, entre a Xunta e o Ministerio de Fomento, de máis de 2.407 millóns de euros, o que supón incrementar nun 35% máis o volume de investimentos inicialmente previsto no PDI 2001-2010. Aproveito para reiterar que o Plan Galicia non é unha abstracción, é un plan concreto, con contidos e con accións presupostadas, con todas as súas actuacións xa en marcha, o que permitirá garantir o cumprimento dos prazos comprometidos.

Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, non quero deixar pasar a oportunidade de referirme a outras actuacións de notable importancia para a mellora da nosa rede de estradas, como é o caso dos avances rexistrados na autoestrada Santiago-Ourense. Tras a posta en servizo do tramo Santiago-Silleda, a finais deste ano, estará listo o treito Silleda-Lalín e queda para os primeiros meses do 2004 o remate das obras entre Lalín e Dozón.

Está xa en marcha, señoras deputadas e señores deputados, un proxecto que dotará Galicia con 612 novos quilómetros de autovías e autoestradas, 327 novos quilómetros doutras vías de alta capacidade e 50 quilómetros máis das moi importantes variantes de poboación, dado o aumento das zonas metropolitanas.

A promoción do transporte público colectivo e o fomento dos medios máis respectuosos co medio ambiente son dous dos nosos principais eixos de actuación. Unha boa mostra desta política, señorías, é o noso compromiso coa modernización do ferrocarril; xa non é falar por falar, son realidades. Como é sabido, xa contamos cun programa de investimentos conxuntos entre a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e RENFE, adicado a transformar de xeito radical os nosos camiños de ferro –certamente obsoletos hai pouco tempo– a abrir Galicia á alta velocidade e á renovación da rede convencional.

O esforzo que supón o Plan Galicia –por certo, tan criticado polos que nin sequera se preocuparon de coñecer o seu alcance e financiamento– ten no eido ferroviario un dos seus fíos máis senlleiros. A garantía de contar coa alta velocidade –que foi a gran novidade nestes últimos meses– no tramo Lubián-Ourense –todo isto entre túneles– permitirá que as sete principais cidades galegas se sitúen a menos de tres horas de Madrid no horizonte do 2010. Os novos tramos

facilitarán a conexión por alta velocidade entre estas sete cidades nunha media de trinta minutos. Todo isto sen esquecer a conexión directa co norte de España a través do AVE Transcantábrico e a existencia de dúas saídas cara á meseta, grazas ao novo tramo Ponferrada-Monforte; para todo isto existe un investimento adicional de 4.936 millóns de euros.

Galicia contará, por fin, cunhas comunicacións por ferrocarril propias deste século, que abranguerán unha conexión interior, a través do AVE do Eixo Atlántico e outros tramos internos; unha conexión estatal, con dúas vías de acceso á meseta e unha conexión directa co norte de España; e unha conexión internacional, con Portugal a través da prolongación do AVE Eixo Atlántico e con Francia a través do AVE Transcantábrico. Esta impresionante transformación, señoras deputadas e señores deputados, implicará –sen dúbida ningunha– un cambio a mellor nos nosos hábitos de transporte.

Son xa dous os tramos do AVE do Eixo Atlántico rematados, Santiago-Berdía e Oroso-Ordes, que representan un 6,76% do conxunto da actuación. En execución atópase o 35,7%, en redacción de proxecto, o 10,77%; e o 46,85% está pendente da declaración de impacto ambiental. Seguindo esta evolución positiva, no 2007 completárase definitivamente unha infraestrutura que permitirá desprazarse desde Vigo ata A Coruña en só corenta e nove minutos.

Os avances en alta velocidade non poden facernos esquecer o importantísimo traballo que se está realizando na mellora e renovación da rede interior convencional. Este ano rematouse a mellora integral dos tramos Sarria-Lugo, Ferrol-Betanzos-A Coruña, Arbo-Salvaterra e o triángulo de Guillarei, atópase en fase de execución o tramo Parga-Curtis e proximamente estara o treito Lugo-Parga. Isto significa que o grao de execución das actuacións alcanza practicamente o 80% desde decembro de 2000 ata setembro de 2003.

Estas non son, señorías, boas palabras e promesas, son realizacións concretas e tanxibles, rematadas ou en marcha. Están fixados xa tamén os adiantos dos prazos de execución previstos dunhas infraestruturas que propiciarán unha auténtica renovación no noso país. Estes proxectos e realizacións serán a mellor garantía para o futuro desenvolvemento económico e social da nosa terra.

Xacobeo 2004. O turismo consolidouse xa como un dos grandes motores económicos de Galicia, pois xera o 10% do produto interior bruto da Comunidade e o 12% do emprego. A puxanza do sector apréciase cando contrastamos os datos referentes aos últimos anos. Así, no pasado 2002 recibíronse algo máis de catro millóns de visitantes e, coa ollada posta no Xacobeo 2004, agardamos que a finais do 2003 pasaran arredor de catro millóns de turistas por Galicia e deixen uns ingresos superiores a 2.500 millóns de euros.

Ao longo deste ano, señorías, estamos facendo un esforzo especial en materia de promoción turística. Neste senso, xa se puxeron en marcha diversas campañas de publicidade no ámbito nacional e internacional –hoxe estamos en París– en colaboración con Turespaña, o que supón un investimento global de 12 millóns de euros. Nestas campañas estase facendo un especial fincapé na recuperación do litoral galego e tamén na promoción do Xacobeo como cita fundamental para o turismo no ano 2004; iniciativas que se combinan, por outra banda, coa organización de visitas a Galicia para xornalistas, operadores turísticos, axentes de viaxes e outros colectivos especializados, que coñecerán *in situ* a nosa oferta.

Os excelentes resultados acadados co Xacobeo 99 son o mellor exemplo para a celebración do ano santo compostelán de 2004 –por certo, recordo unha frase nesta Cámara que non esqueceréi nunca, vello ministro de turismo como fun e autor de algo que ten que ver coas posibilidades recentes da España modernizada: “Vostedes o único que saben facer son xacobeos”; ogallá outros souberan facelo tan ben–. Será outra gran celebración xacobeá que, ao longo de todo o ano, ofrecerá a todo tipo de públicos espectáculos lúdico-culturais, grandes eventos e congresos, festivais de música, exposicións, competicións deportivas, literatura, teatro, danza, cine, audiovisual e unha longa serie de actividades relacionadas cos milenarios camiños de peregrinación a Santiago de Compostela, en torno aos cales se fixo a unidade da Europa cristiá, e con Galicia.

Por parte da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo, está prevista a organización de máis de 3.000 actos abertos á participación de todos os cidadáns e dos millóns de visitantes e peregrinos que cheguen a Galicia e a Santiago de Compostela durante o próximo ano. O grande obxectivo do Xacobeo 2004 –primeiro do século e do mile-

nio— é a difusión e promoción das diversas rutas de peregrinación a Santiago para unha maior pervivencia do fenómeno xacobeo; ao mesmo tempo, os visitantes recibirán unha completa información sobre a cultura, o patrimonio, as tradicións e a gastronomía de Galicia.

En canto á infraestrutura hoteleira, Galicia mantén unha tendencia ao crecemento. Todas as previsións indican que no Xacobeo 2004 abrirán polo menos sete novos establecementos de alta capacidade, o que suporá un investimento de máis de seis millóns de euros. Ademais, outros 21 establecementos mellorarán as súas instalacións, cun investimento próximo aos 7.200.000 euros (a oferta xa máis importante da cornixa cantábrica).

O turismo termal é outra das opcións interesantes do actual momento, no que xa contamos con 19 balnearios e 2.153 prazas. Para o ano 2004 está previsto investir máis de 9.600.000 euros, destinados a mellorar e ampliar as instalacións existentes. Entre as actuacións máis importantes, podemos sinalar os balnearios de Guitiriz e o Río Pambre —xa en funcionamento—, o complexo Talaso Atlántico —que xa abriu as súas portas— e os balnearios de Berán e Cortegada —coas obras xa iniciadas—; hoxe volvemos ser unha potencia en turismo termal.

En materia de turismo rural —que é a gran novidade nos últimos tempos—, tan axeitado para o desenvolvemento da nosa Galicia do campo, a nosa comunidade superou xa a cifra de 400 casas en funcionamento, e está prevista a apertura no 2004 de 29 novos establecementos, que achegarán algo máis de 200 prazas, o que suporá un investimento de 8.400.000 euros. Outros segmentos nos que xa se está traballando intensivamente son o golf e a náutica, ambos os dous con grandes posibilidades de desenvolvemento no futuro. Todo este esforzo, señorías, será incrementado no 2004 cun investimento global de 36 millóns de euros, o que leva consigo un aumento de 400 prazas máis de aloxamento e a creación de cen novos postos de traballos directos.

O Xacobeo 2004, primeiro ano santo compostelán do século e do milenio —repito—, será un proxecto común que implique a todos os departamentos da Xunta. Ao mesmo tempo, contaremos coa estreita colaboración do Goberno nacional, as deputacións provinciais, os concellos, as comunidades autónomas que atravesan o Camiño francés —o prin-

cipal dos sete— e as outras vías de peregrinación, e coa de numerosas institucións públicas e privadas.

O Xacobeo 2004 abórdase desde o máis absoluto respecto á espiritualidade e ao compoñente relixioso que representa a peregrinaxe a Compostela, e a Xunta de Galicia mantén, en todo momento, unha estreita colaboración coa Igrexa compostelá. En canto á mellora e sinalización das rutas, lévase investido máis de cinco millóns de euros. Nos tramos galegos dos diversos camiños, pasouse dos 41 albergues que existían en 1999 a 52 na actualidade. Os refuxios e albergues existentes ofrecen máis de 2.800 prazas e está prevista a apertura de tres novos en Lalín, Vedra e Portas durante o presente ano. Tamén están en marcha as xestións para a construción de novos aloxamentos xacobeos en Muxía, Abadín, Friol, A Fonsagrada, Palas de Rei, Abegondo, Ordes e Mazaricos.

O Goberno da Xunta destinará, señoras deputadas e señores deputados, unha parte importante do investimento do Xacobeo 2004 á recuperación e posta en valor de edificios e obras de arte do marabilloso patrimonio cultural galego. Este magno evento contará, por outra banda, co apoio de institucións e empresas privadas que patrocinarán aspectos e actividades concretas. Polo de agora, xa están subscritos convenios con Gadisa, Iberia, Pascual, Mahou, Begano, El Corte Inglés e Globalia, empresas ás que se engadirán outras moitas que manifestaron o seu interese en participar.

Galicia enteira beneficiarase do Xacobeo 2004 e, polo tanto, a programación terá moi en conta todas as cidades galegas e vilas significativas. Segundo as sondaxes, está previsto que durante o ano 2004 acudan a Galicia máis de seis millóns de visitantes —só a Santiago calculamos que chegarán uns doce millóns de persoas—, e esta masiva afluencia ao longo de todo o ano 2004 suporá, aproximadamente, uns ingresos equivalentes a 4.000 millóns de euros.

Políticas sectoriais para o futuro.

Deseguido, pasarei a referir moi brevemente algúns aspectos das nosas políticas sectoriais e novos proxectos. Se as súas señorías —como é natural— teñen interese especial en ser informados sobre algún tema concreto que eu, por razóns de limitación do tempo —non que sexan regulamentarias grazas á benevolencia do señor presidente, pero que, natural-

mente, están na natureza das cousas—, non poida abordar ou ampliar neste discurso, recoméndolles que consulten os once tomos, con máis de 2.000 páxinas, que recibirán a través dos grupos parlamentarios todas as señoras deputadas e señores deputados, onde se detallan e pormenorizan todas as realizacións e proxectos do Goberno da Xunta. Farei un breve resumo das principais:

Desenvolvemento sostible. O avance experimentado no terreo económico e social debe levar aparelado un avance na protección do medio ambiente. O obxectivo de mellorar o benestar e a calidade de vida dos galegos implica un uso prudente dos nosos recursos naturais e a protección dos nosos ecosistemas, porque temos que conservar unha herdanza marabillosa que recibimos da natureza e dos nosos antecesores. Estamos a traballar, señorías, para sentar as bases que permitan unha prosperidade económica sostible e un desenvolvemento do social equilibrado a longo prazo, que sexa o resultado dun crecente rendemento ecolóxico por parte das empresas, así como da asunción de modelos de uso cada vez máis respectuosos co medio ambiente por parte da sociedade.

A nova orientación da nosa política medioambiental obedece a un enfoque estratéxico e innovador que combina unha gama completa de instrumentos e medidas destinados a conseguir a concienciación e o imprescindible traballo en común entre a Administración, as empresas e os cidadáns. Quero destacar, señorías, a posta en marcha dun proxecto que se pretende fomentar o concepto de empresa sostible entre as Peme galegas, así como o lanzamento dunha nova liña de axudas destinadas a apoiar os investimentos empresariais encamiñados a protexer o medio ambiente.

Está xa moi avanzado, señorías, o Proxecto da lei de montes de Galicia e avánzase na preparación de novos instrumentos de ordenación de usos en terreos forestais, con incidencia nas zonas queimadas ou de alto índice de incendios, que regule o aproveitamento de pastos nos montes galegos. Estas accións van, por suposto, complementadas co fortalecemento dos plans destinados a previr e paliar as consecuencias dos incendios forestais, sobre os que se logrou xa un control máis que notable —neste ano terrible, onde no veciño país irmán de Portugal ardeu o 5% non da masa forestal senón do territorio, nós queimamos menos que o ano pasado, e teño que dicir que este esforzo, que anunciei ao

comezo da miña xestión, é un dos que me teñen máis satisfeito—.

Neste mesmo senso, cabe informar sobre a creación dunha unidade da Policía autonómica adicada exclusivamente á investigación dos incendios forestais, así como a designación de catro fiscais especializados no tema, un por provincia; servizos moi necesarios dada a intencionalidade da maior parte dos lumes.

No eido da xestión de residuos, a nosa actuación está marcada pola consolidación da programación prevista para os distintos programas e plans de acción que integran a estratexia galega de xestión de residuos, que nos colocou na vangarda europea no que atinxe á recollida e valoración dos fluxos prioritarios de residuos.

Quero referirme tamén á protección da biodiversidade e dos hábitats, da flora e fauna, que estes sustentan, en plena conxunción co uso sostible destes espazos, tanto por parte da poboación como do público visitante; tamén ás 370.000 hectáreas que conforman a actual proposta galega para a Rede Natura 2000, que gozan xa dun instrumento de protección específico, aínda anticipándonos á súa declaración por parte da Comisión Europea.

A xuventude e o futuro da nosa lingua. A Cidade da Cultura.

Se ben é certo que a realización persoal e o benestar individual son obxectivos básicos para o home do noso tempo, un sector tan importante da poboación como é a xuventude reclama hoxe unha clase de valores máis relacionados coa solidariedade e co medio ambiente natural. A xuventude galega presenta hoxe un maior grao de conciencia cara ás particularidades culturais e socioeconómicas da súa terra. Os mozos e as mozas do século XXI queren saber de onde veñen e cara a onde van, e nós debemos de facilitarlles as respostas. As actitudes críticas e as inquedanzas dos mozos do noso tempo deben servírnos de contraste para as nosas actuacións; non nos doen, senón que nos estimulan. Debemos de aproveitar a forza da xuventude para unha maior promoción do galeguismo, da lingua e da literatura propia, da cultura e do deporte; só así a nosa mocidade poderá desenvolver as súas actividades en liberdade e cara ao país.

Desde as institucións, temos a obriga de recoller e analizar calquera proposta de participación, de actividade e de creatividade xuvenil, pois sabido é que na mocidade está o futuro. A marabillosa xuventude galega reclama da sociedade da información e do coñecemento maior integración laboral, novas políticas medioambientais e culturais, o acceso a unha vivenda digna e outras iniciativas relacionadas co voluntariado e a solidariedade.

No común camiño dunha maior promoción da mocidade, apelo, unha vez máis, á colaboración dos grupos representados nesta Cámara, para a elaboración conxunta dun gran proxecto galego de apoio á xuventude que empece por respectala —“*Maxima debetur puero reverentia*”, dicía un clásico romano—, xa que hai que ter en conta que algúns ás veces utilizan instrumentos para servirse dela e non para servila.

A lingua galega é, nesta altura do século XXI, un vehículo de comunicación vivo, útil e válido en calquera situación. Xa teño afirmado —e fágoo unha vez máis— que o idioma galego nos pertence a todos por igual. Polo tanto, que ninguén utilice a milenaria lingua propia de Galicia en beneficio seu, como exclusividade dunha ideoloxía ou dun grupo político; a nosa lingua é patrimonio de todos os galegos, mesmo daqueles que, por unha razón ou outra, non a falan.

A difusión e promoción da lingua galega vai en aumento ano tras ano, o que non significa detrimento ou eiva ningunha para o castelán, a outra gran lingua de Galicia —aí están Valle-Inclán, Cela ou Torrente Ballester—, que tamén é nosa, á que non pensamos renunciar e que enriquece e emprega o conxunto da comunidade de falantes.

En todo caso, a Xunta de Galicia está dando os pasos necesarios para que a lingua galega estea presente nos diferentes programas informáticos e sistemas operativos. Neste mesmo ano está previsto asinar unha serie de convenios coas multinacionais do *software*, uns acordos que lles permitirán aos usuarios a escolla do galego como lingua predeterminada.

O traballo normalizador da Xunta de Galicia, sempre aberta, neste sentido, aos informes e opinións de todos os colectivos implicados, vén considerando como un dos seus obxectivos funcionais fundamentais a presenza do galego nos medios de comunicación. Vivimos na trepidante era da información e das novas tecnoloxías, e é tamén nos medios

dixitais de opinión e difusión informativa onde o galego merece especial atención.

A normalización do galego, definida pola Lei de normalización lingüística do ano 1983 —que considero plenamente vixente—, só será efectiva se a realizamos entre todos, sen sectarismos nin claudicacións, sen voltas atrás e sen procesos e sistemas agresivos e impositivos. O uso do idioma deberá realizarse con total liberdade; debemos seguir convencendo con máis avances e realizacións, e nunca impositivo nin condicionando. Desde unha perspectiva de consideración e de permanente apoio á lingua galega, permítanme formular neste Parlamento, señorías, o meu desexo dun maior compromiso no uso e promoción do galego por parte de todos aqueles que exercen algún cargo público; nós somos os que debemos dar exemplo, e eu creo que así o veño facendo.

A Lei de normalización lingüística, de xuño de 1983 —que consideramos plenamente vixente, repito—, vén sendo desenvolvida e aplicada ao longo destes anos pola Xunta de Galicia. Na actualidade, a Consellería de Educación está a elaborar, no seu marco habitual de diálogo e consenso, un Plan de normalización lingüística que vai supor un paso máis na potenciación da lingua galega. O referente da nosa política lingüística segue a ser o bilingüismo harmónico, sobre o cal diversos traballos de investigación nos veñen dar a razón; dispor de dúas linguas é para Galicia un valor engadido, polo que debemos aproveitarnos constantemente. Un recente estudo do profesor Siguan fai un eloxio especial da política lingüística de Galicia, como saben os señores deputados e as señoras deputadas.

Recentemente, a Real Academia Galega aprobou unha nova modificación da normativa da lingua galega, e a Xunta de Galicia, co debido respecto institucional e tendo en conta a disposición adicional única da Lei de normalización lingüística, que establece como criterio de autoridade o da Real Academia Galega, colaborará no desenvolvemento e aplicación das referidas modificacións.

En canto á Cidade da Cultura de Galicia, é un proxecto que pretende conseguir un ámbito que, partindo do aproveitamento máximo das infraestruturas tecnolóxicas, supoña o eixo dinamizador da sociedade da información.

A construción do complexo edificatorio da Cidade da Cultura está en marcha, unha vez conseguidos os terreos

grazas a moi xenerosas actitudes, como a de Caixa Galicia. Xa está construída a galería de servizos, obra de enxeñería importante, e están en marcha os accesos a ela, foron construídas as torres John Hedjuk, a estrutura da biblioteca atópase xa rematada, e antes de final de ano será adxudicada unha nova fase do proxecto.

En canto aos contidos da Cidade da Cultura, xa están traballando na súa elaboración cinco ponencias integradas por 150 persoas representativas do ámbito universitario, do mundo da cultura, das novas tecnoloxías e da sociedade galega en xeral.

Educación e Saúde.

A Xunta de Galicia considera, señoras deputadas e señores deputados, entre os seus obxectivos prioritarios, a potenciación do ensino en todas as súas etapas e niveis. Estas prioridades están cambiando, debido a razóns demográficas como o descenso da natalidade –volvo lamentaloo–, os movementos migratorios dos alumnos ou o acceso crecente ás zonas metropolitanas, así como pola entrada en vigor das novas leis de ámbito nacional ou ben pola adaptación dos sistemas ás características de Galicia.

Hai poucos anos, o que máis preocupaba era a construción de novos centros educativos –a idade de escolarización obrigatoria aumentara daquela en dous anos–, así como a dotación de materiais didácticos actualizados para as novas ensinanzas –música, idiomas, tecnoloxía, etc.– ou a reposición de equipamentos desfasados; e, por certo, fíxose moi ben. Hoxe, señorías, as nosas prioridades son a implantación das novas tecnoloxías nos centros educativos –acadamos unha *ratio* de 15 alumnos por ordenador en primaria e de 10 en secundaria–, a potenciación das ensinanzas especiais –música, idiomas, artes plásticas–, a mellora das axudas ao estudo, a gratuidade do ensino obrigatorio, a formación das persoas adultas e a absoluta aposta pola formación profesional, en estreita relación co tecido produtivo e o mercado laboral galego.

A pesar do constante descenso do alumnado –desde hai sete anos perdemos un 23,38%, é dicir, 119.000 alumnos–, o número de profesores, non obstante, aumentou: por cada 55 alumnos menos incrementouse un profesor. O número medio de alumnos por aula en Galicia é o máis baixo de

España –15 en primaria e 22 en secundaria–. Tendo en conta que o número de horas de clase continúa baixando, estamos conseguindo unhas condicións óptimas para un ensino de calidade, que é hoxe un obxectivo fundamental de todas as políticas educativas, se todos pensamos en utilizar o ensino para ben de Galicia e dos galegos, e non con fins partidarios.

Na etapa universitaria centrámonos no desenvolvemento de novas leis –xa entraron en vigor a dos consellos sociais e a do Consello Galego de Universidades e estamos rematando o Proxecto de lei xeral do sistema universitario de Galicia–, na implantación de 11 titulacións máis, que fan xa 96 diferentes –168 no conxunto das tres universidades–, e no deseño dun novo marco de financiamento. Quixera destacar que, ademais do espectacular aumento de alumnos universitarios, nos últimos dez anos a poboación ocupada con estudos superiores aumentou nun 90%.

No curso académico 2003-2004, que comezou con absoluta tranquilidade, iniciamos unhas melloras que pensamos continuar: gratuidade total dos libros de texto no ensino obrigatorio, melloras retributivas para o profesorado, incluído o universitario, e entrada en funcionamento de dous conservatorios de grao superior.

Segundo os datos máis actuais, Galicia está en cuarto lugar entre todas as comunidades en gasto por alumno e en sexto lugar en recursos totais adicados á educación. Polo que se refire ao fracaso escolar, ocupamos o terceiro posto por arriba entre as comunidades autónomas con mellor rendemento de alumnos. En canto á mellora do éxito escolar, seguimos traballando na potenciación de valores fundamentais, como o esforzo, a responsabilidade ou a disciplina –todos deberíamos colaborar nisto–. Creo que todos os implicados coincidimos, señorías, en que a promoción automática no sistema educativo, sen aprobar as materias, sen esforzo e sen estudo, non é o camiño máis adecuado para a formación dos futuros cidadáns.

Señoras deputadas e señores deputados, cómpre agora falar da saúde, outro valor social fundamental. Neste momento encóntrase en trámite parlamentario o Proxecto de lei de ordenación sanitaria de Galicia (LOSGA). Trátase dunha lei garantista e centrada no cidadán –que coloca como eixo do sistema– e nas súas necesidades de atencións de

saúde, co cal se reforza o carácter público –contra algunhas intoxicacións– e universal de toda acción sanitaria.

Nos ámbitos de promoción e protección estanse facendo importantes actuacións para seguir mellorando a seguridade alimentaria, a sanidade ambiental, as inmunizacións preventivas e a loita contra as enfermidades transmisibles, con especial atención á sida e outras enfermidades emerxentes, como a síndrome respiratoria aguda severa –vulgarmente coñecida como “pneumonía asiática”–, que parece xa en camiño de recesión.

En política asistencial, e entre os pasos dados en atención primaria, debemos destacar que se completa este ano a implantación do novo modelo coa cobertura dos puntos de atención continuada –PAC– de toda a poboación galega. Así mesmo, señorías, séguese a potenciar a telemedicina, e débese destacar neste campo a implantación da teledermatoloxía en todas as áreas sanitarias.

No eido da atención primaria, no ano 2003 foron inaugurados oito novos centros de saúde, atópanse en execución outros oito e están con importantes reformas doce centros máis. A atención especializada continúa potenciándose con importantes reformas e plans directores ben coñecidos en todos os hospitais de Galicia, así como coa dotación e equipamento de alta tecnoloxía neles.

Está en vías de implantación o Programa de atención ao neno san, para acadar unha progresiva mellora da saúde da poboación infantil, que afectará, polo menos, ao 95% dos menores de 14 anos, atendidos por pediatras nas unidades de atención primaria. Nos 32 hospitais da rede do Sergas ofrécese unha carteira de servizos completa, e resulta excepcional que algún galego teña que ser atendido fóra da nosa comunidade. Debemos destacar, por exemplo, no apartado de atención especializada, a posta en marcha este ano do edificio D do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, un dos mellores de España, que conta coa máis avanzada tecnoloxía para o diagnóstico, tratamento e investigación na área oncolóxica, que era a única que estaba en déficit ata a inauguración dese centro.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia; 061, é pioneira en Europa, tanto en consulta médica telefónica –resolve máis do 50% da demanda sanitaria sen mobi-

lizar ningún recurso– como no protocolo de anxioplastia primaria, e achega ás salas de hemodinámica dos hospitais os cidadáns que sofren síndrome coronaria aguda. Ademais, ten implantados programas tan relevantes como o Programa alerta HADO, Apoio a transplantes ou Traslados interhospitalarios de enfermos críticos. Tamén se porá en marcha a primeira fase do Programa Acougo, de atención aos pacientes psiquiátricos, cun protocolo de actuación unificado entre a atención primaria do Sergas, o 061 e o sistema xudicial.

Mantense na sanidade galega a implantación de tecnoloxías pioneiras, conscientes de que así se melloran sensiblemente as prestacións e a accesibilidade dos cidadáns ao sistema sanitario. Xa está desenvolvido o proxecto de análise e deseño dun sistema de información de lista de espera cirúrxica e de hospitalización, e Galicia é a primeira Comunidade Autónoma que informa a través de internet sobre as súas listas de espera de forma exhaustiva.

Rematouse neste ano o proceso de consolidación de emprego para 5.000 profesionais da saúde e asinouse no mes de setembro coas centrais sindicais un importantísimo acordo sobre a mellora retributiva e profesional do persoal das institucións sanitarias do Sergas.

Señor presidente, señorías, a Xunta séntese satisfeita cos obxectivos logrados en materia sanitaria, pero estamos decididos a atender as demandas dunha sociedade que reclama aínda maiores e mellores prestacións sanitarias. Son suficientemente maior como para ter coñecido unha familia galega que dependía dos menciñeiros no campo, que entón representaba moita máis poboación que agora, cuxas receitas se despachaban nas farmacias, porque non había outro xeito de atendelas.

Sabemos que é necesario contar con recursos adicionais para afrontar esta tarefa e non sería lóxico, nin a nosa sociedade o entendería, que se restasen créditos doutras políticas tan estratéxicas como a sanitaria para financiar este proceso de mellora integral da sanidade galega. De aí a decisión, que algúns aínda non entenderon, de establecer no ano próximo o tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos. Trátase dunha decisión meditada, moi fundamentada e matizada na súa aplicación práctica, que se basea no sistema nacional –establecido xa nalgunha comunidade, como Madrid–, de xeito que se minimiza ao máximo o impacto nas ramas de

actividade que dispoñen dos hidrocarburos como consumo intermedio, quedando exentas, en todo caso, a agricultura e a pesca.

É un imposto que, certamente, sae dos cidadáns da nosa Comunidade Autónoma, pero –hai que dicilo– non se pode falar de listas de espera e despois opoñerse a buscar medios para iso, pois a súa recadación tamén ten por destinatarios e beneficiarios os propios cidadáns. Nós non temos nada que ocultarlle á sociedade galega; a decisión de establecer o imposto nace da sensibilidade da Xunta por atender as crecentes demandas dunha atención sanitaria de calidade, é unha decisión razoable e razoada, que non teme a crítica, porque xorde da nosa constante preocupación por fortalecer todas as políticas sanitarias.

Deste xeito, o imposto é o instrumento financeiro axeitado para procurar eses recursos adicionais que se precisan. A modulación que se establece na súa posta en marcha –repi-to–, con exencións para os produtos de uso agrícola ou pesqueiro, con minoracións para os hidrocarburos que se utilizan no transporte ou nos procesos industriais, expresa a nova vontade de incidir na menor medida posible sobre o dinamismo da actividade económica e a competitividade das nosas empresas.

Este “céntimo sanitario”, como xa se coñece logo da súa aplicación polo Estado desde hai dous anos, e por algunha que outra comunidade autónoma, é unha achega pequena, modesta, pero necesaria, para contribuír á obtención dun gran fin: unha alta calidade na sanidade pública de Galicia para os nosos cidadáns.

Agricultura e pesca.

Consecuentemente, coa aprobación definitiva da reforma da PAC –Política Agraria Común– por parte da Unión Europea, a Xunta de Galicia, a través do seu departamento de agricultura –puntualizamos, hoxe produción agroalimentaria–, porá en marcha, nos próximos meses, diferentes iniciativas que contribuirán a desenvolver o proceso de mellora e modernización das estruturas agrarias e o avance en sectores de gran significación. Obviamente, entre os mencionados sectores está: a produción láctea e os seus derivados, a industria cárnica e a actividade vitivinícola –só por citar os máis significativos–. As disposicións lexislativas que apoia-

rán o noso labor na agricultura son a Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia, a Lei de ordenación vitivinícola de Galicia e a Lei de mobilidade das terras obxecto de concentración parcelaria.

Así mesmo, estas iniciativas lexislativas servirán para fortalecer diferentes accións prioritarias que se deben desenvolver arredor dos seguintes eixos:

No sector lácteo e gandeiro, a Consellería de Política Agroalimentaria elaborou un Plan estratéxico do sector lácteo galego, co fin de que continúe a ser competitivo no ámbito europeo, establecendo liñas de actuación concretas, potenciando o asociacionismo e apuntando medidas que repercutan na mellora integral da calidade do leite a través de toda a cadea comercial, incidindo na existencia dun eficaz sistema de trazabilidade.

No sector vitivinícola está previsto, señoras deputadas e señores deputados, que no ano próximo 1.500 novas hectáreas sexan reestruturadas e reconvertidas co fin de mellorar a estrutura produtiva dos viñedos, recolocalos cara a zonas máis adecuadas e redimensionar as parcelas; en definitiva, aumentar a cantidade e calidade dos nosos viños, cun investimento previsto de 14 millóns de euros.

Nas infraestruturas agrarias, unha das principais actuacións nesta materia virá, unha vez máis, da man da concentración parcelaria. Esperamos rematar, entre o presente ano e o final de 2004, un total de 85 zonas de actuación, cunha superficie de 65.000 hectáreas. Dotaremos así o agro galego de predios rústico-dimensionados e dunha rede de camiños rurais axeitados ás posteriores accións de transformación e desenvolvemento integral do noso agro.

Xunto a isto, señorías, cómpre engadir o relativo á transformación de zonas de secaño en regadío, así como a adecuación e modernización de regadíos xa existentes, labor que se comezara e fora abandonada, esquecendo aquilo de que “auga do ceo non quita rego”, pero é que ademais diso, neste momento non sabemos as consecuencias do cambio climático, cada vez máis evidente. Estas iniciativas comezaron xa na comarca da Limia, onde se iniciaron as obras para a transformación en regadío da zona da lagoa de Antela, incidindo sobre unha superficie de máis de 2.000 hectáreas e cun investimento de 13

millóns de euros, e están igualmente en marcha na zona de Lemos.

A nosa política pesqueira debe responder hoxe, señorías, ás grandes preocupacións que existen en relación co futuro do sector. A curto prazo, o sector máis industrial –fundamentalmente, as industrias de transformación da pesca e as empresas de acuicultura– poderá seguir competindo sen demasiadas dificultades, pois trátase dun sector certamente competitivo, pero no cal estamos tomando un lugar preeminente. É moito máis débil, por certo, o da pesca de baixura, sempre marcado por unhas estruturas excesivamente artesanais, carente de vocación e de iniciativa empresarial, que deberá afrontar o futuro fortalecido e defendido pola Administración autonómica.

Nesta mesma liña de recuperación da pesca de baixura, deberanse priorizar os capítulos de creación e modernización das infraestruturas portuarias en todas as localidades de baixura do noso litoral. Farémolo a través dos denominados “plans de porto”. As melloras contempladas nos mencionados plans, que constitúen o eixo central para o desenvolvemento do Plan de baixura da Xunta, entendido como a suma dos plans de porto en cada unha das poboacións costeiras galegas, perseguen optimizar a manipulación e o tratamento dos nosos produtos pesqueiros en orixe, creando un maior valor engadido nos diferentes portos.

Circularon algunhas informacións de que existen mariñeiros en paro e de que estamos a perder traballo na actividade extractiva. Isto é unha auténtica falsidade, unha falacia, xa que hai moitos armadores obrigados a incorporar emigrantes ás súas tripulacións –caboverdianos, ecuatorianos, peruanos...– porque os profesionais galegos renuncian a este traballo, diante da lícita aspiración de empregos de maior calidade, que están á súa disposición. Estes empregos de maior calidade, estes traballos cualificados e mellor remunerados, tamén proceden da acuicultura e das industrias de transformación. Polo tanto, ambos os dous subsectores están chamados a ser a punta de lanza do futuro pesqueiro de Galicia.

A acuicultura, xa dotada dos *clusters* correspondentes, ten por diante un extraordinario futuro –seguimos no paleolítico, aínda non inventamos a gandería, agás para os moluscos–. Hoxe ten –repito– futuro porque contribúe a garantir, de forma sostible e mantida, a subministración de

peixe e porque será unha actividade clave no proceso de cambio e progreso da economía costeira galega. Por estas razóns, desde a Xunta de Galicia estamos facendo unha aposta moi firme por ela, ofrecendo condicións atractivas para todas aquelas iniciativas empresariais que poidan supoñer investimento en Galicia, o que redundará na creación de empregos de calidade. Hai que considerar, ademais, que os investimentos na acuicultura son de moito valor, porque desembocan en altísima tecnoloxía, innovación e investigación sobre o medio mariño.

Con este propósito, a Xunta de Galicia está levando a cabo unha política de acción múltiple, que se sustenta sobre diferentes eixos:

Primeiro. Reforzo, a través do Plan Galicia, das liñas tradicionais de axudas ao sector para a creación e a modernización de empresas.

Segundo. Modificación do marco normativo, para a redución dos prazos de tramitación para novas instalacións, que pasaron xa de dous anos a seis meses.

Terceiro. Creación de once parques de tecnoloxía alimentaria. Por encargo da Consellería de Pesca, o *cluster* da acuicultura está analizando, actualmente, as localizacións máis idóneas.

Cuarto. Creación do Centro de Repoboación de Especies Mariñas.

Por outra banda, quero recordarlles ás súas señorías que estamos apoiando iniciativas empresariais moi valiosas para a diversificación dos cultivos mariños. No eido da cooperación pesqueira internacional temos en marcha un proxecto moi importante en Namibia, onde xa hai técnicos galegos traballando; hai outro en proxecto con algunha provincia do sur de Arxentina, etc.

Non quero rematar este apartado sen afirmar que, despois de anos de traballo, podemos asegurar que a transformación do marisqueo a pé en acuicultura é xa unha realidade.

En definitiva, señorías, estamos apostando por unha política pesqueira forte, especialmente necesaria no caso de Galicia. A esta política irémolles incorporando, no seu día, o

conxunto das políticas portuarias, de comercio marítimo e, en definitiva, de xestión de todo aquilo que veña do mar.

Emprego, formación e colaboración.

Señorías, o Programa Labora: xuventude con experiencia, da Xunta de Galicia leva empregado 8.200 mozos, e pretende empregar, de aquí ao 2006, outros 27.000.

O Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas da violencia de xénero, é un novo programa posto en marcha o pasado mes de xuño. As mulleres que acepten a súa incorporación a el terán preferencia para acceder a outros incentivos e, ademais, garantiráselles un contrato de traballo por doce meses para que acaden a súa inserción laboral.

Plan de emprego e formación das persoas con discapacidade. Estase a fomentar, en colaboración coas entidades do movemento asociativo, a súa inscrición como demandantes de emprego no Servizo Galego de Colocación, o que lles permitirá acceder ás medidas para a mellora da súa empregabilidade, así como ao resto de accións para a súa inserción.

En relación co autoemprego, este ano concédense, por primeira vez, axudas para os traballadores autónomos que constitúan unha sociedade limitada de capital social inferior aos 60.100 euros. Potenciaranse as iniciativas de emprego xurdidas, principalmente, entre os investigadores e titulados universitarios que desenvolvan proxectos empresariais innovadores, con orientación científica ou tecnolóxica.

No ano 2003, no marco dos programas de cooperación, estableceuse esta nova actuación, denominada “Fomento do desenvolvemento local”, dirixida a promover a articulación, por parte das entidades locais, dos recursos humanos, económicos, culturais ou institucionais existentes, para o seu aproveitamento e dinamización pola iniciativa empresarial.

A formación e cualificación profesional continúan a ser unha prioridade do conxunto do Goberno, como o demostra a recente creación da Comisión Interdepartamental das Cualificacións e a Formación Profesional, e dos comités sectoriais e de estándares profesionais.

Galicia contará moi pronto, señoras deputadas e señores deputados, cun Libro branco do cooperativismo que reflectirá a situación actual desta fórmula empresarial na Comunidade Autónoma. Imos pór en marcha un plan estratéxico de desenvolvemento que aborde, dun xeito integral, a plasmación das potencialidades do modelo cooperativo, tan fecundo na nosa Galicia.

Estamos a traballar na elaboración dun mapa de recursos, que contribuirá a axeitar estes ás demandas do colectivo de persoas con discapacidade. Está prevista a creación dun centro de asistencia integral para persoas con discapacidade física severa demandantes de axuda externa. O Goberno da Xunta acaba de remitirle a este Parlamento o Proxecto de lei sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia, un proxecto de lei (practicamente pioneiro en España) que pretende mellorar a accesibilidade de todos os discapacitados.

Poranse en funcionamento, para as persoas maiores, dúas novas residencias de carácter público na Coruña e en Vigo, para a atención de 302 persoas maiores dependentes. Iniciarase a construción das residencias públicas de Santiago de Compostela e de Larouco, que ofrecerán un total de 230 prazas para persoas maiores dependentes, ademais dos respectivos centros de día. Concertaranse 900 prazas residenciais de tipoloxía asistida e concederanse 650 axudas de cheque asistencial na súa modalidade de residencia.

Antes do remate do presente ano, porase en marcha a referida liña de axudas para o coidado habitual de persoas maiores polos seus familiares máis próximos. Preténdese acadar 842 axudas, cunha vixencia de seis meses –prevendo elevala a nove meses no 2004– e por importe de 203,50 euros/mes –equivalente ao 40% do salario mínimo interprofesional–, coa colaboración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, que achegará un crédito de máis dun millón de euros. Comezará a funcionar un novo programa de aplicación das novas tecnoloxías á atención dos maiores, no que se combina a teleasistencia coa instalación dun detector de movemento que posibilitará a detección de situacións críticas que imposibiliten que o maior poida accionar o dispositivo de alarma.

En relación ao Teléfono do Maior, pretendemos este ano ampliar a cobertura horaria de atención directa, personali-

zando máis a atención aos usuarios, cunha tendencia, en breve prazo, de abarcar un servizo de 24 horas os 365 días do ano. En relación co programa de teleasistencia, estamos a atender uns 2.219 usuarios, prevendo acadar 4.695 usuarios no 2006. A posta en marcha do novo programa levarase a cabo antes do remate do ano 2003 e espérase acadar un total de 1.000 beneficiarios –case o 50% dos beneficiarios totais da teleasistencia–, calculando un custo de 150 euros/ano por cada usuario. No 2004 prevemos acadar un total de 1.500 usuarios.

O proxecto de modificación da Lei galega 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social que impulsou o Goberno da Xunta constitúe, señorías, unha boa mostra do compromiso social cos colectivos máis desfavorecidos e co desenvolvemento dunha boa e axeitada política social.

Industria.

O Goberno da Xunta está a deseñar unha estratexia de Galicia cara á sociedade da información. Búscase así eliminar ou reducir a incidencia dos problemas detectados no proceso de incorporación de Galicia ás novas tecnoloxías –substituíranse, entre este ano e o vindeiro, todas as liñas TRAC, que nós mesmos creamos e que no seu tempo foron un avance moi importante–. Procurarase, tamén, a través deste plan estratéxico, a mellora da calidade das infraestruturas, a formación dos cidadáns e a integración dos sectores con maiores dificultades no acceso ás novas tecnoloxías, favorecendo as condicións necesarias para un maior desenvolvemento do comercio electrónico.

Nova planificación da investigación tecnolóxica e desenvolvemento desta.

A través da aprobación dun Plan estratéxico de innovación 2006-2010, que continúe e amplíe o actual Plan 2001-2005, impulsarase o sistema I+D+I e producirase a mellora competitiva do sistema empresarial, ao tempo que se enfatice o sistema de innovación empresarial como impulsor da investigación e do desenvolvemento, ata acadar o 50% do gasto total de I+D.

Así mesmo, señorías, procurarase optimizar a cooperación entre o sistema público e privado de innovación para

facilitar a integración das empresas e das institucións no ámbito da innovación.

Intensificar a diversificación e o aforro enerxético. Asegurar a satisfacción da demanda enerxética diversificando as fontes de subministro, tanto externas como internas; mellorar as infraestruturas e promover o uso racional e eficiente por todos os sectores consumidores; potenciar o desenvolvemento de enerxías renovables, non só a eólica –onde xa ocupamos o primeiro lugar en España– senón tamén a solar, todas elas de carácter autóctono, que palíen a nosa dependencia do exterior e sexan respectuosas coa conservación do medio ambiente. Culminarase moi pronto o proceso de gasificación de Galicia, ao rematar a complexa situación da base de Reganosa en Mugardos.

Reforzar a política de *clusters*. Sen prexuízo de continuar co apoio aos xa existentes, desenvolveranse novos *clusters* como instrumentos para crear contornos competitivos, con especial atención a sectores emerxentes e con capacidade de desenvolvemento endógeno, e poñeranse en marcha programas de axudas para promover estratexias de cooperación entre empresas individuais.

Novo impulso ao desenvolvemento e á internacionalización da minería en xeral, e da non metálica en particular. Farase especial fincapé en propiciar maiores investimentos en I+D, sobre todo no aspecto da maquinaria para este sector, de xeito que se fortaleza a industria galega de fabricación de bens de equipo, especialmente granito e lousa.

Consolidación do comercio polo miúdo a través da creación de centros comerciais abertos. Apoiarase a posta en marcha desta nova fórmula de competitividade fronte ás grandes superficies –que son igualmente necesarias–. Xunto con estas, seguirase a potenciar o asociacionismo e a implantación das novas tecnoloxías no comercio tradicional a prol dun servizo da maior calidade posible, capaz de atender a demanda dun consumidor cada vez máis esixente.

Potenciar a internacionalización das nosas empresas. Impulsarase a diversificación do comercio exterior, hoxe –como digo– tan avanzado, a través dos programas Foexga e PIPE, e estimularase a presenza de Galicia en particular nos países de nova adhesión á Unión Europea.

Sector audiovisual e libro galego. O apoio da Administración autonómica ao sector audiovisual galego, nestes últimos anos, permitiu xerar unha base empresarial neste sector que está sendo referencia en todo o Estado. Non só se produce máis en Galicia, onde superamos xa o 10% da produción nacional, senón que aquí se produce mellor. Aí están á vista todos os datos e os éxitos acadados en audiencia, tanto nas series de televisión producidas aquí, como nas longametraxes. Por certo, que se están rodando tantas series en Galicia como en Madrid este ano.

Dentro do audiovisual, destaca especialmente a animación e os debuxos animados. Galicia estase a converter nun polo de desenvolvemento do mundo da animación audiovisual, no que estamos vivindo un momento de auxe que se manterá nos próximos anos. As nosas factorías Digra Films ou Bren Entertainment, do grupo Filmax, creado por un galego, nas que traballan os mellores técnicos de España no mundo da animación, van manter a produción en Galicia polo menos da estrea, no nivel mundial, dunha ou dúas longametraxes de animación ao ano.

Neste sentido, é salientable, señorías, o impulso do Goberno galego para o despregamento da televisión dixital. Esta televisión é o presente e unha das principais portas de entrada da chamada “sociedade da información” nos nosos fogares. Desde 1998 estase a facer un esforzo de modernización da rede da Televisión de Galicia para adaptala aos requirimentos da normativa sobre televisión dixital. Nestes momentos, supera xa o 85% da poboación galega, por enriba dos requisitos do Plan técnico nacional e superando tamén as coberturas doutras televisións autonómicas.

En canto ao libro galego, señoras deputadas e señores deputados, experimentou nos últimos anos un importante avance. Non obstante, os informes dos colectivos implicados e os datos máis recentes permítenos afirmar que o libro en xeral, e especialmente o libro galego, está pasando por unha crise importante, como corresponde á aparición de moitos competidores neste sector da información e da cultura.

A pesar de que hoxe temos ao noso alcance cada vez máis oferta de libros –de feito, o libro galego superou hai tempo a barreira dos 1.000 exemplares anuais–, os libeiros quéixanse de que baixaron as vendas e os editores xustifican que non poden editar novos títulos porque teñen os

depósitos cheos. Diante desta situación, creo que o máis oportuno sería convocar a todos os sectores implicados para que expuxeran as súas opinións e, posteriormente, tratar de impulsar un Pacto polo libro galego que axude a remediar esta situación –pero recordemos que son moitas outras as fontes de información e de cultura que temos neste momento–.

Apoio á muller traballadora. As mulleres constitúen –ía dicir que grazas a Deus– o 51,9% da poboación galega. A Galicia do século XXI, a Galicia do benestar e do desenvolvemento, debe prestarlles o seu apoio especial ás nosas grandes mulleres. A nosa comunidade deberá ser, señorías, un marco de referencia que facilite a conciliación das súas vocacións e que, conseguintemente, facilite o aumento das taxas de natalidade, que é, como saben, unha vella pretensión miña. Para estes efectos, o Goberno da Xunta incorporará a perspectiva de xénero ao deseño e implantación das súas políticas públicas.

A Fundación Galicia-Emigración. A Fundación Galicia-Emigración é a manifestación operativa da solidariedade de toda a sociedade galega. As medidas abranguen un amplísimo ámbito xeográfico, inciden nos segmentos máis fráxiles da nosa emigración e consisten nunha pluralidade de actuacións que inclúen a asistencia farmacolóxica, médica, social e axuda alimentaria –e os resultados están á vista nos lugares máis afectados, como Arxentina e Uruguai–. As situacións de carencia aguda foron detectadas con sentido de anticipación; utilizáronse as entidades galegas como auténticas cabeceiras que permitiron chegar moito máis alá das persoas vencelladas á vida societaria. No peche do ano 2002 levábanse asinados nove convenios de colaboración con entidades galegas de todo o arco latinoamericano. O seu obxecto era a axuda aos emigrantes galegos desamparados, con particular atención á infancia e á ancianidade. Toda esta operativa –así como as actuacións directas de carácter inmediato– permitiunos chegar a 25.000 concidadáns, que viron como Galicia estaba pronta e solícita nos momentos de anguria e desesperanza. O bo nome de Galicia, e, por extensión, de España enteira, quedaba patente en feitos concretos e medidas palpables.

No ano 2003, a Fundación Galicia-Emigración redobra os seus esforzos. Destacarei unha medida de amplísimo alcance como foi a convocatoria, por máis de 500.000 euros,

dunha liña de axudas en materia socioeconómica, dirixida ás entidades galegas de Suramérica que prestan este tipo de servizos. Pronto –se Deus quere– farei unha viaxe a Bos Aires e a Montevideo para rematar algunhas destas operacións.

Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, quero chegar ás conclusións e pido licenza, porque era imposible falar menos tempo do que teño empregado.

O Goberno da Xunta, que me honro en presidir, aposta por unha maioría natural de cidadáns comprometidos cos principios básicos de organización do país, Galicia e España; por unha Galicia autoidentificada, e tamén española e europea, que, sen renunciar a nada, poida aspirar a todo; por unha Administración galega flexible, áxil e eficiente, aberta aos cidadáns e que evite a endogamia no seu funcionamento; por unha Administración autónoma, capaz de convocar todos os recursos empresariais e financeiros co fin de mellorar a competitividade integral: produtiva, comercializadora e un longo etcétera; por unha Administración propia capaz de convocar todos os axentes posibles na xeración do pluralismo do benestar; por unha terra que explote os seus sectores produtivos máis especializados e diferenciais; por un país que aumente o esforzo en I+D+I en interconexión coas nosas tres excelentes universidades –debo dicilo–; por unha Galicia que rendibilice a súa condición litoral e atlántica; por unha Galicia tecnolóxica; por unha Galicia que ofrezca un marco equitativo para a participación da muller e da xuventude; por unha Galicia moderna e conservadora do seu rico patrimonio cultural; por unha Administración autónoma coordinada coa Administración local e por unha Galicia produtiva, especializada e competitiva.

Quero rematar, señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, este discurso sobre o Estado da autonomía co meu firme compromiso de seguir traballando, coa mesma ilusión do primeiro día –mentres siga o meu mandato– polo engrandecemento deste noso país galego. Penso que Galicia está hoxe chea de vida e de esperanza. A nosa sociedade acada, día a día, a súa plena realización. O Goberno da Xunta, do que son responsable, é un equipo sólido, estable, dinámico e traballador –sen liortas internas, teño que dicilo–. Polo tanto, creo que non imos perder o tempo nin a ocasión. Seguiremos adiante coa Constitución e co Estatuto, co noso programa galeguista e popular, mentres o pobo galego así o desexe.

Ninguén mellor para axudarme a poñerlle o ramo a esta intervención, para darlle un axeitado remate literario a esta reflexión política, na que intentei deseñar as grandes liñas do presente e do futuro da nosa terra, que a escritora galego-brasileira Nélida Piñon, unha muller extraordinaria, unha creadora que envorca na súa obra novelística as inquedanzas ideolóxicas, sociais e culturais do noso tempo, unha artista que concibe a escritura como unha paixón estética, como unha revelación intelectual, unha galega que naceu no Brasil, filla de galegos, e que chegou a ser presidenta da Academia Brasileira da Língua.

Nélida Piñon, no solemne acto académico da súa investidura como doutora *Honoris Causa* pola Universidade de Santiago de Compostela, pronunciou unha fermosa lección doutoral titulada “Retorno ao centro”. Naquel discurso, entre outras cousas, deixounos dito:

“Chego a estas terras vinda da pátria brasileira. Nutri sempre profunda nostalgia por uma Galícia que conheci menina, mal sabendo que existia a geografia dos homens e que cada terra –dentro desta estranha noção de pátria– levava um nome; um nome no mapa, um nome na alma. Meu amor por Galícia permitiu-me percorrer os itinerários da imaginação... Sou escritora, o meu é um ofício reforçado pelas cosmogonias indígena, galega, européia, negra... todas elas definitivamente entrelaçadas”.

Non se pode falar mellor.

Dixen. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

O público, por favor, abstéñase de facer manifestacións.

A intervención dos grupos parlamentarios comezará ás cinco da tarde, Ata entón, suspendemos a sesión.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión coa intervención dos grupos parlamentarios para posicionarse, escomezando polo Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, correspóndenos no día de hoxe facer balance do estado da nosa Comunidade, do labor do Goberno galego, das súas consellerías, e tamén do labor do señor Fraga como presidente da Xunta de Galicia.

Esta mañá, señor Fraga, fixo vostede un discurso amable pero enganoso e adormecedor deste país. Rexeitou, realmente, falar da realidade do país e da realidade de Galicia. Rexeitou, no fondo, a esencia mesma do Debate do estado da autonomía. Falounos do pasado, reinterpretando a historia e con moi escasa humildade. E, certamente, señor Fraga, con moito menor afán aínda pola verdade histórica. E falounos, por outra parte, dun futuro moi afastado; falounos da Galicia do 2015, da Galicia do 2020, 2025, pero nada da Galicia de hoxe, dos problemas da xente deste país, das súas reais necesidades.

E prodúcese este debate nun momento moi especial, señorías. Estamos no ecuador desta lexislatura, a que abre a porta do século XXI. E coincide, ademais, a celebración deste debate, coa conmemoración dos primeiros vinte e cinco anos da nosa Constitución e dos primeiros vinte anos do noso Estatuto de autonomía; dous feitos históricos que contribuíron a consagrar as liberdades públicas, os dereitos sociais, a autonomía do territorio e o autogoberno de Galicia.

O percorrido realizado nestes vinte e cinco anos foi decisivo para Galicia, pois supuxo a consolidación dun marco institucional estable e democrático. Supuxo o afianzamento da nosa propia autoestima e do recoñecemento da nosa identidade como sociedade aberta e á vez madura e consciente de si mesma. O camiño andado durante este cuarto de século foi, neste sentido, unha obra colectiva e integradora, da que todos podemos, e debemos, sentirnos orgullosos: vostedes e nós. Desde logo, o Partido Socialista, señor Fraga, plenamente; e falta vostede ao rigor histórico cando pretende apropiarse da historia da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia, porque esta historia é, sobre todo, señor Fraga, a historia do conxunto da sociedade galega: a autén-

tica protagonista da construción da democracia e da construción da autonomía no noso país; esta sociedade que, con todos os cambios experimentados a través do tempo, establece unha secuencia de continuidade non con esa Galicia tópica, submisa e resignada á opresión e á mala sorte, senón coa Galicia da liberdade e do traballo, coa Galicia aberta ao mundo, coa Galicia orgullosa do propio. É esa sociedade que sabe convivir en democracia, activa e emprendedora, que sabe sobrepoñerse ás catástrofes co seu propio esforzo; esa sociedade, que sabe apreciar, defender e cultivar o seu patrimonio e a súa lingua; esa sociedade, señorías, capaz de xerar expresións culturais e artísticas propias, que obteñen cada vez máis prestixio dentro e fóra de Galicia, como ten demostrado recentemente Suso de Toro, a quen desde esta tribuna lle quero facer chegar a felicitación do Grupo Parlamentario Socialista polo Premio Nacional de Literatura, brillantemente acadado cunha novela protagonizada pola cidade de Santiago de Compostela e escrita na lingua do noso país, na lingua galega. É esa sociedade, en fin, a que mantén unha liña de continuidade coa Galicia que reivindicou histórica e pacificamente o seu autogoberno, coa Galicia que hai agora setenta anos aprobou o primeiro Estatuto de autonomía, marcando así un punto sen retorno na nosa conciencia colectiva e no vivir histórico da nosa comunidade.

A historia moderna da autonomía galega ten os seus precedentes en don Antonio Rosón e en don Xosé Quiroga, os presidentes da etapa preautonómica, que protagonizaron o nacemento da Xunta de Galicia. Despois, celebradas as primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia, don Xerardo Fernández Albor, don Fernando González Laxe e vostede mesmo, señor Fraga, pasaron a formar parte inescusable da recente historia de Galicia. Non me cabe dúbida —e así o recoñezo, señor presidente— de que todos contribuíron ao engrandecemento institucional da autonomía, proporcionándolle a Galicia unha resonancia que só puido alcanzar en moi poucos e en moi distantes momentos da súa historia.

Dito isto, permítame, señor Fraga, que lle diga, co mesmo respecto institucional, coa mesma serenidade e coa mesma sinceridade, que todo o ocorrido nos últimos anos do seu Goberno e, con maior precisión, na primeira lexislatura da Galicia do século XXI, ofrece un balance sumamente decepcionante, un balance ben pobre e ben triste. Hoxe teño que dicirlle que o seu proxecto e o seu discurso presentan síntomas inequívocos de esgotamento e que preside vostede

un Goberno que vai moi por detrás do país, un Goberno que hoxe é como unha rémora, como un pesado lastre co que ten que cargar unha sociedade que reclama outra velocidade, outro ritmo, outros resultados e un novo impulso tamén, señorías.

Señor Fraga, hoxe en día a súa forma de gobernar autoritaria, populista e puramente xestual xa non engana a ninguén, como tampouco lle fai graza a ninguén, realmente, esa actividade entre *atolondrada* e estéril, perfectamente inútil, da que vostede fai gala continuamente e que máis parece unha escenificación preparada exclusivamente para a súa emisión televisiva. Uns abren a boca para sorprenderse inxenualmente e outros, arredando a valleinclanesca Corte dos milagres, ábrenla tamén para desfacerse en adulacións, mesmo para aconsellarlle *contra natura* que se presente de novo ás eleccións, señor Fraga.

Talvez fose ese continuo tráfico que o ten levado de feira en feira o que lle impediu acudir máis veces a esta Cámara. Ata creo que poderá vostede convir comigo en que ao longo de todos estes anos tivo vostede unha actuación que denota moi escasa consideración ao Parlamento de Galicia. Esqueceu en demasiadas ocasións, señor Fraga, que vostede é fillo desta Cámara, que foi votado nesta institución e elixido por esta institución, e que é aquí onde debería vostede ter feito a maior parte dos debates substantivos e claves para este país e para os galegos. Pero o Parlamento non é a única institución coa que vostede actuou de maneira desconsiderada. Non tivo consideración nin respecto polos concellos, polas administracións máis próximas aos cidadáns e aos seus problemas. En lugar de buscar realmente unha cooperación cos concellos de Galicia, vostede deulles as costas. O pacto local é unha quimera, señor Fraga. Leva vostede moitos anos anunciando e comprometendo o proxecto de pacto local en Galicia, mais nunca se teñen aproximado nin tan sequera a iniciar o seu cumprimento. ¿Sabe por que? Porque non cre nel e porque, realmente, non lles interesa o tal pacto local, porque non cren na autonomía dos concellos, porque non cren na devolución do poder á cidadanía. A xestión de Sogama é un modelo de despropósitos, un aumento desorbitado do 35% das taxas contra os concellos de Galicia e contra as familias deste país. A norma do seu comportamento, señor Fraga, en relación cos concellos foi a da arbitrariedade e a discrecionalidade, a de cooperar ou non coas administracións, cos concellos, conforme sexan dunha ou doutra afilia-

ción política, segundo a cor política dos alcaldes, tal e como teñen contrastado e denunciado os informes do Consello de Contas deste país. Nin vostedes nin o Partido Popular chegaron a entender que Galicia ten que ser o resultado da colaboración, do entendemento, entre a Xunta e os concellos, entre o presidente de Galicia e os alcaldes das nosas vilas e das nosas cidades.

Non debería vostede, señor Fraga, empeñarse nesa concepción monopolizadora e exclusivista da acción política, dunha acción política que nos compete a todos. Non pode autooutorgarse o monopolio dos avances realizados pola sociedade galega. Ese mérito correspóndelle tamén á Unión Europea, correspóndelle aínda máis ao Goberno de España, e, por suposto, señor Fraga, aos concellos, aos sindicatos, aos empresarios, ás xentes do mar e do campo, á xente da sanidade e do ensino, aos profesionais e aos escritores deste país. En fin, correspóndelle ao conxunto da sociedade galega.

Xa está ben de autobombo, señor Fraga. Pode que este novo consello que lle vou dar agora chegue un pouco tarde, pero vostede debería aprender a compartir protagonismo, do mesmo modo que debería aprender a recoñecer os seus erros e a ser minimamente —xa non digo excesivamente, pero, cando menos, un chisco— autocrítico. Porque, fíxese ben, no seu discurso longo e prolixo desta mañá é imposible atopar unha soa páxina, unha soa referencia autocrítica, nin o recoñecemento, aínda que fose levemente insinuado, dun pequeno erro. Nada de nada. Eu, porén, voume permitir sinalarlle tres grandes erros que están a obstruír e a paralizar avances e a impedir que este país avance en moi distintos campos da acción política como país.

O primeiro grande erro é que vostede goberna Galicia como se esta fora un pazo da súa propia propiedade que puidera administrar ao seu antollo, señor Fraga. Vostede caeu na tentación de patrimonializar o país, de controlar a sociedade civil. O seu goberno fomentou a consolidación de redes clientelares arredor do seu poder e da subordinación dos poderes locais democráticos. Estoume referindo, para ser máis claro, a ese indesexable fenómeno que unha longa tradición política e literaria definiu co nome de “caciquismo”. A necesaria transparencia e control democrático das decisións brillaron pola súa ausencia. Este é o seu primeiro grande erro, señor Fraga, porque ten provocado unha ruptura do pacto de confianza entre a cidadanía e o poder político, entre

a cidadanía e as institucións, porque esas condutas caciquís e clientelares son intolerables e son realmente impropias dun país que queira ser moderno, dun país que queira ser eficiente no contexto da globalización e do século XXI.

O segundo grande erro é que vostede deixou que o seu Goberno caera na rutina, no inmovilismo, na resignación, na falta de iniciativa e na incapacidade. O seu Goberno caracterízase hoxe por unha pasividade que é froito da situación precaria, interina, na que viven todos e cada un dos seus conselleiros e altos cargos. Preside vostede, señor Fraga, un Goberno sen iniciativa e sen ideas; un Goberno típico de fin de etapa, de cambio de ciclo, paralizado polas intrigas, as quinielas sucesorias e as tomas de posición en relación cos seus posibles herdeiros como futuros candidatos á Presidencia da Xunta; un Goberno, en síntese, que camiña na dirección oposta á que ten emprendido a sociedade galega.

É innegable, señor Fraga, é algo mesmo recoñecido pola xente do PP, que o empuxe dos seus primeiros anos á fronte do Goberno desapareceu por completo e que hoxe o Goberno de Galicia é un Goberno pobre en proxectos, en esperanzas, para Galicia. O máis rutilante do seu discurso desta mañá, o proxecto máis firme e concreto, de novo volveu ser o Xacobeo, onde, como me dicía un compañeiro aínda esta mañá, os visitantes florecen máis que as amendoeiras, e xa non sabemos, señor Fraga, se son seis millóns, se son 12, ou de que estamos a falar. Por certo, a maioría das investigacións —que as hai—, feitas polos mellores economistas e investigadores da Universidade galega, teñen analizado xa os pasados xacobeos e non detectaron efectos importantes que relacionen o Xacobeo, a creación de emprego e a xeración de renda no noso país.

É innegable, señor Fraga —un terceiro erro que quero dicir e probablemente o máis grave, ao meu entender—, que vostede abandonou a dirección política e o liderado do país. ¿Onde foi parar, señor Fraga? ¿Onde quedou aquela capacidade de outrora para dirixir, ilusionar e facer propostas sensatamente reformistas e viables? Vostede, señor Fraga, é hoxe un líder manso e apoucado que nos deixa como legado unha autonomía tutelada e unha autonomía subordinada que se está a mover, por inercia, polas dinámicas do PP de Madrid e do Goberno do señor Aznar; unha autonomía que funciona por delegación e a remolque, que non ten o motor nin neste Parlamento, nin nas decisións tomadas desde Gali-

cia. Exemplos hainos sobrados: a Lei de calidade do ensino, a privatización de Autopistas do Atlántico, a venda e liquidación da industria láctea galega, a Lei de estabilidade presupostaria, a Lei de caixas de aforros... Podería seguir, señorías, a lista é moito máis ampla aínda. É a lista das leis que invaden competencias, que cernan o exercicio do autogoberno de Galicia e que non foron nin contestadas nin debatidas nin reflexionadas e moito menos denunciadas —como correspondía— diante do Tribunal Constitucional —como, por certo, fixeron outros presidentes no exercicio lexítimo e responsable do dereito real de autogoberno das súas comunidades—.

Galicia non pode seguir pagando a hipoteca de que o modelo político no que se asentou nos últimos quince anos o Partido Popular de Galicia estea a vivir os seus derradeiros momentos. Estamos no punto final dun ciclo histórico que vostede encabezou e que agora se amosa esgotado e caducado. É a incapacidade —histórica, realmente— para resolver en tempo e en forma a súa sucesión a que está lastrando a evolución do noso país. É unha irresponsabilidade enteiramente súa, señor Fraga. Non lla pode trasladar a ninguén. Compételle a vostede en exclusiva porque así está no ordenamento e así corresponde.

Neste último ano fixo vostede tres remodelacións nas consellerías da Xunta; lembrarano ben todos vostedes: a do señor Cuíña, a das ex conselleiras Porro e López Besteiro —candidatas ás alcaldías de Vigo e de Lugo— e a do secretario xeral do seu partido. ¿Cre vostede, señor Fraga, que pode convencer a alguén neste país de que eses cambios non foron determinados exclusiva e totalmente por problemas e necesidades internas do seu partido senón do país? ¿Non se explican en clave dos seus problemas internos e non das reais demandas, da acción do goberno e do impulso do país?

O colofón lamentable —pero lóxico— desta situación malsá, deste xeito caduco de entender a acción do goberno é que este, sen dúbida, foi o peor ano da historia da autonomía de Galicia. O ano 2003, señor presidente, pasará á historia como o ano da catástrofe do *Prestige* —certamente—, como o ano do chapapote; pero o 2003 tamén se lembrará no futuro deste país como o ano no que se revelou en toda a súa crueza o peor rostro do seu Goberno: a incompetencia, o mal talante e a mentira retransmitida pola televisión pública en particular, que foi moita, aínda que non tanta como o fuel e a tinta vertida a raíz do *Prestige*. A catástrofe, certamente,

puxo en evidencia a inseguridade e os riscos que, para a cidadanía e para un país, xeran as políticas desreguladoras, as políticas privatizadoras e redutoras dos recursos e das capacidades do Estado que poñen en práctica as políticas e os gobernos da dereita e, en particular, o Partido Popular. A catástrofe puxo tamén de manifesto os efectos da falta de coordinación e de cooperación entre o Estado e o conxunto das autonomías e deixou ben demostrada a incapacidade do seu Goberno para tomar a iniciativa, para organizar a resposta e para asumir as responsabilidades que lle correspondían.

Pero, señorías, o máis importante –se hai que resumir–, segundo o meu criterio, o que máis sinto que lles doe aos cidadáns de Galicia, foi o talante e a actitude do seu Goberno, que deixou ver claramente o concepto profundamente degradado da democracia que impera entre vostedes. Refírome –como non se lle escapará– á ocultación, á negación e á manipulación da realidade, á utilización sistemática da mentira como arma política a través do uso indebido dos medios de comunicación públicos. Aínda hoxe –a piques, por certo, de cumprirse un ano da catástrofe do *Prestige*– non tiveron vostedes a coraxe, a capacidade e a enerxía suficiente para asumir as súas responsabilidades, para admitir os erros cometidos e facer un mínimo exercicio de autocritica e de dignidade democrática diante da sociedade galega. Isto é o máis preocupante, é a peor das conclusións que deixan vostedes en herdanza e en legado da crise do *Prestige*. Mais teño que dicirle agora a toda a Cámara, señorías, que o que máis me preocupa hoxe do *Prestige* é o futuro. O debate do pasado xa foi feito nesta Cámara. E este Grupo Parlamentario do Partido Socialista desde entón trouxo a esta Cámara un Plan Galicia, trouxo unha proposta dun servizo de gardacostas, trouxo unha e mil propostas en positivo. É máis, asumimos a responsabilidade de retirar a nosa proposta se vostedes traían o Plan Galicia do Goberno ao debate e á concordia e á suma de esforzo nesta Cámara. Pero vostedes negárono e non tiveron nin a altura, nin a capacidade de asumir ese compromiso.

Pero o que me preocupa hoxe é ollar o futuro, mirar cara a adiante. E o que hoxe nos preocupa ao Partido Socialista e ao seu grupo parlamentario é saber se un ano despois da catástrofe temos os dispositivos e os recursos operativos para evitar unha catástrofe ou para responder no caso doutra; se está xa incluído e definido o establecemento dun porto-

refuxio; se temos avanzado no establecemento de servizos de gardacosta e de servizos de vixilancia marítima; se estamos impulsando os mecanismos legais da responsabilidade civil ilimitada –fundamental para previr e evitar accidentes destas características– e se estamos conseguindo sacalos adiante no ámbito da Unión Europea e da Organización Marítima Internacional. O que me preocupa –nos preocupa– realmente é se estamos plantexando a fondo a recuperación medioambiental de Galicia; se de verdade o estamos planteando, en termos da biodiversidade e en termos da sostibilidade, danadas, en parte, irreparabilmente; se de verdade estamos plantexando a recuperación dos recursos e da natureza nas condicións que Galicia demanda e as xeracións futuras nos esixen.

Porque miren, señorías, falar das promesas do Plan Galicia para o ano 2025 ou para o ano 2030 non nos pode facer esquecer a agonía do 2003, a crúa realidade dos problemas presentes. Esta lexislatura foi un tempo perdido e o seu discurso de hoxe pola mañá, señor Fraga, é o mellor anuncio da prolongación da agonía política do Goberno de Galicia, a mellor demostración de que vostedes non poden ofrecerlle a Galicia, hoxe, máis que os minutos de desconto. Quero expresarlle o noso profundo desacordo co xeito co que remata este longo período do seu mandato; exactamente os dous anos e o ano final do mandato que hoxe hai que debater nesta Cámara e que vostede evitou –prudentemente, supoño– no seu discurso desta mañá.

O balance destes dous últimos anos é o dunha lexislatura perdida; os catorce anos transcorridos coa súa maioría absoluta non poden ocultarlle á cidadanía o desastre dos dous últimos anos. O balance desta lexislatura é o dunha Galicia minguante, que perdeu peso e influencia no conxunto de España. Isto non quere dicir que sexamos máis pobres; non quere dicir, obviamente, que vivamos peor; quere dicir que outras comunidades gañan peso, posición, influencia, compiten máis e mellor, e, mentres, nós perdemos posicións; quere dicir que a situación é de perda de influencia e de peso no conxunto de España.

Señorías, seguimos estancados en segunda división porque perdemos poboación; se a poboación galega non perde-se peso en España, nestes cinco últimos anos teríamos que ter 120.000 habitantes máis que os que hoxe realmente temos. Seguimos estancados en segunda división porque

perdemos emprego; somos un país que cada ano ten menos opcións de emprego en relación co conxunto do Estado. Nos últimos anos asistimos en Galicia, señor Fraga, a un empeoramento notable da ocupación, do emprego e da precariedade laboral. Vostede non tivo nin o xesto de mencionar o problema máis groso e o drama máis importante que hoxe vive a nosa sociedade: a inseguridade e a precariedade no emprego, señor Fraga. Se o emprego non perdese peso, teríamos que ter nos últimos cinco anos 67.000 persoas máis ocupadas. Coas súas políticas, co seu estrepitoso fracaso nestes dous últimos anos en Galicia, o emprego resulta cada día máis escaso, máis precario e máis inseguro. Esa é a realidade.

E seguimos estancados en segunda división, señor Fraga, porque perdemos peso económico. Un ano máis, a produción, a riqueza xerada pola economía galega, non só non gaña, senón que perde posicións en comparación co resto do Estado. Galicia perde peso relativo no produto interior bruto español. Seguimos estancados en segunda división porque perdemos peso e influencia política, señor Fraga. Os orzamentos do Estado para Galicia –vamos parar un segundo nesta reflexión– son unha boa mostra disto. Nos dous últimos anos, o Goberno do señor Aznar e do señor Rajoy marxinaron e discriminaron gravemente esta Comunidade. Os orzamentos do Estado para Galicia, medidos en termos de investimento por habitante, depáranos un triste balance. Débennos, señor Fraga, 430 millóns de euros nos dous últimos anos. Temos moito menos do que, en xustiza, nos corresponde. Non é que esteamos falando de reequilibrio territorial nin de discriminación positiva a favor de Galicia; estamos falando de xustiza e de igualdade, estamos falando de que os cidadáns de Galicia teñan a consideración de cidadáns de primeira e non de segunda división, señor Fraga. Estamos falando de que vostede sexa un presidente de primeira e non de segunda división, señor Fraga. Diso estamos falando. Nin no ano en que deberíamos comezar –segundo vostedes– a recuperación co Plan Galicia, despois do *Prestige*, somos quen de superar a media de investimentos por habitantes do Estado. Quedamos relegados nestes presupostos, nos que acaban de entrar a debate na Cámara, no Congreso en Madrid, ao número 11 entre as 17 comunidades do Estado. O certo e o triste, señor Fraga, o que nos di a realidade, é que os presupostos do Goberno do señor Aznar e do señor Rajoy nos está a discriminar inxustamente.

Señor Fraga, o seu papel á fronte da Presidencia da Xunta non pode ser o de mendigar a dignidade –son as súas palabras–, o de pedir retiro con dignidade polos ministerios de Madrid; o seu papel é a dignidade que vostede consiga é que o investimento público por habitante en Galicia, como mínimo, sexa como a media do Estado; non falo xa da débeda histórica nin da corrección da inxustiza e da desigualdade, falo simplemente de equidade, señor Fraga. Vostede explicará por que un ano despois de outro, nos dous últimos anos, se nos deben máis de 400 millóns de euros, que son moitos miles de millóns das antigas pesetas.

Falemos en serio, señor Fraga. A Galicia ideal que vostede describiu esta mañá aquí no seu discurso soamente existe no discurso e, iso si, nos telexornais da TVG, que ferreamente seguen controlando. Señor Fraga, a verdade á que me vou referir agora é que quebrou o proceso de converxencia externa do noso país. A pregunta que temos que facernos, e que me quero facer hoxe aquí diante desta Cámara, é se estamos a medrar de maneira ininterrompida e de forma máis intensa que as economías do noso contorno. Velaí a cuestión central. ¿Somos capaces de achegarnos á economía do noso contorno? ¿Crecemos de forma intensa, máis que o que están a crecer esas autonomías? Miren, señorías, no período de maior crecemento da economía española, no comprendido entre os anos 1995 e 2002 –polo tanto, no último período, incluso no período do cal temos que debater hoxe aquí, ao abrigo do paraugas da Unión Europea, co maior crecemento grazas a ese paraugas inmenso–, Galicia medra menos que o conxunto do Estado. España acumula un crecemento do 26,4%, mentres que Galicia medra tan só o 20,8%. Agrándanse as distancias de forma considerable, señor Fraga, e non lle dea voltas aos datos, que non o mareen con papeis; son os datos oficiais, o 20% contra o 28%. É así, señor Fraga, por moito que o señor Orza leve catorce anos facendo presupostos, incumprindo todos os anos as previsións que nos vén anunciar aquí. A crúa realidade é que desde o ano 1995 ata aquí foi acumulado o 26% fronte ao 20%. Agrándanse as distancias.

En relación coa Unión Europea, neste mesmo período, Galicia converxe a metade que a media española; achegámonos á metade do que se está achegando a media en España, e hoxe ocupamos o lugar número 178 das 195 rexións europeas. Francamente, é difícil facelo peor, o lugar 178 das

195. Exactamente, agora somos a rexión número 17 pola cola en Europa, señor Fraga.

A taxa de paro supera a estatal, inverténdose a situación que se viña mantendo ao longo dos últimos vinte anos. Para o mesmo período –porque non quero facer trampas–, sempre 1995-2002, o ritmo de creación de emprego nesta década que vostede celebra foi catro veces inferior ao estatal, e a precariedade e a sinistralidade laboral, que tampouco lle preocupa no seu discurso e nas súas políticas –que é o peor–, parecen desbocadas e incontroladas, porque estamos tres veces por riba de Europa, e estamos por riba de España, nunha situación realmente preocupante, de alerta vermella, na situación de seguridade no traballo, de ocupación e de emprego.

A conclusión que se extrae destes datos é clara: nesta lexislatura, señor Fraga, a súa política e o seu proxecto fracasaron estrepitosamente no obxectivo central de achegarnos e de homologarnos ao noso contorno. Ese é un obxectivo central –logo referireime a el–, pero é probable que para vostede, nesa mensaxe adormentadora e enganosa, finalmente, ese non sexa un obxectivo central, nin tan sequera un obxectivo ambicionable no curto ou no medio prazo.

A realidade é que carecemos, señorías, dun modelo de crecemento sostido, dun modelo que sexa capaz de manter e soste o crecemento a medio e longo prazo, porque, en realidade, co seu modelo, coa súa política, estamos consolidando unha comunidade autónoma fortemente subsidiaria e dependente. Por certo, dos múltiples consellos que di vostede que lle dou, algún ultimamente xa o empezou a seguir. Tras moitos meses de parálise, por fin marchou a Bruxelas. Está ben, xa era hora de que fora. Reclamou vostede fondos europeos para o *Prestige*. Está ben, xa era hora de que os reclamara. Tamén é certo que, ao facelo, está vostede, como mínimo, recoñecendo tres cousas: que eses fondos fan falta, que non os tiñamos, e que ata agora non os xestionara. Pero está ben, un ano despois foi a Bruxelas. O problema é que chega vostede a Bruxelas cando a reforma da política agrícola comunitaria está realizada, cando a política común de pesca xa estaba feita, cando o modelo da ampliación xa estaba decidido e cando, tamén, xa estaba decidido que non habería fondos adicionais novos para o *Prestige*, señor Fraga, máis alá de nove millóns de euros. Pero o máis preocupante non é iso, realmente. O máis preocupante é que a

súa mensaxe desde Europa foi totalmente adormentadora, totalmente enganosa para este país. Anúncianos –ollando non sei que bóla de cristal– que para o ano 2007, despois de 2007, en termos de política de cohesión e de desenvolvemento rexional europeo, en termos de fondos, todo vai seguir igual. Mire, señor Fraga, nin esa mensaxe é certa nin é esa a mensaxe que lle debe enviar ao seu país un presidente con horizonte e con visión de futuro. A nosa aspiración non pode ser a de seguir igual no ano 2007, en segunda división. A nosa aspiración é saír da segunda división e deixar de andar a ritmo de tartaruga mentres os demais están correndo como gacelas. Ese é un obxectivo nacional, o que Galicia lle quere escoitar, e non o de “todo segue igual”, señor Fraga. Por iso, temos que reorientar a nosa estratexia de converxencia e revisar a utilización dos fondos europeos coa vista posta no capital humano, na innovación e na tecnoloxía.

Miren, creo que está demostrado no esencial que a converxencia externa non a estamos conseguindo, pero ¿estamos aproveitando a expansión económica para fortalecer a cohesión interna como país? ¿Estamos reducindo as desigualdades sociais, señor Fraga, dentro de Galicia? ¿Estamos conseguindo ese obxectivo dun país máis cohesionado e máis reequilibrado territorialmente nesta última lexislatura? Señorías, no campo da cohesión e do equilibrio interno, todos os indicadores de alarma están acendidos e sinalan que nestes últimos anos non estamos construíndo unha sociedade máis cohesionada e máis equilibrada internamente. Esta é a Galicia do PP, unha Galicia na que medran as desigualdades sociais entre o urbano e o rural, na que cada vez son maiores as distancias de renda media entre os concellos de Galicia; unha Galicia onde seis de cada dez fogares, a maioría dos fogares –antes eran cinco, en 1996–, viven con rendas inferiores á media. Temos hoxe en Galicia, señorías, preto de 140.000 pobres de solemidade; temos en Galicia 400.000 persoas con menos de 100.000 pesetas de ingresos ao mes. A realidade é que, coas súas políticas, están a consolidar a Galicia das dúas velocidades. Os índices de envellecemento e de dependencia reflicten o despoboamento da Galicia interior e a súa incapacidade progresiva para fixar poboación e xerar riqueza.

En resumo, señorías, o país funciona, pero o Goberno non. O país funciona a pesar do Goberno, señorías, pero se seguimos así, chegará o día que non poderemos avanzar, nin o Goberno nin o país. Galicia necesita un proxecto político

ambicioso, moderno e integrador, un proxecto que realmente afronte os grandes desafíos que definen a segunda modernización de Galicia; porque temos recursos, temos identidade como país, temos posición xeoestratéxica e temos capacidades para aproveitar a oportunidade histórica que nos dá a sociedade do coñecemento, que nos dá España e que nos dá Europa. Debemos e podemos mobilizar as nosas mellores capacidades, remover as trabas políticas que están a limitar a innovación, a creatividade e a iniciativa. Xa non somos un vello e pequeno país que se queixa resignadamente, que se abandona paralizado á nostalxia imposible dunha historia mellor. A nosa concepción do galeguismo enlaza con ese compromiso de poñer a traballar as mellores enerxías de Galicia, sen fatalismos, sen inercias nin pasividade. Ese é o galeguismo que profesamos desde o Partido Socialista de Galicia –que tamén era, por certo, señor Fraga, o de don Ramón Piñeiro–, un galeguismo que se debe converter no motor cívico da segunda modernización de Galicia.

Propóñolles un impulso modernizador, un proxecto nacional, porque creo na posibilidade certa dunha Galicia tecnoloxicamente avanzada e socialmente protexida. Creo na posibilidade dunha Galicia desenvolvida e moderna, aberta ao mundo, con capacidade de innovación, máis xusta e máis integrada territorialmente. Temos que ter a aspiración de ser influíntes en España e en Europa e de ter unha posición competitiva no mundo global. Propóñolle as cinco grandes reformas, as cinco grandes transformacións que temos que afrontar nos próximos anos, señor Fraga: a aposta pola innovación e a educación, o compromiso da cohesión social, o acordo polo territorio unha nova estratexia de desenvolvemento económico sostible e reforzar a cidadanía dinamizando a nosa democracia.

A aposta pola innovación e a educación para superar a sociedade do atraso tecnolóxico. A educación, como clave do futuro, é o factor máis importante para garantir a igualdade e a liberdade. En pleno século XXI, temos que dar o salto e adaptar o sistema educativo ás novas realidades. Hoxe en día non se pode rematar cuarto de ESO, o ensino obrigatorio, sen dominar, polo menos, unha lingua estranxeira ou ter uns coñecementos operativos das novas tecnoloxías. Temos que afrontar que 24 de cada 100 nenos galegos viven o fracaso escolar; debemos combater ese fracaso escolar cun auténtico plan de prevención, con grupos de alumnos reducidos. Quero unha nova escola adaptada ás

necesidades do século XXI, na que, ademais de educarse para o coñecemento, se poñan en marcha centros dixitais en rede con novos sistemas de información e de relación entre o profesorado, na que se forme o profesorado e os alumnos nas novas tecnoloxías, na que se xeneralice a gratuidade dos libros de texto. Isto non será posible sen unha lei de calidade no servizo público de educación que regule e asegure o cumprimento desa segunda vaga modernizadora na escola de Galicia. Faise imprescindible elaborar un plan estratéxico da sociedade do coñecemento e da información, porque Galicia ten que meterse no centro de España e no centro de Europa. Esta é unha carreira nova que pode mitigar ou pode intensificar a excentralidade xeográfica e política do noso país.

O compromiso da cohesión social. Queremos poñer en marcha entre todos unha Galicia socialmente protexida e laboralmente estable, un plan necesario contra a precariedade no emprego, unha lei integral de protección da familia: esas son necesidades indubidables de Galicia. Temos que abrir un debate de fondo para a reforma do sistema de contratación laboral.

Queremos un acordo polo territorio para ordenar e reequilibrar o país, un acordo polo territorio necesitado, realmente, dunha nova rexionalización de Galicia, baseada nunha lei de ordenación do territorio, na que se contemple a creación das dúas áreas metropolitanas, de tres grandes áreas urbanas e, no contorno, de quince ámbitos supracomarcais, como novos instrumentos de ordenación e programación de equipamentos e de servizos.

Queremos desenvolver un novo contrato social, unha lei de bases do medio rural que faga realidade a igualdade de dereitos entre os cidadáns do rural e os cidadáns do mundo urbano.

Queremos unha nova estratexia económica que permita superar o carácter subsidiario e dependente da nosa economía.

Finalmente –imprescindible–, xunto con todo iso, queremos facer o cambio na orientación das políticas públicas que permita reforzar o valor da cidadanía, a súa participación, a transparencia na vida pública e tamén dinamizar a nosa democracia.

Non quero rematar, señorías, sen dicir que esta Cámara ten o meu compromiso para converter en obra colecti-

va a ambición e o soño galeguista dunha Galicia con maior peso en España e en Europa. Debemos traballar conxuntamente nesa dirección desde o compromiso galeguista, desde a afirmación da nosa identidade, co impulso do autogoberno. Farémolo mellor se o facemos xuntos, señor Fraga, sumando os esforzos de todas as institucións, chegando a consensos básicos, compartindo un proxecto para Galicia co que todos poidamos sentirnos identificados.

Transcorreron 25 anos de Constitución e 20 anos de Estatuto de autonomía, e neste tempo protagonizamos unha profunda descentralización política. Estamos a piques de dar a luz unha constitución para unha Unión Europea con 25 membros, e, con vontade política, con intelixencia e con capacidade de anticipación, temos que abrir un horizonte para dar as respostas axeitadas a este novo escenario desde a concertación e o diálogo, no marco da Constitución e do Estatuto; temos que abrir un novo viero para o impulso do autogoberno que nos sirva para defender e proxectar mellor Galicia no mundo, en España e en Europa, e para garantir-lles aos cidadáns...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ TOURIÑO:... máis igualdade, máis cohesión e mellores servizos. Por iso veño propoñendo ese proxecto modernizador e reformista do estado autonómico, e reitérolle á Cámara a necesidade de abrir –desde o consenso e o diálogo– un proceso de avaliación, mellora e profundamento do noso autogoberno.

Conclúo, señorías; grazas, presidente. Estes, que non outros, son os retos do noso país, ao meu entender. As miñas palabras quero que sexan hoxe máis que nunca de proxecto e de esperanza para Galicia, de alternativa de goberno, porque ao remate deste ano de catástrofes inconclusas e de promesas incumpridas, Galicia necesita mirar cara ao futuro. Vostedes xa non responden aos problemas da cidadanía. Todos os gobernos se desgastan, se esgotan, esmorecen, perden forza e capacidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ TOURIÑO:... co paso dos anos, e Galicia non debe nin pode perder outro dos anos do seu futuro.

Señorías, señor Fraga, o tempo do proxecto político do PPdG esgotouse. Isto é o que nos ofrecen vostedes: un país sen solucións e sen horizontes, un tempo nubrado, un país nubrado como tan lucidamente titula a súa reflexión o grande Octavio Paz. Galicia non o merece. Os galegos –conclúo– queren un proxecto nacional de progreso, queren unha Galicia tecnoloxicamente avanzada, laboralmente estable e socialmente cohesionada. Teño a convicción, señorías, de que represento a mellor alternativa para ese proxecto compartido de todos os galegos. Este é o noso reto, o reto da segunda modernización de Galicia: transformar Galicia con todos e para todos, ese é o noso compromiso.

Moitas grazas, e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Touriño.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o seu portavoz, o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, señor presidente da Xunta de Galiza, hai agora vinte e cinco anos que entrou en vigor unha constitución democrática que configurou un estado das autonomías con tres nacionalidades históricas e Galiza é unha desas tres nacionalidades históricas constitucionais– e catorce autonomías rexionais e provinciais –oito e seis respectivamente–, e hai vinte e dous anos que entrou en vigor o Estatuto de autonomía de Galiza e que os cidadáns galegos elixiron o primeiro Parlamento, que, á súa vez, investiu o primeiro presidente do Goberno autónomo ou Xunta de Galiza.

Hai, así mesmo, vinte e dous anos que accedeu á Presidencia dos Estados Unidos de Norteamérica un mediocre actor secundario de Hollywood coñecido nos anos cincuenta como delator contumaz na caza de bruxas desatada polo macartismo, e que, desde esa Presidencia do estado máis forte e agresivo do planeta, desencadeou a ofensiva do capitalismo salvaxe e do pensamento único ultraliberal, coñecido hoxe como globalización, que acada o seu apoxeo na década dos noventa a raíz da implosión da Unión Soviética e da conversión dos Estados Unidos nunha hiperpotencia mundial sen ningún contrapeso político no planeta.

Tamén hai vinte e dous anos que un golpe militar fascista protagonizado por altos mandos do exército español ten-

tou aplicar ao seu xeito e pola súa conta o artigo nº 8 da Constitución para defender a integridade de España, seica gravemente ameazada polo separatismo autonómico das nacionalidades históricas –as únicas que tiñan estatutos en vigor–. Fracasou no seu obxectivo pleno, que era acabar co réxime democrático que acababa de nacer e pasarlle a gadaña ás elites da esquerda, mais triunfou en coartar o réxime democrático, desde aquela máis preocupado polo Exército que ocupado en desenvolver a Constitución conforme ao espírito e ao modelo do Estado das autonomías. Aí están, mesmamente, as raiceiras da actual involución contraconstitucional do aznarismo.

Hai dezasete anos que un goberno do PSOE, coa adhesión inquebrantable do actual PP, consuma a integración do Estado español na Comunidade Económica Europea –hoxe Unión Europea–, en condicións ruínas para Galiza que daquela a clase política non quería ver e impediu que a maioría dos cidadáns visen, de xeito que puidesen armarse mentalmente e prepararse vitalmente para o que se lles viña enriba: un reto fortísimo para o que Galiza non estaba preparada nin económica nin social nin politicamente. Como prólogo, ese mesmo goberno do PSOE aplicara un plan de reconversión salvaxe nun sector punteiro da industria galega de entón: a construción naval, vital para o complexo mar-industrial e que non se volveu recuperar nunca máis daquilo. A Comunidade Europea ía facer o mesmo en sectores produtivos vitais, exportadores natos, como o agrogandeiro, a pesca ou a conserva. Así, a nosa nacente autonomía tiña que atender os graves problemas económicos e sociais causados en Galiza pola integración en Europa no canto de consagrarse a resolver os endémicos atrancos internos que mantiñan confinada ata entón no atraso a economía galega.

En fin, hai catorce anos, o providencial Estado español, sempre solícito *padre padrone* de Galiza e dos galegos, decidiu enviar a Manuel Fraga a poñer orde nesta caótica Fisterra e aprenderlles aos galegos como se fai iso de autogobernarse. Os froitos da providencial operación resultan ser no día de hoxe absolutamente esplendorosos: Manuel Fraga leva case que tres lustros gobernando Galiza para España e o PP, con incesante maioría absoluta neste Parlamento, pois diso se trataba. ¿Cabe mellor balance?

Algún inxenuo despistado pode preguntarse desconcertado: ¿Cales foron os froitos de tan gloriosa éxida para os

cidadáns galegos gobernados por Manuel Fraga? É unha pregunta que só a un despistado iletrado coma min se lle pode ocorrer, porque a resposta lóxica é obvia e contundente: ¿Acaso non le vostede os periódicos? Nos tempos en que o señor Fraga Iribarne era ministro de Información circulaba unha malévola anécdota –naturalmente, inventada polos comunistas– que falaba dun viaxante de comercio que non atopaba por España adiante nin rastro das fabulosas realizacións do réxime que a prensa comunicaba diariamente en grandes titulares; disque o viaxante visitou o ministro para expoñerlle a súa perplexidade e a resposta do ministro foi contundentemente convincente: “*Mi querido amigo, menos viajar y más leer los periódicos*”.

Nunha recente reportaxe sobre as obras faraónicas de Ramsés O Grande, dicía un arqueólogo que aquilo fora o primeiro e máis colosal programa de propaganda ideolóxica do poder na historia das civilizacións humanas –claro que daquela aínda non existían os *mass media* modernos–. Con todo, non está de máis facer tamén aquí algo impactante no compostelán monte Gaiás; e só poden preguntarse se esa obra ten un destino, ou para que vai servir, os cidadáns despistados que non viron a reportaxe de Ramsés ou os viaxantes que comprobaban o estado penoso do patrimonio histórico, artístico e arqueolóxico deste país por toda a Galiza rural adiante –e non só a rural: véxase, por mostra, a parte antiga da Coruña, xoia da sensibilidade vazquista–.

Agora ben, os cidadáns distraídos, inxenuos, fanse, sobre todo, unha pregunta crucial, que suscita, á súa vez, unha reacción en cadea de interrogantes derivadas dela. Vóullelas formular: ¿De que lle serviu a Galiza a autonomía durante as dúas décadas que leva en vigor? ¿De que lles serviron o Parlamento e a Xunta á cidadanía e á sociedade galega? ¿De que lles serviron os tres lustros da súa presidencia? ¿De que lles serviron aos labregos, mariñeiros, obreiros, ao empresario autóctono, aos comerciantes, aos autónomos que montan talleres de carpintería, fontanería, reparación de autos, restaurantes, parrilladas, bares, servizos de asesoría, de novas tecnoloxías, de profesións liberais? ¿De que lles serviu ao mundo da cultura, aos artistas plásticos, músicos, á xente do teatro e do cine, ao audiovisual, aos artesáns, escritores, editores e libreiros? ¿De que lles serviu aos xubilados e prexubilados e ás amas de casa? ¿De que lles serviu á mocidade que emigra e á que fica aquí a traballar ou a procurar traballo, aos estudantes e ensinantes? ¿De que lles ser-

viu aos usuarios do transporte público, da sanidade pública, dos servizos sociais e asistenciais? ¿De que lles serviu aos milleiros de ríos e regatos e á súa fauna, ao medio ambiente, aos ecosistemas da beiramar e do interior, ás masas forestais autóctonas, aos montes veciñais, ás reservas humíferas que amparan e renden feraz ao solo deste país de pedra de gran, xabre e lousa? ¿De que? ¿De que lles serviu aos nosos sinais de identidade nacional, empezando polo noso idioma e os seus falantes a “lingua proletaria do meu pobo” que dixeran o Celso Emilio na *Longa noite de pedra*; “a soa e verdadeira xente do traballo no meu país” que dixeran Rosalía cen anos antes ca el? ¿Valeulle ou non a Galiza a autonomía que vos- tede preside desde hai tres lustros? ¿Estaría Galiza –a súa xente, a súa terra e o seu mar– peor ou mellor con ou sen autonomía, mellor ou peor se vostede non desembarcase aquí hai catorce anos? Vostedes falan do que fan: só falan e só do que disque fan. ¿Pregúntanse algunha vez qué pensan, senten ou padecen os cidadáns gobernados por vostedes? ¿Tentan algunha vez metérense na pel dos cidadáns que vos- tedes tratan como súbditos? ¿Ou coidan vostedes que os cidadáns só se expresan cando votan debidamente aleccionados pola propaganda que vostedes monopolizan?

Nós, os nacionalistas galegos de arestora, e os nosos devanceiros, desde os “precursores” do século XIX, acreditamos sempre que só con gobernos de noso a cidadanía galega podería ser, efectivamente, libre e acadar o benestar social e a autoestima sen complexos. Defendemos sempre pacificamente un ideario democrático e loitamos sempre polos dereitos, as liberdades e o benestar material e cultural do pobo galego. Consagramos sempre a esa loita democrática as nosas enerxías e as nosas vidas, e mesmo as ofrendamos, chegado o caso, como Bóveda e tantos outros; o Bóveda que vostedes cometeron a indecencia de sepultar baixo un ominoso silencio institucional neste ano dedicado ao seu centenario por todas as xentes de ben, demócratas honestos, que non temos ningún dos “infernos na memoria, cando non na conciencia” aos que se refería Rosalía de Castro.

Nin os nosos devanceiros nin nós mesmos chegamos aínda a gobernar, e ben está que así sexa. Nós construímos edificios democráticos para os cidadáns, non para domicilio noso, e os cidadáns deciden co seu voto quen van ser os ocupantes. Mais se goberna vostede, é tan só porque os nosos devanceiros e nós loitamos durante século e medio polo autogoberno de Galiza. Vostedes non achegaron nin un gran

de area para botar os alicerces deste edificio na historia. Vostedes, na historia de Galiza, nunca vogaron, sempre ciaron –como din, naturalmente, no galego occidental das rías–, ou fixeron coma o cuco: puxeron o ovo no niño do xilgaro cantor ou da cotovía que se eleva no ar ao empardecen. O que non pode facer ningún inquilino dunha institución creada para servir a este país é servirse dela para si mesmo ou ocupala para pola ao servizo dos caprichos do poder central, dos desatinos do Estado ou do mortífero furor integrista do aznarismo. Iso é o que vostedes levan feito co poder autónomo de Galiza, e iso é tamén o que sobordou a paciencia da cidadanía máis consciente do noso país hai agora exactamente un ano menos tres semanas e desencadeou o abraiante exercicio de dignidade cívica e protesta democrática que lle devolveu a Galiza a honra que lle fora roubada polo poder que vostedes detentan. ¿Por que? Porque, nin a colosal maquinaria de propaganda faraónica de Ramsés o Grande foi capaz de ocultar a verdade das condicións de existencia da xente e impedir a revolta dos seus súbditos nos derradeiros días da súa lonxeva existencia e tiránico goberno vitalicio. Tampouco a súa maquinaria de propaganda e compra do silencio e submisión, señor presidente, puido ocultar por máis tempo o balance do resultado de tres lustros de Goberno nin a súa deserción das responsabilidades políticas substanciais con institucións creadas para defender os cidadáns galegos.

Vóullelo demostrar. Tentarei facer, brevemente, un balance e unha diagnose, xa que o inventario xa o fixo o portavoz do Grupo Socialista.

Hai vinte e cinco anos, cando se aproba a Constitución, a economía e a sociedade de Galiza tiñan unha estrutura dual sometida a unha articulación perversa e definitiva dun país subdesenvolvido. O sector agrario, a maior parte do pesqueiro, e mesmo boa parte da industria e dos servizos, da construción e da minería, tiñan estruturas atrasadas e formas precapitalistas de organización interna. Representaban a inmensa maioría da poboación ocupada e mesmo a maior parte do produto interior, mais acobillaban un potencial e unhas vantaxes comparativas que permitirían desencadear un potente desenvolvemento desde dentro deles mesmos, coa condición de dispoñer de institucións políticas ao seu servizo con poder suficiente para promover e orientar ese proceso sen constricións impostas por outros poderes políticos externos. Foi a grande esperanza que depositaron os

cidadáns no nacemento das institucións políticas da autonomía galega: por fin poderían decidir por eles mesmos o desenvolvemento acaído dos seus recursos, da súa economía, da súa sanidade e benestar social e tamén do seu ensino, da súa cultura e do seu idioma. Mais, empezando pola economía, non foi así, e o desencanto tornouse axiña frustración e, finalmente, segundo a idiosincrasia de cada segmento cidadán, escepticismo, pasotismo ou indignación e protesta; un complexo proceso acumulativo que estoupou hai un ano coa catástrofe do *Prestige*, pero que se fora xestando desde máis de tres lustros atrás.

A Galiza rural tiña como prioridades económicas fundamentais as actividades agrarias e a pesca –nomeadamente a de baixura– e o marisqueo, ademais de industrias derivadas e oficios artesáns. Precisamente neses sectores o Estatuto de Galiza atribuíulle competencias exclusivas ao Parlamento e á Xunta. Vexamos que fixeron con elas.

Hai vinte e cinco anos, as actividades agrarias ocupaban arredor das seiscentas mil persoas, hoxe apenas sobordan as cen mil; a pesca ocupaba máis de sesenta mil, hoxe non chegan ás trinta mil; pero mesmo a industria ocupaba douscentos mil traballadores e hoxe apenas supera esa cifra, pese a terse recuperado con emprego precario da caída que a mediados dos noventa a puxera por debaixo dos cento corenta mil traballadores. Ou sexa, ao cabo de vinte e cinco anos de réxime constitucional, as actividades produtivas nas que se basea a economía real ocupan en Galiza case medio millón de traballadores menos que ao comezo do período; é un indicador elocuente da drástica redución que padece en Galiza a dimensión social dos piares de toda a economía moderna sólida.

Aínda hai poucos meses que Emmanuel Todd, nunha obra lúcida e provocativa sobre o imperio americano, sinalaba como, en termos da economía real, as dúas grandes potencias mundiais actuais eran a Unión Europea e Xapón, e xa non os Estados Unidos. E ironizaba coa rexouba de que, dada a confusa maneira en que se lle atribúe o valor á produción de servizos, nunha economía tan terciarizada como a norteamericana a contabilidade do seu produto nacional resultaba tan pouco fiable como a da antiga Unión Soviética. Só o control do Sistema Monetario Internacional lle permitía á economía norteamericana manter a hexemonía no mundo pese á súa crecente febleza en termos de economía

real –tamén o control do sistema monetario, do sistema armamentístico e ata da diplomacia e da ONU, porque cando quixo botala ao lixo, botouna tranquilamente, con aplausos de José María Aznar–. Mais Galiza é minúscula e non pinta nada no sistema monetario, nin sequera na área do euro, de xeito que é grave que o auténtico desangramento que padecen as nosas economías agraria e pesqueira non se teña compensado acaidamente con transvasamentos a outros sectores da nosa economía real. Digan vostedes o que queiran, mais os feitos están aí, son teimudos e as aseveracións científicas non se someten a proba por sufraxio universal.

A diferenza entre unha economía atrasada e outra avanzada non consiste en que na atrasada prepondere o sector primario –agropesqueiro– e na avanzada o sector secundario –industrial–; esa lectura só a fan hoxe os catetos en economía –hainos no MIT tamén, non vai por aquí–. A diferenza significativa consiste en que nunha economía atrasada tanto o sector agrario e pesqueiro como o industrial teñen estruturas produtivas atrasadas, mentres que nunha economía avanzada tanto un coma o outro teñen estruturas produtivas avanzadas. Por tanto, a caída de poboación activa na agricultura e na pesca non é en si mesma signo de desenvolvemento, e menos aínda se vai acompañada de estancamento ou incluso caída nas magnitudes de produto de renda deses sectores, como é o caso de Galiza, especialmente desde o ingreso en Europa e máis aínda desde o acceso de vostedes ao Goberno da Xunta, e a iso quero ir agora.

Vexamos qué ocorreu no sector agrario desde o noso ingreso na Comunidade Europea en 1986 –sigo a metodoloxía Eurostat-CEA 89, da Unión Europea–. Desde ese intre até hoxe e, especialmente, desde mediados dos noventa, o sector agrario vén padecendo unha constante e fortísima caída da poboación ocupada. Hoxe hai menos da metade de traballadores agrarios que só sete anos antes e apenas unha cuarta parte dos que había en 1985; só no pasado ano 2002 a diminución foi dun 10%, nada menos –iso só nun ano; en dez anos, liquidado todo–. Ao comezo, a evolución nosa foi análoga á española mais nos últimos sete anos, mentres en España a poboación agraria ocupada tende a estabilizarse, en Galiza volveuse reducir á metade a un ritmo anual que multiplica por cinco o ritmo medio español de descenso da poboación activa agraria. Somos un país cun potencial agrario que non ten nada que ver con Castela-A Mancha e cunhas posibilidades impresionantes de fixación de poboación,

de traballos intensivos e de forza de traballo no sector agrario; e, malia iso, o ritmo de descenso da poboación activa agraria é cinco veces maior en Galiza que no conxunto do Estado. Esa sangría laboral agraria non levou aparelado un rexuvenecemento da súa composición: reduciuse un chisco a porcentaxe de traballadores con máis de cincuenta e cinco anos, pero reduciuse relativamente aínda máis a dos menores de vinte e cinco anos. Non fican apenas mozos e mozas traballadores en actividades agrarias, as cifras son pasmosas e trágicas: en 1995 había só 12.000 labregos activos menores de vinte e cinco anos, por xunto, en Galiza; no pasado ano 2002 ficaban, por xunto, 3.700 labregos menores de vinte e cinco anos activos en toda Galiza –menos que o número de alumnos que hai hoxe na Facultade de Económicas, en Santiago de Compostela–. En comparanza con iso, as subvencións europeas son como o caudal do río Sar no mar de Arousa. ¿Como pode haber mozos e mozas que poidan traballar na agricultura nestas condicións?

Porque esa é outra: o que pasou coa produción e os ingresos dos labregos desde 1986. A renda agraria labrega galega reduciuse neste período no 54%, ou sexa, en máis da metade; mentres no conxunto do Estado medraba nun 15%, ou sexa, nunha sexta parte –converxemos ao revés, o que pasa é que as liñas paralelas converxentes no infinito sempre se xuntan; e mesmo despois da ESE, igual–. Por iso, pese ao brutal descenso de labregos activos, a renda por ocupado non aumenta apenas –un ridículo incremento cinco veces menor que na agricultura española–. A renda media de cada labrego galego en 1986 era catro décimas partes da media española, no 2000 era dúas décimas partes; e vostedes tan anchos. Seica tamén nisto Galiza converge co Estado e con Europa. Porque, se collemos o tramo final deste período, na segunda metade dos noventa, pese a que se agudiza o brutal descenso da poboación ocupada, a renda por labrego ocupado diminuíu en valores absolutos. Non só fican un de cada cinco labregos que estaban activos cando os meteron no paraíso europeo e un de cada catro de cando vostede chegou aquí a pedirllas o voto e resolverllas os problemas, senón que os que fican son cada vez máis pobres en termos relativos e tamén en cifras absolutas de ingresos de cada un deles; e as previsións son de que esas tendencias van continuar, seguramente, até que non fiquen absolutamente ninguén na actividade agraria e a Galiza rural sexa un absoluto deserto verde e gris. Porque o único que se expande é o sector forestal, onde inzan, propulsadas por vostedes, as masas uniformes de coníferas e eucaliptos –e

os incendios, claro está–. Van vostedes conseguir que a Galiza rural retorne á fasquia anterior ao século XI, cando chegaron os frades bieitos do Císter, inventaron o foro e puxeron os servos labregos a rozar as terras que estaban a mato ou selváticas; só que no século XI non había incendios, porque non eran eucaliptos nin se montara aínda o enguedello de intereses da economía do 2000.

Chegou vostede hai tres lustros –non co Císter, senón con outro instituto relixioso-operario– e prometeu crear un grupo lácteo galego, indispensable para desenvolver un complexo agroindustrial análogo ao mar-industrial que na Galiza costeira fora o motor e pulmón do único desenvolvemento económico potente en todo o século XX. Mais deseguida fixo vostede o contrario: promover e até financiar a apropiación sucesiva das industrias lácteas xa existentes por transnacionais foráneas. A primeira vítima foi Larsa, regalada á Unión Leiteira Normanda. Teño que dicir en honor á verdade que o señor Sineiro –que era antes conselleiro de Agricultura– e ese Goberno tan maltratado por vostedes con palabras –tan deostado– tiñan un plan de recuperación de Larsa, e vostede deu 2.000 millóns para que a comprase a Unión Leiteira Normanda. Logo, fixeron o mesmo coa maioría das restantes e ultimamente tiveron o descaro de dicir que lles dá igual de onde veñan os capitais que as merquen, aínda que sexa para reducir cadros de persoal ou desmantelar as plantas transformadoras.

No que atinxe ao sector pesqueiro, como o complexo mar-industrial xa existía antes da chegada de vostede e non podía abortar o seu nacemento, deixáronlles facer a outros, que tentan rebentalo e esganar a pesca costeira, desmantelar unha frota tras outra, arruinar o marisqueo e entregarlles a acuicultura ás transnacionais norueguesas ou domésticas; todo isto xa antes de que chegase o *Prestige*, sempre ás ordes de Madrid, e coa servil obediencia dos seus incompetentes conselleiros de Pesca, vendidos todos a Bruxelas. A última farsa foi a aprobación hai un ano nesta Cámara, e no marco do diálogo institucional que mantivemos, dunha esixente posición negociadora galega fronte á reforma pesqueira do comisario Fischler –e digo farsa, porque non moveron un dedo por defendela en Madrid nin en Europa–; foi un acto de ritual moi bonito, metérono nunha gabela e non o usaron –nin sequer o plantexaron–.

O mesmo día que inauguran moi runfantes a World Fishing Exhibition en Vigo –hai pouco–, Bruxelas expulsa os pesquei-

ros galegos da NAFO: Bruxelas cóspelles na faciana e vostedes rinlle a graza. Iso si, permítense o *pitorreo* de recomendarlles aos mariñeiros desafiuzados das diversas froas desmanteladas que emprendan actividades de hostalería e turismo rural, como se non estivesen a facelo xa, só que en Baleares, Canarias e até Andorra –si, Andorra, que a este paso vai ter máis cidadáns galegos que andorráns e converterse así na primeira república galega independente da nosa historia–. (*Risos.*)

Vostedes teñen unha relación clientelar sadomasoquista coa Galiza rural. É aí onde máis alta porcentaxe de votos carrexaba e é aí onde a súa política resulta máis mortífera. Mais, ao cabo, iso resulta ben natural, como as maiorías naturais. É ben sabido que desde que un ser vivo se converte en cadáver é cando inzan nel os vermes.

E xa que aludín á emigración de “mariñeiros en terra” –como a obra de Alberti, só que en prosa– falemos un chisco de poboación e emprego. Non quero perder o tempo, porque a min váiseme a minutaxe, pero estábame lembrando do dito da Galiza costeira: “Gaivotas en terra, mariñeiros á merda”. Aquí é, sen necesidade de que as gaivotas veñan para a terra; cando vén mal tempo, os mariñeiros están en terra e van á merda, pero non por iso, senón polos desmantelamentos –perdón, era unha digresión sobre a marcha–. Xa que aludín á emigración de mariñeiros en terra, falemos un chisco de poboación e emprego (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, vostede é mariñeiro; si, xa sei, *mariñerito*.

Que a poboación galega está moi envellecida xa é un tópico evidente, e que padece unha grave regresión tamén –e non hai máis que reparar nos líderes contrapostos do Goberno e da oposición nesta Cámara–. Outra cousa son –dixen contrapostos ideolóxica e politicamente, pero vellos os dous; se non entende, vaia a clase– as causas. Para vostedes, o problema débese a que ás parellas mozas se lles deu por non concibiren e ás mulleres novas por non parir nin criar os fillos, e a solución consiste no eterno retorno aos edificantes principios e costumes do nacional-catolicismo de antano e mais de Aznar de agora: “*criar hijos para el cielo*” ou “*la mujer casada, la pata quebrada, y en casa*”. Ao cabo, xa escribira o xenio literario de Escrivá de Balaguer, no seu “No bo camiño” da Xunta, que “*las mujeres son de la clase de tropa*”; o que non clarexou nunca é a que caste de tropa se refería. Esa é a explicación totémico-beata.

Na apreciación científica do problema ou do fenómeno, as causas son moi outras. Primeiro está a emigración. Os estudos demográficos dos anos sesenta e setenta xa vaticinaban que a persistente sangría emigratoria repercutiría gravemente na fecundidade e natalidade nas xeracións seguintes. Predecino eu mesmo xa daquela –e non son profeta– e corroborouno o profesor de econometría Bernardo Pena con proxeccións de poboación regresiva que se cumpriron de sobra, xa nos anos oitenta. Xusto cando se aproba a Constitución, a emigración está a estiñar, mais só pola crise económica nos países de destino, non porque aquí mellorasen as perspectivas laborais; a proba é que a caída da emigración se transforma en espectacular ascenso do paro. O poder político pasou olímpicamente do problema, dedicouse a proclamar que a emigración desaparecera, como se fose por obra e graza súa, e a botarlle a culpa do paro á rixidez da lexislación laboral e á intransixencia dos sindicatos. Loxicamente, dado o panorama, as parellas mozas abstíñanse, responsabelmente, de facer fillos –non de facer o amor, afortunadamente–. Mais na Galiza dos anos noventa á caída da natalidade por esas causas engádeselle un rebrote persistente na emigración, que a Xunta e a Administración central silencian mentres poden. No último decenio, case 15.000 mozas e mozos levan emigrado cada ano, cunha evolución ascendente que ultimamente acadou os 20.000 mozos e mozas anuais. Os meus cálculos do apoxeo emigratorio dos anos cincuenta e sesenta déranme unha emigración neta de medio millón, ou sexa, 25.000 anuais. Se, pese á vitalidade demográfica da Galiza de entón, o impacto retardado desa sangría anual foi tan grave, ¿como vai ser o da actual nunha poboación virtualmente exánime, na que morren máis galegos dos que nacen cada ano e a fecundidade non acadou sequera a taxa de reposición? ¿Que política de reactivación demográfica fan vostedes? *Monsergas* de *moralina* hipócrita e beata para os mozos, ningún plan de emprego para eles, precarización exorbitante, ruína da economía galega pesqueira e un aguinaldo anual para a declaración da renda das parellas que se aventuren a ter fillos pese a todo. Neste asunto, a súa hipocrisía política linda coa criminalidade social. Non teñen vostedes escusa ningunha.

O mercado laboral español é hoxe un dos máis deteriorados e precarizados de toda a Unión Europea: 34% de contratos precarios femininos fronte ao 12% na Unión, e 30% masculinos fronte a un 10% na Unión. Tratándose de xente moza, as taxas de precariedade son sete de cada dez contra-

tos aquí, fronte a un de cada catro en Europa. E, en Galiza, a situación relativa aínda é peor. Nos tres lustros do seu Goberno, señor presidente, Galiza perdeu máis de 150.000 ocupados. A taxa de desemprego medrou do 5% ao 12% e só é superada en 12 das 181 rexións económicas existentes na Unión Europea. Para a mocidade galega aínda é peor: están no paro catro de cada dez mozos menores de vinte e cinco anos e a cada pouco son máis os que levan parados máis de dous anos seguidos, e é tanto máis alto o paro canta máis alta é a cualificación e titulación dos mozos.

¿Onde están os seus plans para o emprego xuvenil? Ao cabo, vostedes botan de conta que os votan os vellos –pois que os mozos votan Bloque–, mais vostedes maltratan os vellos tamén. As pensións son tres veces máis baixas aquí que no País Vasco, as residencias públicas non chegan a nada e a asistencia social domiciliaria nin existe –teñen que encargarse as familias–. Pois, mentres vostedes pasan do problema dos mozos, o BNG e Galiza Nova elaboramos as bases para un plan de emprego xuvenil que xa demos a coñecer nos medios de comunicación –non sei se con moito resultado– e que imos difundir por todo o país para que os mozos e as mozas saiban que, cando menos, hai unha alternativa política que pensa neles, que se solidariza con eles e formula unha estratexia fronte ao paro xuvenil, en tres dimensións: en primeiro lugar, por medio de políticas de mellora da formación e incorporación ao mercado laboral coa creación dun Instituto Galego de Formación Profesional e Emprego e un Servizo Galego de Colocación como axente activo na procura de emprego para os mozos; en segundo lugar, a través de políticas de mellora nas condicións laborais, coa implantación dun salario de inserción laboral como soleira mínima de retribución para os mozos en fase de formación especializada na práctica laboral; e, en terceiro lugar, con políticas de creación de emprego, potenciación e diversificación dos sectores produtivos básicos, novas tecnoloxías e novos xacementos de emprego.

Diagnose. Á vista dos fenómenos que acabo de examinar, a comprensión do problema social que temos diante non é difícil. Estamos ante unha base produtiva sometida durante vinte e cinco anos á mutilación progresiva de sectores estratéxicos de gran dimensión demográfica e social, sen expansión correlativa doutros segmentos da economía real que absorban os efectivos humanos e xeren as correspondentes masas salariais alternativas; nesas condicións non

pode haber desenvolvemento económico propiamente dito sobre bases sólidas.

A demografía está cada vez máis envellecida e con máis paro. Por tanto, a poboación ocupada ten que sostener unha masa crecente de poboación non produtiva e, por riba, exá-nime no crecemento vexetativo. Combinando isto co anterior, resólvese en rebrote da emigración e péchase o fatídico círculo vicioso. Un proceso e unha situación social así non ten saída a non ser que o poder actúe en consecuencia e exerza as responsabilidades que lle corresponden. Mais o poder do Estado non só non o fai, senón que provoca a agravación do problema, e o poder autónomo non exerce como tal senón como transmisión da acción perniciosa do poder do Estado. Se o poder do Estado practícase lealmente os principios constitucionais da solidariedade e da subsidiariedade na súa relación coa autonomía galega, poderían mudar as tornas. É precisamente este o núcleo do principio da “tarefa común” na relación entre o poder federal e o estados federados no sistema constitucional alemán; mais na versión celtibera do “patriotismo constitucional” faise todo o contrario. O poder autónomo da nosa nacionalidade histórica ten que actuar obedientemente como servidor dunha forma aberrante de entender a “indisolúbel unidade da nación española” que a converte nun principio fundamentalista de interpretación constitucional da relación entre o Estado e os cidadáns, incluídos, naturalmente, os galegos de nación.

Velaí como a instancia política, lonxe de servir para afrontar e resolver o problema social, actúa de xeito que o agrava aínda máis. Peor aínda, sitúa o problema social galego e, por tanto, as necesidades vitais da cidadanía galega, nunha vía morta ou nunha calella de sae se podes, precisamente na instancia política. Por iso levo repetido moitas veces que, en rigor, os problemas da cidadanía galega non son económicos senón políticos; porque non son problemas dun país pobre, sen recursos, sen vantaxes comparativas no contexto económico internacional, sen capacidade traballadora dos cidadáns, sen intelixencia colectiva, sen cultura de oficios, de saberes científicos nin de imaxinación innovadora. Témosto demostrado galegos e galegas por todas as partes, e mesmo tamén dentro de Galiza; non só nesa historia da emigración, non é só na emigración onde se sabe como son os galegos, aquí tamén; na emigración e aquí. Non é iso, son problemas causados pola inadecuación da estrutura política á realidade da estrutura económica, social e cultural do noso país.

As consecuencias exprésanse no famoso lerio da converxencia de Galiza no Estado e na Unión. Resulta evidente que Galiza diverxe e non converge, tanto no Estado como na Unión. Mais vostedes teiman en retorcer calquera dato para faceren a apoloxía da converxencia, porque parten dunha posición sectaria: a necesidade de xustificaren o seu labor de goberno, no canto de avaliaren os seus resultados contrastándoos coa realidade. Teñen vostedes que negar a realidade para sobreviviren como poder. É un desenlace aberrante do uso do poder nunha democracia.

A realidade di que Galiza diverxe e as análises científicas máis solventes demostrano e póneno en evidencia. Ofrézolle tres mostras, as tres publicadas nos anos 2001 e 2002. Unha abrangue o século XIX e XX e clasifica a evolución das actuais comunidades autónomas do Estado en cinco grupos: dinámicas, estacionarias, en rápida transformación, atrasadas pero en expansión e regresivas –Galiza está no grupo das regresivas–; outra estuda as desigualdades económicas rexionais desde 1700 –é un estudo da historia económica– e na diagnose de Galiza para hoxe fala da persistencia do atraso e da consideración como rexión regresiva cara ao inmediato futuro, e sitúaa, con Castela-León e Extremadura, “no peor dos mundos posibles dentro do contexto español” –son palabras textuais dese estudo, non miñas–; a terceira é o informe sobre o mercado de traballo na Unión Europea 2002, que clasifica as rexións europeas en cinco grupos: Galiza figura no quinto, que abrangue unicamente o 6% da poboación da Unión. As rexións deste grupo teñen as taxas de ocupación máis baixas de toda a Unión Europea e unha baixa cualificación da poboación en idade de traballar. E, a pesar disto, ao cabo de levar Galiza dezasete anos en Europa, con autonomía política dentro do Estado, presidida por vostede durante catorce deses anos, din vostedes que Galiza converge.

Claro está que a chave de bóveda para unha política que atalle e remedie esa situación, que xa é crónica, estriba no financiamento, que é o carburante indispensable para que funcione o motor do desenvolvemento socioeconómico, ou sexa, o investimento, tanto produtivo como en capital social básico. Mais vostedes teiman en asumir acriticamente, e mesmo servilmente, un modelo de financiamento autonómico inservíbel para que Galiza poida dispor de autonomía financeira. Porque co modelo fiscal e financeiro a que nos somete o Estado é imposible que revertan na facenda galega

os recursos fiscais xerados polas bases impositivas situadas nos ámbitos económico, territorial e persoal da nosa autonomía. Vostedes asumen o tópico de que Galiza non pode ser autosuficiente en recursos de orixe fiscal no canto de reclamaren a reforma de criterios que permitirían que as bases impositivas situadas no ámbito xurisdiccional desta Comunidade se traducisen en ingresos da facenda galega. Hai setenta anos que Alexandre Bóveda demostrou que a economía galega de entón, lonxe de recibir transferencias fiscais netas do Estado, sufría, por riba, unha succión de recursos no saldo entre impostos pagados por Galiza ao Estado e gastos feitos polo Estado en Galiza; e hai máis dun século que Alfredo Brañas, tan louvado como ignorado por vostede na práctica política –coñece moi ben a Brañas na súa obra–, fíxera xa unha diagnose idéntica á de Bóveda. Pero hai poucos anos aínda que este humilde servidor expuxo nesta Cámara unha aproximación feita por nós á balanza fiscal de Galiza que desvelaba a falacia da nosa insuficiencia fiscal, coa condición só de que a recadación de impostos como o IVE, o imposto de sociedades e outros especiais por actividades e operacións localizadas en Galiza ingresasen na facenda galega. Lonxe diso, vostede castiga os cidadáns galegos cunha recarga no consumo de carburantes que encarece todos os custos, por riba do imposto que vai ás arcas do Estado e non volve, e non reclaman vostedes que o que se recada con base impositiva aquí veña para aquí. O seu conselleiro de Economía admitía que podía ter eu razón e mais que cumpriría facer un estudo cabal, e estaba disposto a abordalo e discutirmos logo nesta Cámara. Aínda estou agardando. Mais xa non creo na intención de vostedes de tratar este tema. Nós manifestámoslles a nosa convicción de que, no modelo fiscal e financeiro público, o deseño constitucional do Estado estaba a sufrir unha grave involución, disfrazada dunha concepción *pacata* e confusa da famosa “corresponsabilidade fiscal”, primordialmente utilizada para a propaganda e para enmascarar o verdadeiro problema: que vostedes non ousan tocar ese tema porque o integrismo español aznarista, combinado co xacobinismo extremo pesoísta, considera que atentaría contra a sagrada unidade da nación española e, por tanto, do propio Estado –aínda que, en realidade, non teñen nada que ver unha cousa coa outra, pois non creo que o Estado alemán actual ou o suízo carezan de unidade sólida–.

Vostedes profesan, nunha e noutra banda da famosa alternancia, a mesma retrógrada visión da “España unifor-

me” analizada e desvelada lucidamente polo profesor Lacasta. Vostedes están a propagar o mesmo alarmismo da famosa “España rota” que propagara Calvo Sotelo durante a II República e que tivo as tráficas consecuencias que todos sabemos. Un catedrático de facenda amigo meu confesábame hai pouco que non daba entendido qué terá que ver a articulación de diferentes xurisdicións tributarias autónomas coa unidade do Estado. Analícese o conflito Goberno central-Euskadi e chegaremos a unha das raiceiras auténticas e verdadeiras do problema, mesmamente. Eu tampouco o entendo, mais entendo ben por que iso é un problema para vostedes. Vostedes non asumen que un estado plurinacional, articulado en congruencia con esa realidade, ten máis consistencia, solidez e estabilidade que un estado uniformista, imposto como un corsé a unha realidade plurinacional, por moito que o disfracen de autonómico. Vostedes son vítimas de atavismos ideolóxicos que lles impiden racionalizar as análises políticas e asumir fórmulas vertebradoras dunha diversidade nacional. Vertebrar non é fundir. Un corpo vertebrado é a antítese dun verme xigantesco ou dunha amálgama de metais, e nin os vermes nin os metais teñen cerebro.

O mesmo amigo catedrático diciame que se os galegos perdésemos decididamente o medo a autogobernarnos poderíamos dar cun modelo financeiro que permitise unha axeitada adaptación dos nosos tributos á estrutura e necesidades reais do noso país, sen prexuízo do mecanismo estatal de redistribución oportuno. Mais o medo ao autogoberno non é medo nin é dos galegos, é refractariedade ideolóxica de vostedes e tamén cobiza fiscal de Madrid, que co modelo actual leva ingresos fiscais –a parte do león– que non lle corresponden e á custa dos demais.

A ver se dunha vez se aclara iso e coidamos as balanzas fiscais; en Madrid, fundamentalmente, onde están domiciliadas, social e tributariamente, a maior parte das grandes empresas, onde se recada o IVE de todas partes –o da exportación, aínda que entre de importación, aínda que entre polo porto de Vigo, por exemplo, etc.–. ¿Que disparate é ese? ¿Por que non lle fan fronte a esa realidade? ¿Periga a unidade do Estado por facer iso? Entón, desafiúcese vostedes mesmos, non poderán exercer politicamente autonomía. Pero para iso hai que ter coraxe e hai que ter capacidade de racionalizar os problemas, analízalos e argumentalos, e non vir con descualificacións xa nos primeiros cinco minutos de deliberación do presidente da Xunta, descualificacións que

non me facía cando falabamos el e mais eu no diálogo institucional, senón todo o contrario –que conste–.

Deste xeito, vostedes optan por facer rogativas e pedirlle a esmola ao *padre padrone* español: o poder central. Pero é moi cutre e dálles as sobras, e cando lles dá algo máis vostedes organizan funcións de pontifical con *Te Deum* en todas as parroquias; pero nin así lles dá o que nos corresponde. Este ano disque van ser espléndidos por unha vez, porque veñen eleccións para entronizar a san Mariano, que acaba de descubrir que el tamén é “galego coma ti”, e, ademais, tamén, porque as indemnizacións europeas e españolas pola catástrofe do *Prestige* aínda non chegaron nin van chegar nunca máis –por certo, xa ven que non falei do *Prestige*; diso xa faláron, falan e volverán falar axiña os dignos cidadáns, os científicos responsábeis, os irmandiños de Nunca Máis e os arriscados cabaleiros lanzais de Burla Negra. Falan alto e claro, non me precisan como portavoz–.

Vexamos que fartura de cartos nos van traer este ano de Madrid.

Vostedes publicitan que a Galiza lle destinan o 49% do aumento dos investimentos estatais para 2004 –sae por aí nos periódicos, e non os de Ramsés, que eran en papiro; nestes, que son en papel-prensa–. Primeira falsidade, porque iso refírese aos investimentos dos ministerios, que só importan un terzo dos investimentos totais do Estado. Nos dos organismos autónomos e a Seguridade Social, Galiza fica case excluída, cun 0,5% do aumento. E no das empresas públicas, que representan máis da metade dos investimentos totais do Estado e que medran case cinco veces máis que os dos ministerios neste ano, a Galiza tócalle só a vixésima parte do aumento, un 5,5%. Deste xeito, o que lle toca a Galiza no aumento dos investimentos estatais é a cuarta parte do que vostedes publicitan.

Vostedes ocultan o dato máis revelador: que en 2004, con aumento e todo, o Goberno central só vai investir en Galiza menos do 5% do que investirá en todo o Estado, mentres que a poboación galega aínda representa preto do 7% da estatal. Noutras palabra: aínda cos aguinaldos de Rajoy, o Estado vai investir por cada cidadán galego menos que por cada español. E este ano que vén esa é a xenerosa solidariedade constitucional do seu Goberno amigo, a discriminación positiva coa Galiza subdesenvolvida e ennegrecida polo chapapote, a

compensación por renunciarmos a ter autonomía financeira: investir menos por cada galego que por cada español, vendérmolo como cume da filantropía e pedírnos que, a cambio, aclamemos co noso voto a entronización de Rajoy como sucesor do emperador Aznar. ¿Coidan que non coñecemos os presupostos do Estado ou que non sabemos botar as contas?

Conclusións –vou rematar, señor presidente–: seguen instalados vostedes na soberbia e na fraude á boa fe da xente, na pauta de conduta que sublevou a cidadanía galega hai un ano. Son vostedes contumaces, refractarios a unha práctica veraz e democrática do poder, por máis oportunidades que lles deamos de reformarse. Vén vostede predicar sobre a reforma da Constitución, pero ¿quen pode darlle crédito se dilapidou o seu capital de credibilidade política ante nós e ante os cidadáns? Desculpe, presidente, mais xa non podo crer en vostede. Tivo demasiadas oportunidades de gañar credibilidade e estragounas todas. Cos feitos, que contan máis que as palabras, negou vostede demasiadas veces os dereitos políticos de Galiza. San Pedro negou tres veces o seu “divino mestre”; vostede negou a Galiza polo menos 33, tantas como anos tiña Cristo cando o crucificaron os fariseos.

Aínda hai un ano, este Parlamento aprobou, unánime, resolucións políticas importantes para apuntalar o autogoberno de Galiza e o seu status no Estado e na Unión Europea. Como se nada, vostede non lle deu cumprimento a ningunha, especialmente á que comprometía a Xunta a presentar un documento para profundarmos na autonomía, dentro do marco do vixente Estatuto de Galiza. Pasado o tempo, tomamos nós a iniciativa e ofrecémoslle un texto para estudo, e non deron resposta. Finalmente, decidimos facer o que a Xunta non facía e presentamos a nosa proposta aquí. Nós cumprimos sempre os compromisos que contraemos nesta Cámara co noso voto. Debateuse en setembro –hai un mes–, pero foi como lanzar a proposta ao frontón de *La pelota vasca*: fixéronnos vostedes o desprezo de sacar a esta tribuna un ignorante deputado suplente que tachou o noso documento de anti-constitucional e equiparouno co Plan Ibarretxe, que nunca leu nin lerá, porque non sabe nin entende. Así que para vostedes o Estatuto de Galiza é anticonstitucional; porque diso se trataba, de profundar no Estatuto de Galiza vixente. Se é anticonstitucional, o Estatuto de Galiza é anticonstitucional.

Aínda así, señor presidente, dígolle que calquera paso que dea vostede para que se respecte e faga efectivo o rango

de nacionalidade histórica que a Constitución lle atribúe a Galiza –e non un novo café para todos que uniformice os que somos diferentes– contará coa nosa disposición a apoialo, con estas condicións: primeira, que sexan pasos na súa acción institucional representativa do poder autónomo galego, non intrapartidarios, e non discursos en reais academias; segunda, que os consulte e dialogue, durante a xestión institucional, coas forzas da oposición que representamos os cidadáns que non o votaron a vostede; terceira, que os plante en interlocución institucional directa vostede, como presidente da Xunta de Galiza, co presidente *de turno* do Goberno español; e cuarta, que este Parlamento sexa o lugar de discusión e fixación da posición institucional de Galiza que a vostede, como presidente da Xunta, lle corresponde trasladar ao poder central do Estado e negociar con el.

O texto do himno galego –remato de verdade, señor presidente–, escrito por Pondal, chámalles aos cidadáns desta nación “bos e xenerosos”; nós, os nacionalistas, sómolo sempre na nosa práctica política. A posición do BNG que acabo de enunciar corrobóroa unha vez máis. Por iso podemos esixirlles a todos vostedes que actúen en reciprocidade –non co BNG, enténdanme ben, senón con Galiza, cos seus dereitos como nacionalidade histórica, porque son indispensábeis para o autogoberno dos galegos da nación, e condición necesaria para o benestar social e cultural da cidadanía galega e para o exercicio das súas liberdades e da súa dignidade no escenario dun Estado español plurinacional, pluricultural e plurilingüístico–.

Non pode ocorrer nunca máis que teñan que facelo os cidadáns pola súa conta porque non o fan as institucións políticas de autogoberno. Non debiera ser que para exerceren a súa dignidade se vexan obrigados, como até agora, a denunciar a incompetencia, a deserción e a censura practicadas polo poder que eles elixiron. Mais só se o poder que vostede preside muda drasticamente de actitude poderá haber sintonía e “tarefa común” entre a cidadanía consciente e activa e o poder institucional. De non ser así, unha de dúas: ou a cidadanía os expulsa de vez a vostedes do poder ou terá razón en concluír que non lle vale de nada esta autonomía, nin tampouco este Estado español –e debe procurar, por tanto, outra forma de autogobernarse–.

A única alianza política que ten o BNG é co pobo galego, coa cidadanía galega, e, primordialmente, como é lóxi-

co, coa que máis activamente defende os seus dereitos e intereses cívicos e lidera a dinámica social de Galiza. E esa cidadanía é a que leva defendido a Galiza todos estes anos, a que fixo o que non fixeron nin as forzas da alternancia no Estado nin os gobernos da Xunta e de Madrid a prol dos intereses galegos e dunha posición digna de Galiza no Estado e en Europa.

Estes postulados definen as condicións e orientan o sentido das relacións do BNG coas outras forzas políticas presentes en Galiza. Colaboramos con quen pensamos que vai respectar ese noso compromiso con eses nosos postulados, sen asumir nin a nosa óptica nin as súas posicións pero respectándoas. Se logo non o respectan e nos poñen na disxuntiva de escollermos entre esa coloración e o noso compromiso, daquela rompemos, por lealdade cos cidadáns que nos apoian co seu voto e mais cos que defenden activamente o mesmo ca nós, aínda que non nos voten.

Fálase con frecuencia de cambio; o cambio que Galiza necesita non poderá chegar pola vía da alternancia binaria no Goberno do Estado, o cambio que Galiza precisa consiste en ser e exercer como ela mesma dunha vez por todas. É o que reclaman os cidadáns –chámenlle nación, rexión ou o que sexa–, é o que reclaman e está patente. En canto aos nomes que se atribúen ás cousas, iso tamén depende da aprendizaxe que se fai dos nomes; lean *Les mots*, de Jean Paul Sartre, e entenderán cal é esa aprendizaxe e por que aquí a xente –moita– non sabe que isto é unha nación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Remato, señor presidente. Descúlpeme por estas digresións. Eu son máis británico que español; no estilo, quero dicir. Naturalmente, na nacionalidade son galego; nin unha cousa nin a outra, das dúas.

O cambio que Galiza precisa consiste en ser e exercer como ela mesma dunha vez por todas. É o que están a facer xa, tamén, os cidadáns máis conscientes e activos, e é tamén o que está a facer o BNG desde que naceu, hai vinte e un anos. Por iso traballamos solidariamente con Nunca Máis sen erixirmonos aquí en portavoces seus, porque os respectamos, porque somos demócratas real e efectivamente, e non *de boquilla*, como outros. Por iso, desde que o BNG accedeu ás Cortes, en 1996, o Goberno español tivo que ir mudando

de actitude, facéndolle a Galiza algunhas concesións e intensificando a propaganda para intentar convencer os galegos de que os tiña en conta. Por iso, e máis pola participación e mobilización cívicas. As cutres concesións do Goberno aznarista son feitas *a regañadentes*, non pola súa propia vontade nin por bos oficios da Xunta, senón pola constante presión institucional e labor social do nacionalismo, e máis polo combate democrático dos cidadáns galegos. Mesmo os cartos que disque van vir non son agasallo de Rajoy nin os obtiveron vostedes, arrincáronllos ao poder central os cidadáns de Nunca Máis, os irmandiños de arestora. Non se confunda, presidente.

Cómpre –e remato de verdade, quedan unhas liñas– que Galiza obteña unha auténtica capacidade de autogoberno como “nacionalidade” para abordar con poderes abondo a solución dos seus problemas económico-sociais, desenvolver a súa cultura tanto en coordenadas xenuínas como universais, impulsar e normalizar o uso do seu idioma e ocupar unha posición digna no Estado e na Unión Europea. Se quere vostede apuntarse a isto en serio na práctica política institucional, non lle imos poñer atrancos. Ten vostede, non a última senón a derradeira oportunidade. En todo caso, nós imos proseguir a nosa loita con máis enerxía e intelixencia aínda, e en estreita colaboración solidaria coa cidadanía, pode vostede estar certo. E digo “nós” como dicían de si mesmos Castelao, Otero Pedrayo e os demais; e tamén como Manuel Antonio, o poeta mariñeiro de Rianxo, aquel de “o mar, o barco e mais nós”; un mar sen chapapote químico nin político, un barco que é Galiza, o “pailebote branco”, e máis nós, o BNG, Nunca Máis, Burla Negra e toda a exemplar cidadanía galega irmandiña en pé.

Dixen. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Beiras.

O público que se absteña de manifestarse, por favor.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Pita Varela.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señorías, escoitamos esta mañá un discurso brillante, distinto, novidoso, que foi o discurso con Galicia, co seu presente e co seu futuro como referente, o discurso do presidente Fraga. Neste

discurso destaca a reafirmación do compromiso do Partido Popular, do grupo parlamentario que o apoia, o cal me honro en estar hoxe aquí representando. É un discurso galeguista, que reflicte axeitadamente o tempo que nos toca vivir e que, desde a experiencia política, valora o conseguido ata o de agora pola nosa Comunidade Autónoma no marco –e quero subliñalo dun xeito especial– constitucional e estatutario. Unha intervención –a do noso presidente– que tamén, e dun xeito valente, abunda nunha prometedora e ambiciosa visión de futuro que lle permita a Galicia, desde o impulso autonómico, ter un maior protagonismo no Estado e en Europa. É, tamén, un discurso no que cabe destacar, unha vez máis, a súa xenerosidade, querido presidente, volvendo a tenderlles as mans aos grupos da oposición para traballar xuntos polo ben deste país. Aínda que tamén, escoitando as palabras dos voceiros dos grupos da oposición, temo, señor presidente, que a súa xenerosidade, unha vez máis, non quere ser entendida, e ese guante é recollido por quen ten como único obxectivo a crítica destrutiva en contra da solidariedade e do apoio a algo que é tan importante como a defensa dos intereses do pobo galego.

A mostra disto acabámola de escoitar hai un momento nas declaracións, por exemplo, do señor Beiras, que unha vez máis salientou que parece ser que hai un pobo galego –que é a gran maioría, que el descoñece– que non opina, que non sabe, que está na ignorancia e que vota maioritariamente ao Partido Popular. E hai un grupo reducido da elite, que é o señor Beiras e o que el representa, que, consecutivamente, perde as eleccións, e por iso ese grupo reducido é o que el representa, que parece que é a maioría. Pero non o é, señor Beiras, porque vostede se presenta cinco veces; vostede, con este proxecto que di aquí, presentouse ao único lugar onde hai un referendo de verdade, que é, a través de sufraxio, nunhas eleccións, e as cinco veces perdeu. Así que a ver se ten vostede a humildade de recoñecer que o que vostede di resulta que o pobo galego –que é moito máis intelixente do que vostede supón– non o referenda porque –non é que simplemente non o entenda– non está de acordo cos seus postulados. Que lle quede claro. E, polo que parece, incluso moitos dos que se atopan aí tampouco deben estalo, ou cos seus postulados ou con como os di, porque neste momento bastantes problemas teñen vostedes.

Consecuentemente, non diga que o presidente cando empezou a falar no seu discurso fixo unha crítica –como

non podía ser doutra maneira– á súa insolidariedade –de todos vostedes– no momento no que aquí se produce unha desgraza de algo que nin provocou a Xunta de Galicia, nin o Goberno de España, nin o pobo galego, nin os galegos; un barco que non eran galegas, un capitán e unha tripulación que non era galega, un produto que non viña para Galicia, circulaba aí, fronte ás costas da nosa terra; vostedes, de forma torticeira, trataron de aproveitalo para afundir a quen tiña –e ten– a representación democrática –e ademais volvéronnola corroborar o 25 de maio, moi ao seu pesar–.

E, desde logo, señores da oposición, se o exemplo da alternativa para poder gobernar neste país é o que están dando vostedes, sigan por ese vieiro, porque o temos aí reflectido. Ultimato: vinte e catro horas. Dean resposta. Con ultimatots –é o sistema que practican aquí algúns– pensan que van convencer, non a esta Cámara nin a quen se atope aquí nin aos que estean vendo neste momento este debate... ¿A quen van convencer vostedes? ¿Aos cidadáns do noso país? ¿De que? ¿Cal era a oferta que fixo hai un pouco, señor Beiras, cando vostede falou aquí?

Preguntou aquí en sete ou oito ocasións de que nos serviu a todos nós o que vostede criticaba. ¿De que serviu? Pois mire se somos espelidos en Galicia –menos uns poucos– que, por exemplo, a política do Goberno da Xunta de Galicia e do presidente Fraga nos serviu para que as familias galegas hoxe –feitos reais–, sexan as que menos adican do seu presuposto para mercar unha vivenda; as que menos esforzo fan de todo o Estado. Isto non é utópico como o que vostedes venderon sempre, utopía falsa; a realidade –que é do que estou a falar– é que as familias galegas, por exemplo, este ano poderán aforrar unha media de 3.000 euros coa supresión do imposto de sucesións, as exportacións galegas superan os 5.000 millóns neste primeiro semestre e, por primeira vez, somos un país que exporta máis do que importa.

Por unha banda, este ano o Estado vai facer un maior esforzo solidario –porque temos un goberno de Madrid solidario– e vai achegarlle máis de mil millóns ao Plan Galicia –reais, non utópicos, nin virtuais– para axudar e contribuír solidariamente na recuperación de moitos dos problemas que se plantexaron na nosa terra como consecuencia dunha catástrofe provocada por un barco.

Por outra banda, a vostedes, estatistas puros e duros, quero recordarlles que os 168.000 autónomos galegos que hai en Galicia, que vostedes pretenden defender hoxe e que sempre foron os seus inimigos naturais –nunca estiveron de acordo co autónomo que traballa–, van cobrar a baixa por enfermidade. ¿Como entende vostede o que vostede critica-ba? ¿Como non van estar contentos na sociedade galega? Convénzaos vostede de que iso non é positivo.

Ademais, os orzamentos deste ano e os do ano que vén van acadar o 52% das obras do AVE en Galicia; obras que imos facer nós co Goberno solidario, que tanto criticou vostede, de José María Aznar, do Partido Popular. Esas obras que outros, non vostedes, que non tiveron nin van ter nunca a oportunidade de gobernar en España... Non recoñecía eu –decateime hai un momento, cando dixo o de británico– a súa flegma permanente, indiscutible. Vostede é un individuo flegmático puro, de aí o seu talante británico. Siga por ese vieiro. Pero teño que dicirlle que non foron precisamente vostedes nin os compañeiros que gobernan con vostedes neses sitios tan estables como no Concello de Vigo os que fixeron este tren de alta velocidade, estas autovías, estas grandes obras que se están facendo e se van executar en Galicia. Todo isto non foi desas etapas, foi da etapa do 1996 a 2003, e, como vou demostrar nun momento, falsearon os números; ou non os coñecen, ou, desde logo, vostedes neles non atinan nunca. Claro que cando máis fallan nos números é para os resultados electorais, porque fan sempre unhas previsións e fracasan estrepitosamente. Así lles vai en todo.

Debo dicirlles tamén que nós, a Xunta de Galicia e o grupo parlamentario que a apoia, acometeu 3.831 actuacións e cumpriu no 282% os obxectivos en adquisición de vivendas protexidas existentes; o 282%, señor Beiras. Mire, ¿como non van estar satisfeitos os nosos cidadáns? A ver cando descubren, lendo estas cuestións e vendo os números reais –non os virtuais nin os utópicos– por onde vai e o que pensa a sociedade galega de quen son os seus dirixentes. A ver se se decatan, porquem se non, van estar, como mínimo –xa non vou dicir máis– outros vinte e pico de anos na oposición. Eu, a verdade, estou un pouco sorprendido cando escoito o ben que falan algúns de vostedes, con tanto triunfalismo, do Estatuto de autonomía e da Constitución. Non vou recordar o que se pensaba cando aquí se aprobou a Constitución e o Estatuto de autonomía, quen foron os que os apoiaron e quen foron os que os rexeitaron, porque, se

non, aquí estamos facendo un exercicio de hipocrísia política permanente.

Eu quero recordarlle aquí tamén, como se dixo que nós non converxiamos, señor Touriño –vostede está moito mellor aquí que dando clase nunha Facultade de Económicas–, que a economía galega medrou oito décimas máis que a europea. (*Murmurios.*) Dígoo porque aquí pode dicir iso e moito máis. Queda aquí no papelíño escrito. Nunha clase está manipulando e enganando os alumnos que se supón que serán o futuro dun país, por iso estamos quitando bastantes boas xeracións de estudantes. (*Murmurios.*)

Á parte de todo iso, eu quero recordarlles que España é, xunto con Galicia, o país que máis medra de toda Europa. Vexa o que está pasando –remítome a hoxe mesmo– cos seus compañeiros alemáns nesa política magnífica que sempre practicou o Partido Socialista nos sitios que gobernaba: fundir e deixar as arcas sempre a cero –que é a súa especialidade–, para que despois veñan os outros para recuperar a economía deses países. Remítome aos seus parentes políticos alemáns.

Tamén lles quero lembrar que case 800 empresas se acolleron aos incentivos do Plan Galicia, demostrando o impacto que este plan –que é unha mestura do plan do Estado e do Plan de dinamización que ten a Xunta de Galicia– tivo no sector empresarial como motor para tirar da economía da nosa terra, cousa que vostedes tampouco entenden, salvo na teoría que tanto explicaron nos seus eidos pero que despois, cando chega a hora da realidade, ninguén lles pode recoñecer, porque son incapaces de poñela en práctica.

Por outro lado, ¿como non vai haber satisfacción co que o señor Beiras criticaba, se Galicia, con Navarra e Asturias, ten o mellor nivel educativo do país? Todo mellorable, indiscutiblemente, pero está aí e son os datos. ¿Como non vai haber, señor Beiras, un grao de satisfacción? Cando vostede preguntaba: ¿De que nos serviu, de que nos serviu, de que nos serviu? Mire, para todo isto que eu lle estou dicindo e para moito máis, que, por descontado, como eu non teño tempo aquí máis que limitado, non lle vou facer a narración, pero vostede, que é unha persoa ilustrada, que le todos os días, loxicamente... Digo que le todos os días, porque, como hai un sector que, segundo vostede, non le, é desilustrado, vota ao Partido Popular e está na emigración,

non merecen eses dous terzos de analfabetos que nalgún momento vostede desprezou. Quero dicirlle que todos eses son cidadáns de primeira e que saben ler e, como len e como, sobre todo, saben algo máis que ler, apalpan no día a día, todos os días, o que acontece no noso país. E non pense que por botar discursos, por falar, por criticar, por poñer en negativo absolutamente todo, por tratar de enchernos de chapapote e de negrura a todos, van conseguir obxectivos.

Repito, o 25 de maio foi a primeira pedra que lles tiraron a vostedes no efecto búmerang, as vindeiras viranlles nas próximas, porque hoxe estamos no décimo primeiro dos debates do estado da autonomía, que non son nin máis nin menos que apalpar o que estamos facendo no día a día, o que están facendo os grupos da oposición, o que está facendo o Goberno, o que está facendo a maioría que apoia o Goberno; pero recórdolle que cada tres anos hai un cuarto que non hai debate do estado da autonomía. Mellor dito, perdón, hai o gran debate do estado da autonomía; e o gran debate do estado da autonomía cada catro anos é o debate do estado, de como se atopa, a través das urnas, no referendo que se achega polo sufraxio; algo no que moitos de vostedes tampouco cren demasiado, aínda que non lles queda máis remedio que participar no sistema. E cando chega, cada catro anos, catro veces consecutivas, señores da oposición.

Señor Touriño, tampouco lle fan moito caso. Catro veces consecutivas. Vostede utilizou a expresión de que o discurso do presidente era coma o de quen marchaba non sei para onde, e eu quero recordarlle unha cuestión: aínda non cruzamos o ecuador desta lexislatura. Aí está o Goberno de Galicia, o presidente que, por cuarta vez consecutiva conseguiu máis votos na historia de España; e aí está vostede que, a primeira vez que se presenta, perdeu as eleccións, como as perdeu a vez anterior, coparticipando co Goberno de Madrid –quérollo recordar–, antes de vir para aquí; e ademais non o reconece, como fixo hai un pouco nun exercicio no que, de verdade, eu penso que segue errando vostede. Hai poucas persoas que non poidan falar aquí abertamente porque este é un foro democrático, pero hai que ser un pouco consecuente coa liña de actuación e coa vida que tivo cada quen. Vostede non pode vir aquí a criticar nin infraestruturas nin proxectos nin a política do Estado cando formou parte dun goberno que aldraxou a Galicia, e precisamente estes sete anos o

goberno do Partido Popular fixo o esforzo para recuperar o que vostedes non fixeron. Voullo dar, ademais, con datos económicos, xa que o señor Pérez Touriño, como leva moito tempo ausente das aulas, esqueceu facilitar os datos e só ten os datos que sectaria e partidistamente utiliza en contra de nós, pero que ata o de agora de pouco lle serviron; de moi pouco lle serviron, señor Pérez Touriño, porque a verdade é que cada vez que vostedes nos critican, cada vez que se meten con nós, cada vez que pretenden afundirnos, resulta que obtemos mellores resultados.

Xa sei que vostedes se senten moi satisfeitos, pero, ¿cal é a súa alternativa? Cando vostede criticaba o presidente da Xunta, eu estaba pensando nese momento: ¿Non se estará equivocando? ¿Non será que, como estes días andou aí no problema dos concellos, vostede lle estaba recriminando algo aos seus compañeiros da cidade de Vigo? Dígoo por se se equivocaron, porque, ¿cal é a súa alternativa? ¿Os concellos?, ¿o caso de Vigo? ¿Ese é o modelo que vostede propón? ¿Cal era o anterior? ¿Aquí, na Xunta de Galicia, o do tripartito? ¿Ese era o modelo? ¿Cal foi, o de España? ¿Os catorce anos do felipismo corrupto, señor Touriño? ¿Eran eses? ¿Os catorce anos? ¿Era ese o modelo que vostedes querían? (*Interrupcións.*) Vale, o Estado que quedou en quebra, cos fondos da Seguridade Social sen un patacón. ¿Iso é o que vostede quere?

Mire, os galegos non queren iso, son moito máis intelixentes. Por iso lle digo que vostede está equivocado no seu discurso. Os seus discursos, señorías, só deron a opinión aquí –eu xa sei que hai cuestións que molestan e doen, é normal, e ademais deben desafofarse– da envexa e impotencia dos mediocres, dos resentidos, dos fracasados, que é, no fondo, o que a vostedes lles acontece: fracasados na súa política. (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor, non interveñan. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Ata o de agora ninguén molestou os portavoces. Sigán a mesma pauta.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, os insultos foron: impotencia, mediocres, resentidos e fracasados. (*Murmurios.*) Pois díganme onde triunfaron e rectifico. Digan, a ver se son capaces, (*Risos.*) onde triunfaron, e daquela rectifico. Repito: fracasados; ademais, moi fracasados. (*Murmurios.*) E iso crea un problema.

Critican a situación do noso país, cando estamos atravesando a mellor etapa da traxectoria económica galega –realmente histórica– moi a pesar de vostedes. É unha verdade ratificable por calquera análise profesional dos feitos –por suposto que non a van facer vostedes–; unha situación deste tipo é percibida, neste momento, por case toda a poboación.

A conxuntura económica e social no noso país é excelente. No que vai de ano –dígolles datos oficiais que vostedes manexan, pero que lles molesta ter que dicilos e recoñecelos en público–, por exemplo, no emprego, creáronse 22.400 postos de traballo durante o primeiro semestre nos sectores non primarios, seguindo a traxectoria excepcional desde a segunda metade dos noventa, cando chegou ao Goberno central o Partido Popular e mellorou considerablemente, como vostedes saben, a conxuntura. Hai catro millóns máis de afiliados á Seguridade Social, por iso sobran cartos, por iso hai un fondo social, non como lles pasaba aos que rascaban no fondo da caixa, que só se oía o *chirrido* das uñas porque non quedaba un patacón. (*Risos.*) Así o deixaron vostedes, diso nós non temos a culpa. Alá vostedes.

Quero subliñar que o crecemento galego se distribúe, ademais –algo que ocorre por primeira vez dunha forma tan regular na nosa historia–, de forma xeneralizada: as catro provincias medraron. Loxicamente, non se produce unha perfecta cuadrícula de proporcionalidade porque é imposible, pero o feito que temos neste momento constatado é o importante potencial de crecemento en todo o territorio galego; o que é fundamental, ademais, para a confianza na ordeación económico-territorial para o futuro da nosa terra.

É unha falta de obxectividade... Porque vostedes non nos recoñecen nada positivo; vostedes alporízanse, pero aquí saíron e non houbo nin un só recoñecemento ao traballo da Xunta de Galicia e do Goberno de Galicia. Ben, o señor Pérez Touriño recoñeceu –agradecemosllo– que houbo unha etapa positiva do Goberno do Partido Popular e do presidente Fraga. Claro, agora non pode dicir que é esta, porque, daquela... Iso dirao dentro duns anos, supoño que cando o señor Pérez Touriño xa non estea na vida política, pero dirao, terá que recoñecelo.

Digo que é unha falta de obxectividade non recoñecer a natureza do proceso que estamos vivindo en Galicia, e unha clara infravaloración do acerto de todos os axentes

públicos e privados, porque nós, señores da banda de aló, cremos no sector público e privado, na cooperación, na convivencia, na coparticipación, na axuda, na solidariedade, etc., que é a que fai que os países progresen, non como algúns estatistas, que cren no sector privado só para determinadas cuestións cando lles convén. Teñen –repito– aí o mérito de levar adiante un proceso de crecemento económico xeneralizado excepcional.

Non se pode desnaturalizar a realidade, como fan coa súa virtualidade ou co que negativamente lles gustaría, dicindo que se trata dun proceso de crecemento baseado en... Señor Touriño, por favor, simplemente quero dicirlle que vostede facilitou aquí uns datos e a min gustárame que cando saia aquí a próxima vez diga de que fonte obtivo vostede eses datos, porque, se non, eu voulle dar datos oficiais que non se corresponden cos que vostede utilizou aquí, e iso é moi grave. Dígollo porque, claro, se non, chámase manipulación numérica, e iso non o debe facer vostede, como pregoa, como alternativa, loxicamente, para gobernar na nosa terra.

Digo que cada vez, señor Touriño, é maior a proporción de contratos estables respecto a temporais na estrutura da contratación. En Galicia –remítome ao informe oficial, que é o do Consello Galego de Relacións Laborais–, a contratación indefinida aumentou 3,6 puntos no último ano estatístico e superou a temporal, que pasou do 56,4% ao 60%. Señor Touriño, temos máis contratación estable que inestable, que temporal, por dicilo así. Polo tanto, dígolle que rectifique cando vostede sae aquí dicindo que se perde emprego, que non se fai... E o señor Beiras o mesmo. Querollo dicir para que se centre na cuestión.

Non é certo que Galicia estea quedando atrás respecto á media da economía española, como tampouco que avanza cara á converxencia europea, como se volveu dicir e se está dicindo nos medios de comunicación todos os días. Falso. Os sectores non primarios medraron en Galicia entre o ano 1996 e 2003 a un ritmo medio de xeración de emprego superior ao estatal. En Galicia creouse o 6,62% do emprego industrial, de construción e servizos de España, cando a súa participación inicial neste grupo de sectores era do 6%, de forma que actualmente estamos no 6,2% de participación no emprego primario en España. Tamén se melloraron posicións respecto a Europa, faceta de obvia constatación xa que Galicia, á marxe de normais variacións anuais, seguiu a tra-

xectoria española, e esta foi moi superior á europea, como vostedes saben.

A persistencia do crecemento actual provocou a caída de numerosas falacias –repito– tendentes a desvalorizar a súa importancia e o seu mérito. Primeiro díxose que era imposible crear en España, e, obviamente, en Galicia, empregos e moi elevados niveis de crecemento –a famosa era Solchaga-González, que de vez en cando podo nomear, aínda que se alporicen–, pero desde o ano 1996 emprego e crecemento seguen traxectorias paralelas e intensidades de ampla equivalencia. Despois, tamén se dixo que o noso crecemento se debía á conxuntura exterior, que era un simple fenómeno pasivo, pero quero recordarlles que moitos países europeos entraron en crise, particularmente os de maior tamaño e centrais –Alemaña, Francia, Italia–, mentres que España e Galicia seguiron crecendo, en contra do que vostedes dicían. Estou falando de datos de hoxe, claro.

A clave obedece a factores internos de política económica propia, ao grande éxito da política económica do Partido Popular en España e do Partido Popular, loxicamente, en Galicia; unha política de estabilidade e equilibrio fiscal moi difícil de levar adiante, pois implica renunciar a electoralismos no gasto e moderación nos ingresos; unha vontade de circunscribir o papel do sector público ás actividades que lle son propias, dándolle á economía civil o protagonismo na produción; repítolle: á economía civil, na que algúns de vostedes non cren.

A seriedade e credibilidade na política económica que lles dera confianza aos axentes investidores; o cumprimento rigoroso dos compromisos de política económica en Europa... o pacto de estabilidade, os requisitos para a entrada no euro, a colaboración entre administracións; a coordinación económica entre a Xunta de Galicia e o Goberno central; o marco homoxéneo de coordenadas económicas e fiscais e a grande apertura da economía galega ao conxunto de España, todo isto impulsou o forte dinamismo en Galicia, que incluso foi superior ás medias estatais en industria e en servizos. Polo demais, contrasta acusadamente coa traxectoria anterior, na que Galicia experimentou un proceso de perda de industrias. Falo do período 1982-1996, como aconteceu na media do conxunto de España, cando en catorce anos se perdeu emprego industrial, e agora, en sete anos, non só se recuperou todo o perdido, senón que se crearon cerca de 40.000

postos adicionais, con preto de 70.000 empregos, nos últimos sete anos.

Polo tanto, falando de futuro, señorías, señor presidente da Cámara, señor presidente da Xunta, temos a convicción dun optimismo razoable. Xa a traxectoria ata o día de hoxe evidencia a forte capacidade económica de Galicia. Agora, con medidas de potenciación adicionais, como o Plan Galicia, refórzanse as súas posibilidades, razón pola que estimamos que, a medio prazo, a nosa terra seguirá mellorando posicións no panorama nacional e europeo.

Indiscutiblemente, falar con triunfalismo absoluto non foi nunca o xeito de falar do Partido Popular nin do Goberno de Galicia, pero, loxicamente, non podemos admitir que, desde as bancadas da oposición e quen os representan, ao vir falar aquí neste estrado veñan facer unha crítica feroz do que nós –cando digo “nós” digo o grupo parlamentario maioritario que apoia o Goberno de Galicia– nos sentimos profundamente satisfeitos, da transformación que nestes últimos catorce anos experimentou a nosa terra. Loxicamente, parece mentira, señor Beiras, que vostede, un economista ilustre polo que moitas persoas, ás veces, senten unha certa admiración, veña lamentar hoxe aquí a perda de traballo na xente do campo –supoño que vostede, como a maioría de nós, non quere ter un sector primario cun 30% ou 40% de man de obra dedicada a el, que tiveramos unha sociedade semellante á dos países subdesenvolvidos–. Aumentamos a produción ao dobre e ao triplo dentro do sector primario porque estamos, loxicamente, moito máis tecnificados e con necesidade de moita menos man de obra, como sucede en todos os países adiantados, por iso baixamos dun 25% a un 12,4% de man de obra dedicada ao sector primario, como non pode ser doutra maneira nunha sociedade desenvolvida. Supoño que rectificará –non ratificará– as súas palabras, porque, se non, é que a vostedes lles gustaría que estiveramos na etapa decimonónica, que é cando naceu o seu pensamento político, o cal, por desgraza, produce a sensación de que pouco evolucionaron desde aquelas datas.

A nós gustaríanos, como lles dixo esta mañá o noso presidente coa súa xenerosidade, que entenderan que, loxicamente, non podemos facerlles caso ás súas mensaxes; si escoitar algunhas críticas, porque somos receptivos a elas. Do que non cabe dúbida ningunha é de que, para que a nosa terra e os nosos proxectos saian cara a adiante, non se pode

vir aquí a facer permanentemente unha crítica destrutiva e non recoñecer o esforzo excepcional que houbo neste anos.

Pero algo que para nós é fundamental, señor presidente, señorías, é o recoñecemento do pobo galego ao traballo feito, e en relación a iso voules dicir unha cuestión: cando aquí debatemos no Parlamento de Galicia, coa xenerosidade da comparecencia do presidente e as múltiples comparecencias do Goberno galego –Goberno que, ademais, é un dos tres gobernos autonómicos de todo o Estado, e remítome aos datos, que máis comparece nesta Cámara, onde máis iniciativas da oposición se admiten e onde máis en profundidade se debaten–, que vostedes estean permanentemente criticando, degradando a vida parlamentaria e chamándolle “Parlamento paralizado”... Este é un Parlamento democrático, xeneroso, como o noso país, cunha autonomía xenerosa; por descontado, con principios diferentes. Díxoo moi claro no seu discurso o presidente. ¿Ata onde podemos chegar? Chegamos máis aló que a maioría dos países máis desenvolvidos –pero ao que nunca imos chegar é aos principios e ás propostas que algúns fan aquí, porque non teñen nada que ver co respecto á Constitución, ao Estatuto de autonomía e ao Estado das autonomías–, coa lealdade institucional que hai que practicar, e non co intento permanente que desde as institucións se pretende facer para poder diluír, para poder ir en contra do que son os principios institucionais e o respecto democrático. Dentro deles, como é lóxico, desde o Grupo Parlamentario Popular recolleemos a mensaxe do presidente, trasladámola tamén –fixémolo sempre–, somos xenerosos; non sempre que se tentou nos foi fácil, pero seguimos ofertando algo que é tan importante como o diálogo. O que nunca imos aceptar é a descualificación permanente ou que se atente contra o respecto á decisión dos cidadáns do noso país, que tomaron unha decisión en catro ocasións a respecto de quen debía de gobernar –e, ademais, con maioría absoluta– en Galicia. A vostedes, para que estean nas bancadas da oposición; ao Goberno do Partido Popular e ao grupo maioritario, para que gobernen Galicia polo seu mandato –non, por descontado, polo que decidan vostedes–. Cando vostedes teñan o apoio da sociedade galega, nós, moito máis respectuosos que vostedes, como facemos noutros sitios, acataremos e aceptaremos o resultado, mantendo, loxicamente, a discrepancia e a discusión. Mentres tanto, que cada quen saiba o lugar que lle corresponde dentro do foro parlamentario, do foro de debate e do respecto ás institucións democráticas.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pita. (*Murmurios.*)

Abstéñase o público de facer manifestacións.

Á resposta do presidente da Xunta pasaremos ás oito menos cuarto. Ata entón, suspendemos a sesión.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión, coa réplica do excelentísimo señor presidente da Xunta de Galicia.

Ten a palabra o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Moitas grazas, señor presidente.

Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, comezo por darlle as grazas ao grupo maioritario desta Cámara, escollido catro veces pola vontade decidida do pobo galego, representado polo seu corpo electoral, e que, por certo, é un exemplo de coherencia, cousa que hoxe non poden dicir, na miña opinión, todos. E moitas grazas, señor Pita, pola súa brillante exposición. Paso a responderlles ás minorías con moito gusto e sempre no espírito de diálogo, fóra da tendencia a desorbitar as cousas.

Dicía o portavoz do Grupo Socialista que eu fixera esta mañá un discurso amable –agradézollo–, enganoso –evidentemente non llo podo agradecer, négo, e non discutíu nin un só dos datos que presentei aquí– e adormentador –eu tamén considero adormentador o seu, por razóns obvias–. Di que non se falou da Galicia actual e si se falou dela: falouse no contexto do mundo e de España, da realidade galega e dos seus problemas; e, naturalmente, non ten que recordarme a Constitución e o Estatuto –diso falamos–, sempre os defendemos. Agora ben, os feitos que mencionei: que sobre o Estatuto houbo un pacto entre un membro do Goberno da UCD e o señor Guerra, e que na LOHAPA, que despois foi rexeitada polo Tribunal Constitucional en artigos fundamentais, nós fomos un grupo que votou en contra,

cousa que non fixo o seu, eu mantéño e pido que alguén o negue.

Fala, ademais, dun balance decepcionante da última lexislatura. Empeza a ser iso un disco raiado de manifestacións do señor Touriño, que me dá a impresión de que confunde os desexos coas realidades. Fala dun sistema autoritario de goberno; creo que se confundiu co do señor alcalde de Vigo, pero, en fin, non é cousa miña entrar nas cuestións daquela querida cidade. Di que comparezo pouco no Parlamento e tamén cumprín todos os compromisos ao respecto; pero todo o grupo participa, non é un grupo onde só uns falan e outros calan. Ademais, di que o pacto local é unha quimera e que non se está tomando en serio, cando a Lei de protección local de Galicia de 1997 estableceu uns mecanismos administrativos e normativos para o desenvolvemento do pacto local. En setembro do ano 1998 o Goberno galego crea a Comisión Galega de Cooperación Local –comisión paritaria Xunta-Administración local– e apróbase o regulamento por unanimidade; en xaneiro de 1999, esta comisión, coa participación do BNG e do PSOE, aproba os principios de realización e execución do pacto local. É unha lista longa, pero, para poñer só un exemplo, no marco deste pacto local, créase o Fondo de Cooperación Local como primeiro sinal de vontade efectiva do pacto, que multiplica por cinco os recursos do ano 2001 dos concellos, esténdese a todos os concellos e ten carácter incondicionado –non hai nada semellante en ningunha outra comunidade autónoma–, e podería continuar. Polo tanto, é moi fácil poñer adxectivos, pero despois hai que probalos.

Canto a Sogama, di que é un modelo que non é o mellor. Pois mellores non hai. Os demais intentos xa se ve os problemas que están tendo, son vertedoiros que ao final non producen compost. O noso non ten enganós. Ten unha axuda importante, despois dos estudos dos técnicos europeos, que o consideran o mellor para unha rexión de poboación dispersa como é a nosa.

Pero, despois de dicir que non nos ocupamos dos concellos, ¿quen promoveu o estatuto de capitalidade para Santiago? ¿Quen promoveu –que foi freada por razóns políticas e agora, evidentemente, por falta de acordos– a primeira área metropolitana en torno a Vigo? Nunca pretendín ter o monopolio do logrado, pero ¿que é gobernar? Gobernar –este termo que vén da mariña, porque gobernar é unha expresión que

nace primeiro nos barcos– non é nin facer todas as cousas nin atribuírse todos os méritos un, pero si é levar a dirección, é orientar o rumbo, é non empezar as casas polo tellado –por exemplo, nós creo que acertamos en comezar polas infraestruturas–. Hai poucos días inauguraba eu unha cementeira exemplar en Narón e dicíame o alcalde o día que viñeron aquí por primeira vez: Colleunos a situación que existe no concello do lado. Agora xa está a punto de rematarse o último tramo da autopista. Dixeron aquí: Isto tarda moito tempo en chegar.

Sinala grandes erros o portavoz socialista, di que eu tomo Galicia por un pazo. A doutrina é a contraria: nós fomentamos a sociedade civil, é o socialismo o que defende o criterio dunha economía intervida, dun sistema de caciquismo burocrático. O caciquismo ao que el aludía é un feito do pasado. Como demostrou Xoaquín Costa no seu famoso estudo, foi unha consecuencia de que, en vez de facer reformas electorais sucesivas de acordo coa extensión da educación, como en Inglaterra, nós establecemos dun golpe o sufraxio universal na convención constitucional do ano 1869, cando o 80% da poboación de España era analfabeta; naturalmente, as condicións foron as que foron. Moito peor é o caciquismo burocrático que algúns instalaron, e non quero mencionar algunhas rexións gobernadas polo Partido Socialista, onde está bastante á vista.

A rutina é unha cousa, a continuidade é outra, e a xente sabe que nós non andamos facendo e desfecendo, que somos capaces de manter os plans e de levalos adiante e que, efectivamente, pode haber cambios nos conselleiros, que non son por esas razóns que se mencionaron nin teñen nada que ver coas quinielas sucesorias... Por certo, disto quen máis sabe é o PSOE, e, despois do que lle pasou en Madrid, teño a sensación de que falar de fragmentación de partido é un privilexio que teñen.

Discutiú o portavoz socialista o Xacobeo e os seus efectos e volvemos a unha visión errada do problema: os efectos culturais, as relacións exteriores e a reparación e posta ao día dun dos mellores patrimonios relixiosos de Europa vense complementados –eu poño por diante, por suposto, a importancia relixiosa do evento– por unha economía que trae turismo todos os anos e deixa, efectivamente, resultados moi importantes no país.

O terceiro defecto que nos atopa é que abandonamos a dirección do país. Pero, ¿en que quedamos? ¿Diriximos

demasiado ou non diriximos nada? Nunca buscamos outra cousa que unha sociedade aberta, a reforma, non un modelo de intervención xeral da sociedade; pero, desde logo, diriximos, orientamos, a sociedade na boa dirección. En canto a que non actuamos en Madrid, por exemplo, en materia de pesca, fomos ao Tribunal Constitucional e con éxito, o que ocorre é que hai uns matices que están dados polo concepto da autonomía, que agora, neste momento, algúns queren cambiar polo de federalismo –do nacionalismo falarei despois–.

Neste momento, temos que dicir que nos honramos en colaborar co Goberno, o que non significa que esteamos ás súas ordes; cada un está no seu sitio, e sempre fomos respectados en todo momento e serémolo mentres dirixan estas persoas que tanto lles molestan a algúns polo seu éxito, como son o señor Aznar e o noso ilustre paisano don Mariano Rajoy, próximo presidente do Goberno de España. En todo caso, os cambios do Goberno demostran axilidade e reflexos, e que non confundimos continuidade con continuismo. E, por suposto, a importancia que lles damos aos concellos reflíctese en que somos capaces de sacrificar algunhas das nosas máis brillantes conselleiras para que sexan concelleiras nas súas correspondentes cidades. En todo caso, véxanse os datos presupostarios cando se fala do peor ano da autonomía. Os resultados son os importantes investimentos.

Criticáronse as políticas privatizadoras. Véxase o que se fai no Reino Unido, agora xa está superando a socialdemocracia e substitúea pola terceira vía do profesor Giddens; e véxase tamén o que pasa en Alemaña, onde se están cambiando os privilexios sociais para facelos de posible conservación.

En canto ao concepto degradado da democracia, pregúntelles vostede ás plataformas diversas que andan por aí –por certo, hoxe está ben claro quen as manexaron–; pero, desde logo, eu teño a impresión de que liberdade de información a todos os niveis –máis aló da televisión– nunca houbo a que hai hoxe en Galicia, con toda clase de xornais, de redes, de sistemas de información; e á vista está que non estou esaxerando –por certo, algo teño que ver co comezo da liberdade de prensa e, en todo caso, o que é evidente é que unha cousa é consenso e outra é cogoberno–.

Preguntou o señor portavoz por algúns temas relacionados co *Prestige*, ao que, afortunadamente, xa se entendeu

que non era o momento de volver –como dixo un deputado socialista en Madrid, ao que, con moita razón, fixeron dimitir ao día seguinte: “Con outro *Prestige* xa estaban resoltos os problemas dos votos”–. Preguntouse polo porto refuxio. Estase estudando. Hai tres países europeos que o teñen: Alemaña, Noruega e o Reino Unido. No caso de Alemaña, o acceso non está garantido, depende da autorización oficial; en Noruega non se contempla o seu uso en caso de perigo para o medio ambiente –que o hai case sempre–; e no Reino Unido é máis serio, eses lugares mantéñense en segredo e só se revelan, se o Goberno o cre oportuno, en cada caso. É evidente que son incompatibles con zonas poboadas ou nas que se desenvolven actividades pesqueiras, marisqueiras ou de acuicultura; poden converterse en lugar de parada para todos os buques-lixo e a súa localización non presupón garantía ningunha de que un barco en perigo poida arrombar a el xa que é posible que as condicións meteorolóxicas o impidan –esas foron as razóns que se tiveron en conta na decisión sobre o *Prestige*, que eu asumo como a máis acertada–.

En canto á responsabilidade ilimitada, como se sabe, estanse dando pasos moi importantes. O Goberno anticipou as indemnizacións, desde un primeiro momento tomou medidas, como asegurar –en unión á comunidade mesma– os 40 euros diarios para os mariñeiros e cantidades importantes para os armadores que fixeron que neste momento ninguén se queixe –déase unha volta pola Costa da Morte, onde verá cal é o ambiente e como foi o resultado das eleccións–.

En canto ao medio ambiente, nunca se fixo un esforzo semellante. Insisto en que Galicia neste momento ten unha política razoable. Despois volverei sobre isto, porque alguén mencionou o tema dos incendios, no cal creo que están os dous motivos de maior éxito do Goberno que me honrei en presidir nestes anos; pero, de todo, o que se deduce é que Galicia nin está minguante nin ten menos poder.

No referente ao emprego, de 1997 a 2002 creáronse 172.300 empregos netos, en 2003 creáronse 26.000 novos empregos e en 2004 a previsión é de 26.000 novos empregos netos, tendo en conta o total –esta é a maneira nosa de estar en segunda división, segundo di–.

En todo caso, quérolle insistir en que ten o costume o señor portavoz de referirse ás miñas apelacións á dignidade –eu creo que algúns non valoran este concepto, eu si–.

Cando digo “dignidade”, falo de dignidade de Goberno, e pido axuda en nome del para un país polo cal tiven a honra de ser electo catro veces; para iso pido dignidade, e menos-prezar ese concepto non di moito a favor de quen o fai.

En resumo. ¿As estradas son as mesmas que cando empezamos a nosa xestión? ¿Os camiños de ferro van ser os mesmos despois do Plan Galicia? ¿Os portos poden compararse cos que tiñamos –aí está o porto de Ferrol–? En definitiva, en crecemento e converxencia, na década dos noventa crecemos dous puntos en relación coa nosa situación no *ranking* español, e oito puntos no europeo.

Non fun a Bruxelas, onde temos estado sempre, porque non é necesario ir persoalmente todas as veces; pero alí temos establecidas magníficas relacións –non falo de permanecer subsidiados e dependentes, o que quero é facer o esforzo para que cheguemos adiante polo camiño axeitado–.

Polo que respecta á innovación e á tecnoloxía, a vella Consellería de Industria e Comercio, hoxe de Innovación e Tecnoloxía, está actuando absolutamente na dirección axeitada. Aí está o que era un simple proxecto e o outro día foi unha conferencia mundial de centros tecnolóxicos; aí está o Centro Tecnolóxico de Ourense; aí está o CIS de Ferrol; aí están as tres universidades e os sete campus, cun desenvolvemento extraordinario da investigación –recordo algunha inauguración, como a do edificio da investigación da Coruña, que é realmente un modelo deste tipo de relacións–.

En definitiva, se falamos de capital humano, estamos potenciándoo ao máximo. Mencionouse o ensino de idiomas, e nós somos pioneiros na anticipación do ensino de linguas estranxeiras. Desde hai varios anos, en moitos dos nosos centros educativos empezouse a impartir o ensino dun idioma estranxeiro no segundo ciclo de educación infantil e no primeiro de educación primaria. Contamos con dez escolas oficiais de idiomas e estamos a facer o intercambio de alumnado e profesorado. Por outra parte, xa o dixen esta mañá, pero quero reiteralo–, levamos investido máis de 44 millóns de euros en dotación de equipos informáticos nos centros educativos de nivel non universitario, para seren postos ao servizo duns 35.000 profesores e de máis de 355.000 alumnos e alumnas –hoxe teñen conexión a internet máis de mil dos nosos centros–.

Veuse a dicir que o país funciona a pesar do Goberno. Ben, déase unha volta por Ferrolterra: vexa o novo porto, vexa as novas comunicacións, vexa o campus universitario, vexa o triunfo da industria nosa coas fragatas F-100 no famoso concurso que lles gañamos ás casas alemás respecto de Noruega, e verá se se pode manter iso seriamente.

Sobre o fracaso escolar, volvo repetir o dato que dei esta mañá e que é oficial: somos a terceira autonomía en escaseza de fracaso escolar –pola cabeza–. Polo tanto, algún fracaso hai, infelizmente; pero, desde logo, non porque o sistema non poña as bases necesarias para evitalo.

En definitiva, eu esta mañá pensaba, oíndo as súas propostas, que se atopaba soñando cun debate de investidura. Creo que se equivocou de debate. Primeiro hai que gañar unhas eleccións e, naturalmente, facer cousas de xeito que demostren que pode ser tomado en serio o partido que di unha cousa no País Vasco, outra en Cataluña, outra en Galicia e que, finalmente, di outra en Vigo.

O discurso do señor portavoz do Bloque Nacionalista Galego eu atopeino un tanto esaxerado, dunha retórica que, polo demais, non é nova nel. Empezou falando do presidente Reagan, que merece todo o respecto polo seu estado de saúde, que foi un home que fixo dobrar a Rusia e lle botou un pulso, que é o responsable de que caera o Muro de Berlín e agora todos os países se poidan adherir á Unión Europea e non estean noutra área que non era boa nin para eles nin para nós; chamarlle “actor mediocre” e “delator” pareceume que non era precisamente unha expresión moi seria.

Fala da involución dos gobernos Aznar, cando nunca tivemos o prestixio nacional e internacional que temos hoxe. E, finalmente, para rematar, di que se sente máis británico que español. ¡Home!, entón vaia promover –como fan outros– a autonomía de Xibraltar, pero non nos veña amolar aquí. (*Risos*.) En todo caso, vese que o Estado español, que debe ser un persoeiro mítico, decidiu enviar a Manuel Fraga a Galicia. Eu preguntome en que mundo vive o señor Beiras e que idea ten da política nacional.

Por suposto, a famosa anécdota de “*menos viajar y más leer los periódicos*” non só é falsa, senón que é totalmente desaxetada. ¿Quen trouxo a España –xa sei que algúns dirán que debeu facerse máis de présa e con maior empuxe, pero

a lei segue vixente— a liberdade de prensa despois de tantos anos de non a ter? ¿De que serviron estes anos? (*Murmurios.*) ¡Pois fun eu! (*Aplausos.*)

Dicía o señor Beiras que moitos galegos se preguntarán de que serviron estes anos. A min paréceme que as respostas son obvias: non hai obra perfecta, pero hai un antes e un despois, e todos os que veñen de Arxentina, ou todos os que veñen de Madrid, sábeno e dino.

En canto a que o voto, polo simple feito de ser maioritario, non demostra nada, é un concepto moi persoal —eu diría que moi aristocrático— da democracia; lea o libro de Sartorio ao respecto. Non hai sistema perfecto de democracia, en todos hai unha influencia dos medios de comunicación, en todos hai grupos sociais que teñen unha tendencia a uns intereses ou a outros; pero o noso non é dos peores e, desde logo, témolo por primeira vez.

Vou abordar un tema que sei eu que non é cómodo, pero cando se fala de Bóveda —a quen eu quero renderlle culto polo seu patriotismo galego—, eu creo que os que queren desenterrar a Guerra Civil e queren buscar os mortos de entón poden meter o país nunha situación que non lle convén. Hai que mirar para adiante, hai que mirar para a fronte e, desde logo, o de desenterrar os mortos —que hai que ver o libro que acaba de publicarse sobre as “checas” de Madrid— non é un tema no que eu queira poñerme a buscar. En todo caso, dicíase que nós non vogamos, que ciamos. ¡Oia!, hai unha cousa no remo —non sei se o señor o practica— que é a ceavoga, que consiste en que hai que ciar dun lado e vogar do outro; así se fan as grandes manobras. Nós ciamos cando convén e vogamos cando é necesario, pero facémolo con todo o esforzo.

En todo caso, cando se fala do mortífero furor aznarista creo que está descoñecendo o labor dun home de estado dos que van pasar á historia de España, e que tivo, ademais, a xenerosidade de retirarse cando non o obrigaba ninguén, o cal revela a súa boa fe. Pero, se se reconece que a situación económica era atrasada, ¿como se puido producir o desenvolvemento da actual? Eu veño do mundo rural, non son ningún “señorito da Reboraina”; eu son neto de labregos e fillo de emigrantes e creo que coñecín unha Galicia, onde non había máis que o arado romano e o carro prehistórico, sen educación e sen sanidade. ¿É esa a que temos agora? Eu teño a sensación de que non é esa a que nós temos. Dea unha

volta por Vigo —se o señor Mariño lle deixa— (*Risos.*) e verá que alí ata os catetos lles amosan algo, e néganse a velo: un complexo industrial importante, exportador de categoría e que vai para arriba.

Segundo as opinións que expuxo aquí nesta mañá o profesor Beiras, os Estados Unidos son un país pobre e débil economicamente, e eu creo que iso non se pode dicir en serio. En calquera sector, os Estados Unidos son enormemente ricos, son modélicos, teñen iniciativa; non obstante, foron reducidos a unha potencia puramente guerreira, puramente militar —o que ocorre é que se poden permitir unha defensa que xa para outros é un luxo imposible—. Pois ben, eu teño que dicir que isto non corresponde a ningún xuízo serio sobre a primeira economía do mundo.

¿Cal é a proporción do sector primario nos países desenvolvidos? Todo o mundo sabe que en Inglaterra a poboación rural precedeu un país que se industrializou, que creou servizos, e está por debaixo do 5%.

A min contáronme un conto excelente —e un Parlamento é un bo sitio para contalo— dun ministro que ía co que lle facía as respostas ás preguntas no Parlamento e perdéronse —eu teño andado por toda Inglaterra buscando sitios onde se ensinaba español e galego, que eran moitos, e ás veces pasoume; porque se un se perde no campo británico, non atopa a ninguén—. Entón, por fin viron un home, e o secretario do ministro preguntoulle onde estaban. O home rascou a cabeza, porque non sabía se eran inspectores fiscais ou qué era aquela xente para el descoñecida, e díxolle: “Os señores están nun coche”. (*Risos.*) E díxolle o secretario ao ministro: “Esa é a perfecta resposta a unha pregunta parlamentaria, porque é curta e breve, e non dá ningunha información que non se posuía antes”. Pero este chiste só é posible nun país que sabe que esas cousas poden pasar. En todo caso, é totalmente falso que os labregos de hoxe sexan máis pobres.

É totalmente falso, pero falso de toda falsidade, que non se teña loitado contra os incendios en Galicia. As cifras de 1989 ata hoxe aí están, e multiplican por vinte o que queda aínda de incendios, por desgraza, pero temos 300.000 hectáreas máis de bosque —estadísticas oficiais de Madrid— do que tiñamos no ano 1990, cando comezamos os nosos servizos ao país. Por certo, estou falando nun ano no cal no meu veciño e irmán Portugal —país que ben quero— ardeu o 5%, non da

masa forestal, senón da superficie total do país, con cidades maravillosas como Mafra sitiadas polo lume. Pois ben, este ano pronto veremos as cifras oficiais; imos ter a reunión do Comité Galego de Incendios dentro de poucos días. Pódolles dicir que este ano se queimou menos que o ano pasado. Miren o que pasou en Francia, en Italia, noutros países.

Falando de pesca, falouse nada menos que de conselleiros “vendidos” a Bruxelas. Fomos capaces de quitarllos a Bruxelas e fomos capaces de que o fíxeran, por bo galeguismo e bo patriotismo, renunciando ao posto que tiñan alí, de moitísimo nivel e máis rendible que os de aquí. Pois ben, falar de que no marisqueo non se fai nada... ¡Oia!, eu teño dito varias veces que me reúno con toda clase de xente, nacional e estranxeira, e unha das comidas que máis me impresionaron este ano foi coas presidentas das comisións de mariscadoras de Galicia, que, loitando, por certo, contra moitos prexuízos, neste momento saben perfectamente o que fan.

Acuicultura. Chegouse a dicir que a temos vendida aos noruegueses. Pero, ¿que broma é esa? Neste momento somos *punteiros* nese tema. Estamos dando axuda a países como Namibia, a algunha provincia do sur de Arxentina, e neste momento empezamos, certamente, despois de Xapón, a ser dos países *punteiros* nesta materia, o que é inevitable. Igual que pasou na terra, onde hoxe a caza é un deporte, xa non é un modo de vida, e veu a gandería e despois a agricultura, estamos xa na acuicultura comezando coas algas.

Da *World Fishing*, da que se falou aquí, convén recordar que foi acompañada de dúas conferencias: Conferencia de Ministros de Pesca, moi importante para os intereses de Galicia e de España, e unha conferencia sobre pesca en augas profundas, porque ata agora se sabía moi pouco das pescas peláxicas. E aí hai que tentar a roupa. Pero foi seguida, poucas semanas despois, por outra segunda feira dos conxeladores e dos especialistas en preparar as pescas, que neste momento nos poñen nun lugar *punteiro* —hai poucas semanas que inaugurei unha planta de procesamento de atún no Salvador, dunha casa importante de Galicia—, e así sucesivamente.

Pero, en definitiva, parece ser que Andorra é a obsesión dos nacionalistas, en Cataluña para o fútbol e en Galicia para —perdóeme— a verborrea, porque falar de que neste momento as solucións que nós propoñemos para os

programas da poboación —que aquí rían moito dese lado da Cámara cando eu falei dela por primeira vez—... falar de nacionalcatolicismo porque reivindicamos os valores... Non é soamente o problema do nivel de vida ou das garderías, é o problema tamén dos valores que temos —penso eu— que restablecer; e outros, se non queren restablecelos, que creen outros novos, pero sen valores as sociedades van ao fondo.

A respecto do emprego, eu lin o seu folletino e, como é natural, pensei de aprender algo. Non aprendín nada neste folleto de propaganda, pero si lle podo dicir que a loita contra o desemprego e a mellora da empregabilidade da xuventude galega está cada vez máis nas nosas preocupacións; para iso creamos unha consellería especial para a xuventude e o voluntariado e outra para asuntos sociais, e por medio dun contrato en prácticas do programa Labora: Xuventude con Experiencia e por outros sistemas, neste momento, estes programas postos a andar no ano 2002 xa ofertaron un posto de traballo a 6.105 mozos e mozas galegos menores de trinta anos, e para este ano imos facer o esforzo necesario para que se poidan beneficiar do programa Labora preto de 8.000 mozos e mozas galegos.

Desenvolvemos un sistema de formación profesional ocupacional que é realmente extraordinario, polo cal, no ano 2002, 20.054 alumnos menores de trinta anos realizaron cursos de formación ocupacional, o que representa o 56,5% do total; os datos de 2003 están sen pechar, xa que aínda hai cursos en marcha, pero a porcentaxe de menores de trinta anos respecto de alumnos formados está neste momento, un pouco por enriba dos datos antes mencionados, nun 57,1%.

A loita contra o desemprego feminino vai por moi bo camiño. Nos últimos cinco anos, desde que a Xunta de Galicia xestiona as políticas activas de emprego —foi das primeiras comunidades en recibir esta transferencia—, incrementouse o número de mulleres activas e o das ocupadas, e reduciuse, pola contra, a taxa de desemprego un 6,5%, segundo a enquisa sobre poboación activa. Pode que teña outros datos á súa disposición.

En definitiva, a instancia política que mencionaba o señor Beiras, coas novas infraestruturas, co perfeccionamento do sistema educativo, co crecemento, que arranca do capi-

tal humano, da sanidade, está realmente, neste momento, todo menos regresivo.

Por certo, como se falou sistematicamente nas dúas intervencións do mal trato económico que recibe Galicia, quero remitir os señores portavoces a un libro importante que acaba de saír, realizado polo señor Castells e outros: *Las balanzas fiscales de las comunidades autónomas 1991-1996. Análisis de los flujos fiscales de las comunidades autónomas con la Administración central*. Este libro –que é un libro transcendental, e recoméndolles a súa lectura a todos señoras deputadas e señores deputados– dá datos que creo que son relevantes: Galicia recibe máis do que produce fiscalmente, 590.864 millóns de pesetas –os datos veñen aínda en pesetas–, esta é unha cifra sumamente importante e para non facer bromas sobre ela. En canto ao investimento presupostario do Estado, o incremento en 2003 foi do 37%, incluíndo a Administración, rendas, organismos autónomos, entes e empresas públicas –que non é certo que non se inclúan–.

Finalmente, querido colega, eu teño que dicir que de Brañas mellor non discutimos, pero estou no seu sitio, no rexionalismo, non no nacionalismo.

En canto ás vantaxes doutros países que se poñen como exemplo, pois xa ven, en Alemaña fíxoas Schröder e neste momento leva ao copago na saúde –nós cremos máis conveniente o famoso céntimo sanitario–, e en Suíza, outro dos países que mencionou, vexa nas últimas eleccións quen as gañou.

En canto á referencia confusa que se fixo ao que eu chamo o País Vasco e el chama Euskadi –que me parece moi ben–, recorde que eu me chamo Iribarne, que, segundo don Resurrección María de Azcue, autor do único dicionario que hai éuscaro-español, éuscaro-francés, que foi un crego que sabía moi ben o vasco e gañou as primeiras oposicións a unha cadeira de vasco, convocada pola Sociedade Bilbaína, á que se presentaron tres opositores: don Sabino Arana Goiri, don Miguel de Unamuno y Jugo e o crego, que foi o que a gañou, “iribarne” quere dicir “en medio do pobo”, e aí quero eu estar e penso que estou, e estarei, e, naturalmente, seguirei estando despois de que deixe as miñas responsabilidades.

Moitas grazas a todos. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Abstéñase o público, por favor, de manifestarse en favor ou en contra. Se non teño que desaloxar.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señorías, señor presidente.

Dicía na intervención anterior, señor Fraga, que o seu discurso de balance desta mañá do debate da autonomía tiña un grande ausente, e teño que reafirmarme nesa valoración, sen dúbida ningunha. O grande ausente neste debate, nas súas palabras, no seu discurso, foron os problemas da cidadanía, os problemas da Galicia de hoxe, da Galicia real.

Fixo vostede un discurso amable, un discurso dunha Galicia escasa en problemas, dunha Galicia máis parecida a unha Arcadia feliz, e, en conclusión, razoablemente, fíxo vostede un discurso con escasas ambicións, proxectos e esperanzas, non fixo o discurso do presidente do Goberno da Galicia do século XXI. Realmente, vostede renunciou a falar en serio e a fondo do que creo que é, probablemente, o principal problema que hoxe sofre gran parte da nosa sociedade e, desde logo, os mozos e as mozas do noso país e, en consecuencia, as familias: a precariedade laboral. Non partir de recoñecemento de que, cun 35% de precariedade laboral, Galicia ten hoxe o triste *record* de encabezar a precariedade e a inseguridade no traballo, aparelhada tamén á inseguridade e á sinistralidade laboral, aparelhada á dificultade de emanciparse e de formar unha familia, é realmente unha mensaxe falta do máis mínimo sentido de futuro e de esperanza para quen nos ten que suceder no traballo, na actividade, á fronte deste país. Vostede, de feito, renunciou expresamente a plantexarse tan sequera un obxectivo, porque falou de obxectivos en materia de emprego, señor Fraga, para o ano 2015. Claro, o Cumio de Lisboa, o Cumio de Estocolmo, os cumios europeos que cifraron obxectivos a variables alcanzables, co traballo e co esforzo de todos, para o ano 2010, superan de sobra o que vostede vén referir aquí cando fala do 2015.

Pero é que tampouco falou de vivenda. Realmente, vostede pasou por enriba, como se lle queimara nas mans falar do problema da accesibilidade á vivenda; un tema vital e decisivo no que hai que facer unha política pública de promoción de solo, de parque de vivendas en aluguer, para que Galicia, con España, poida avanzar na dirección de que realmente sexa un ben accesible para as familias de rendas baixas e para os mozos do noso país.

Apenas dedicou vostede nada, señor Fraga, a falar da falta de servizos sociais. Vostede fala de familia e énchese-lle a boca —está ben—, e fala de revitalización demográfica á antiga usanza, pero do que hai que falar en Galicia é de como creamos unha rede de escolas infantís con 30.000 prazas, unha rede pública de calidade que permita que os mozos e as mozas poidan, realmente, ter familia e ter onde poder deixar, en termos educativos, de calidade e asistenciais, os fillos que queiran ter. Falar da familia quere dicir que hai que falar dunha lei de protección da familia que realmente garanta e obrigue a que as necesidades as asumimos como dereitos que deben ser garantidos polos poderes públicos, planteándose o obxectivo de que, cando menos, o cento por cento dos discapacitados, o cento por cento das persoas altamente dependentes, poidan ter un servizo de teleasistencia, de asistencia a domicilio, unha residencia da terceira idade.

Este é o drama: que vostede vén aquí e non nos di outra cousa —porque non pode dicir— que o que está nos presupostos que o señor Orza acaba de ensinar.

Por sexto ano consecutivo, o gasto social en Galicia perde peso nos presupostos do Estado, igual que o gasto en educación, señor Fraga. O problema non é o túnel do tempo, o problema non son trinta anos de historia. Recoñézolle, e dígoos unha e outra vez, que vostede tivo empuxe e visión de España e de Galicia nos primeiros anos do seu goberno en Galicia. O problema é que chega ao final esgotado, sen capacidade, sen proxectos, sen ambición, porque estamos, realmente, diante dun tempo político amortizado. E hoxe confunde as prioridades, non ten a *brúxula* onde a ten que ter: o norte na educación, na innovación, na protección social, na estabilidade laboral. Aí é onde temos que batallar; non queremos unha Galicia de salarios baixos —os máis baixos de España—, coas pensións máis reducidas, coa produtividade 20 puntos por debaixo da española; así non poderemos saír, realmente, señor Fraga, da subvención do subsidio.

Por iso digo que o seu discurso é adormecedor, é enganoso, no fondo, de lonxe, na referencia.

Non falou realmente da emancipación dos mozos de Galicia: os mozos europeos que tardan máis en poder saír da casa e formar unha familia, a familia que queiran formar.

Fala vostede de modernización e de cambio, cunha mensaxe enganosa no sentido de que confunde —que non é acertado— modernización e cambio na agricultura e na pesca. Mire, na pesca en Galicia, na pesca artesanal, apenas se ten modernizado e renovado entre o 3% e o 6% da nosa frota; no resto das frotas artesanais de España están entre o 40% e o 60% de renovación e de modernización. Tamén fala de modernización da agricultura, e faina equivalente á destrución da paisaxe rural, á desertización é tamén a que en Galicia hoxe non haxa posibilidade real de relevo xeracional no campo, señor Fraga. Vostede a iso chámalle modernización, pero non di nesta Cámara que os agricultores de Galicia, despois de sufrir o proceso de modernización, están no 37% da renda europea, e no 44% da renda española media, esa é a realidade.

Hai que falar dunha lei básica de acción no medio rural e temos que batallar para establecer un contrato social entre o mundo urbano e o mundo rural, para intentar reequilibrar o territorio, para intentar, de verdade, que os cidadáns de Ourense e Lugo, os cidadáns do interior de Galicia, teñan os mesmos dereitos, as mesmas oportunidades e o mesmo futuro que ten a Galicia urbana, a Galicia das cidades. De todo iso non se falou neste debate pola súa parte, señor Fraga, por iso dicía —e digo, e reitero— que a Galicia real, a dos cidadáns, a dos problemas da xente, é a ausente deste debate, e iso é extraordinariamente significativo do punto ao que chegou vostede. Por iso falo —agora si— dun líder esgotado, manso e subordinado, sen ambicións, sen proxecto e sen esperanza.

Falou moito do pasado e fixo unha reinterpretación da historia na que non quero entrar, pero algo teño que dicir en honor á verdade, en honor aos mozos que poidan estar escoitando este debate, porque teñen dereito a que non se reinterprete a historia, con pouca humildade, con moi escasa humildade pola súa parte e con moi escaso rigor histórico. Porque, mire, o pacto constituínte, no que desde logo está o Partido Socialista, o pacto constitucional ao que contribuí-

mos decisivamente, obríganos incluso a ser xenerosos, a esquecer, a ser piadosos co pasado –se queremos dicilo así–, pero non nos obriga a manter o engano e a falta de rigor e de verdade.

É moi duro ter que ver como vostede vén aquí apropiarse da Constitución, da historia do Estatuto; precisamente quen no fondo, estivo contra o título VIII da Constitución, pai da autonomía que hoxe temos. É moi duro ter que escoitar que aquel que, cando foron as sesións de discusión no Parlamento do Estado do Estatuto de Galicia –e consta no Diario Oficial de Sesións–, se opuña, literalmente, a que existiran referencias ao pobo galego, á identidade propia, que o quería borrar para que iso non aparecera no Estatuto –e consta nas actas–, agora vén aquí darnos leccións de apropiación e de historia. Señor Fraga, vai vostede por mal camiño.

Miren, non é ese o debate que interesa, o debate que temos que facer é o debate que nos di que no ano 1990, cando vostede chega a Galicia, eramos –segundo os datos oficiais, os informes da Unión– a rexión número 30 pola cola en Europa. Aguantamos así no primeiro periplo da súa andaina en Galicia, pero agora, finalmente, estamos no lugar 17 pola cola, caemos 13 postos, señor Fraga, nunha Europa que ten aínda máis rexións que antes. Estamos, nesta última lexislatura, nunha situación dun fracaso clamoroso, na cal o proceso de modernización do país require un novo impulso.

Por iso hoxe aquí eu comprométome a traballar sen descanso, sen desmaio, por un proxecto nacional de progreso, que ten que ser o da segunda modernización de Galicia; desde un galeguismo aberto e solidario; desde un galeguismo que ten que ser o motor cívico deste país; sumando esforzos, os de todos, sen exclusión, señor Fraga; con vocación de verdade e de diálogo, con vocación de tenderlle a man a todos; na defensa do autogoberno. Non veña aquí falar, como se fose unha clase de ciencia política, da reforma da Constitución, un día si. outro día non, facendo un exercicio de camaleonismo político sen precedentes, señor Fraga. Á hora da verdade, leva vostede de presidente, sen que en España se producise, no Senado –onde ten que producirse–...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ TOURIÑO:... –remato, presidente–, o Debate do estado das autonomías, porque o impediu o presi-

dente Aznar. E vostede, como presidente de Galicia, incumpriu a súa responsabilidade de esixir ese debate, de facer balance real, con sentido da responsabilidade, da marcha do autogoberno en España e, en particular, do impulso de autogoberno en Galicia.

Por iso, non nos valen os brindes ao sol; válenos, de verdade, o compromiso certo, recio e firme; iso, desgraciadamente, é o que lle falta hoxe ao Goberno de Galicia e a vostede en particular, señor Fraga.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Touriño.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para a rolda de réplica.

O señor BEIRAS TORRADO: Dóeme a caluga, é a vellez do Padre Amaro a miña. Hai un señor aí que ten unha cara de pasmo tremenda.

O señor PRESIDENTE: ¿Empezou xa?

O señor BEIRAS TORRADO: Non señor, son rexoubas. Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fraga, eu xa hai bastante tempo que non me anoxo con vostede, de maneira que tampouco esta vez. Son cousas da madurez próxima á senectude na que estou. Verá, se non me anoxei entre o mes de novembro pasado e marzo pasado, xa é imposible que me anoxe. Máis británico e español, na cultura política, parece mentira que vostede non estea de acordo, porque ten tomado sempre a cultura política británica como unha referencia. E, logo, británicos non é igual que ingleses; sábeo moi ben, son tamén os escoceses, os galeses e os irlandeses. Ramón Cabanillas, de quen vostede ten falado tantas veces, falaba dos sete *ciños*, as sete nacións celtas: Armórica, Cornubia, Cambria, Galicia... Pois Cornubia, Cambria, ou sexa, Escocia, Gales, e Irlanda, son británicas. Por outra parte, vostede sabe moi ben que, en realidade, eu o que son é un afrancesado empedernido e absolutamente irrecuperable.

A ceavoga é para facer as viradas, e, se non paras, faise o rodopío constante. De neno, xogabamos nas chalanas. Era moi divertido, faciamos así, dabamos tantas voltas que sem-

pre caía alguén á auga, fatalmente. Paseino moi ben, porque eu diso algo lle sei, aínda que non nacín no campo nin son fillo de emigrantes –por fortuna para os meus pais, que non tiveron que emigrar; a min daríame o mesmo–.

O señorito da Reboraina é a derradeira novela escrita por don Ramón Otero Pedrayo. En homenaxe a don Ramón Otero Pedrayo, cando Aurichu e mais eu –Aurichu é a miña muller– mercamos unha leira –porque nos botaban do piso onde viviamos en Santiago– e restauramos unha casa rural que estaba en ruínas e levaba vinte anos abandonada, como os amigos da miña xeración, cando se querían meter comigo afablemente, me chamaban o señorito da Rosaleda –meus pais vivían na Rosaleda e era un barrio de señoritos–, entón, por se acaso me volvían chamar señorito, púxenlle Reboraina, para que me chamaran señorito de Reboraina, que era unha honra, sendo nada menos que unha invocación de don Ramón Otero Pedrayo –xa ve vostede que é unha cuestión de humor–.

O folleto de emprego xuvenil non está feito para que vostede aprenda nada; só faltaría que vostede fose aprender algo dun folleto feito polo BNG e por Galiza Nova. Outra cousa é a ver se aprende a súa conselleira, porque se todo o que teñen para o emprego xuvenil é o Plan Labora, é un programa incompleto. Para empezar, fáltalle a primeira palabra, *ora et labora*, esa si que era a máxima dos bieitos do Císter; fáltalle *ora et labora*, por ese outro instituto, etc., de segundo ensino.

Pesca. Colaboración con terceiros países. Nós fartámonos –non nos fartamos, insistimos– de propoñerlles nesta Cámara a vostedes esa fórmula de colaboración dos anos 1990, 1991 e 1992. Votaron sistematicamente en contra: frontón de *La pelota vasca*. Agora descóbrenos vostedes e resulta que é importante, porque vostedes –ás veces– fan cousas interesantes; o problema é que só consideran as cousas que se deben facer cando vostedes chegan á conclusión de que se deben facer; nunca escoitan os demais; oen, pero non escoitan.

Claro que coñezo o libro de Castells, ¡faltaría máis!, claro que Galicia recibe de máis, pero iso xa llo explicará o señor Orza despois; explicarlle tamén por que o que di o señor Castells no seu libro non ten nada que ver nin invalida a tese que eu defendín, porque é un problema de deseño

de aplicación das figuras tributarias, é un problema de xurisdicións tributarias, pero xa llo explicará o señor Orza. Ben, non sei se será capaz, porque me parece que xa se esqueceu dese asunto; hai demasiado tempo que non está na docencia. Eu estou pensando en retornar rapidamente, porque estou perdendo facultades docentes con tres anos que levo en excedencia. Porque se non pedía a excedencia especial, ¿sabe que me pasaba? Como xa non podía co corpo para dar a dedicación exclusiva, pasaba á dedicación de tempo parcial, e castigábanme economicamente na xubilación –eses sistemas de xubilacións que hai aquí–, cando me toque.

Brañas. Dixo vostede: “Eu estou no rexionalismo”. A min dáme igual que lle chame como queira. Só quero lembrarlle –porque vostede coñeceo perfectamente, pero ás veces a memoria falla cando a un lle interesa, é unha cuestión freudiana– o programa político exposto por Brañas no discurso da apertura de curso da Universidade de Santiago de Compostela en 1892, ¿recorda? Nada menos que dereito civil e mercantil e exclusivamente lexislación para Galicia, institutos armados propios, bater moeda, acuñación de moeda –estabamos nun sistema metálico e bimetalista daquela, hoxe non tería sentido–. Brañas reclamaba para Galicia poder bater moeda; se iso é rexionalismo, váleme; asegúrolle que me vale perfectamente. O rexionalismo do programa de Brañas de 1892 da Universidade de Santiago váleme perfectamente. Tamén lle valía a Manuel Murguía, que, polo visto, tamén era rexionalista; claro, porque era a maneira en que se lles dicían as cousas aos nacionalistas daquela, cando tiñan que ser criptonacionalistas porque non podían dicir outra cousa. Pero hai que ir aos contidos do pensamento e ao que está escrito, e vostede sábeo moi ben. Agora ben, se chega aquí e non lle interesa darse de conta ou non lle interesa –mellor dito– facer memoria, iso é outra cousa, e compréndoo. Porque vostede acaba de dicir que a mellor resposta a unha pregunta parlamentaria –e, polo tanto, a un debate– é o que vostede dixo, ¿verdade? ¿Como é o do auto? Iso é o que practican vostedes aquí sempre no Parlamento, por iso é perfectamente inútil que fagamos preguntas parlamentarias, interpelacións ou peticións de comparecencia, porque nos van contestar co do auto; ao final serán autistas.

Bóveda. Non desenterrar a Guerra Civil. Eu non quero desenterrar nada, pero é unha inxustiza cometida a un persoeiro que forma parte do patrimonio da historia de dignida-

de deste país, e debe selo para vostedes tamén, ¿ou non? ¿Que reparo hai? Se non, pregúntolle: ¿desenterra a Guerra Civil o Papa Xoán Paulo cando canoniza ou beatifica vítimas da Guerra Civil española? ¿Que pasa? ¿Está desenterrando a Guerra Civil *y el hacha de guerra*? ¿Por que nada menos que a Igrexa católica, tan prudente, pode beatificar ou canonizar persoas relacionadas coa Guerra Civil, vítimas dun bando, e non se pode facer civicamente –non relixiosamente– a reparación da xustiza histórica, da memoria histórica, que precisamente permite unha reconciliación?

Hai aquel poema de Rosalía Castro: “tembra a que unha inmensa *dicha* neste mundo te sorprenda; glorias aquí sobre-humanas trân desventuras supremas”, etc., e chega un momento: “hai infernos na memoria, cando non os hai na conciencia”. ¡Ollo!, é a única explicación que eu podo dar a que, por exemplo, as Cortes españolas se negasen, pola maioría absoluta do PP, a facer unha declaración clara respecto do que representou e significou a sublevación militar de 1936. ¿Vostede imaxina iso, que houbese algunha forza política no Estado alemán actual que se negase a facer esa condena respecto do réxime nazi? ¿Que pasa? ¿Hai vínculos? Vostede non os ten, era moi rapaz daquela. ¿Que anos tiña cando empezou a Guerra Civil, 14 anos? Non pode sentirse implicado, vostede foi ministro nos anos sesenta, non hai problema. En troques, este país débelle a Bóveda e a tantos outros unha reparación na memoria; os exercicios da memoria son fundamentais para que un pobo –e unha cidadanía, sobre todo– non perda raíces e para asentar a democracia, e para que dunha vez se poida falar desas cousas, se poidan facer esas rendicións de xustiza sen traumas. Eu non os teño, a xente do BNG tampouco, ¿por que será?

Finalmente, non dixo nada do Estatuto e da Constitución, e como xa me prenderon esa luz amarela, e logo virá a vermella –o ollo vermello, que dicía don Ricardo Carballo Calero–, ¿por que non facemos un debate nesta Cámara, en celebración dos vinte e cinco anos da Constitución, amplo, sosegado, distendido, pero analizando cousas? ¿Por que non analizamos, se mo permite, antes de que se...? ¿Por que, profesor Fraga Iribarne, non facemos un debate no que examinemos desde distintos puntos de vista un dos problemas que leva entrañado o deseño constitucional por razón de como se xestou e o que había que facer para xestalo? ¿Un dos problemas non será que en lugar de facer un deseño do modelo de estado, que ten que ser o modelo que

estrutura o poder político, se fixo fundamentalmente un modelo administrativo? É un disparate conceptual, vostede sábeo mellor ca min, que eu non son catedrático de dereito político nin de dereito constitucional e vostede si. Vostede sabe perfectamente mellor ca min que a estrutura territorial, o que se chama estrutura territorial, que é no que se fundamenta o título VIII, non pode abordar politicamente as cuestións de poder ou de articulación dunha realidade sociopoliticamente plurinacional, porque unha nación non é un territorio. Incluso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO:... Non lle gustan ao presidente do Parlamento estas disquisicións, que son....

O señor PRESIDENTE: Non lle gustan ao reloxo.

O señor BEIRAS TORRADO: Ao reloxo. Si, claro, sempre o reloxo.

O señor PRESIDENTE:... a min encántanme.

O señor BEIRAS TORRADO: Pois se lle encantan, entón pare un momentíño o reloxo e déixeme rematar polo menos esta cousa, que á fin e ao cabo...

Hai nacións que nin sequera teñen territorio, por exemplo a nación xudía, que non tivo territorio ata o Estado de Israel –e estaba mellor cando non o tiña, ¡coa que montou!–, ou a nación negra nos Estados Unidos de Norteamérica; Michael Novick e unha serie de especialistas que non son sospeitosos de racistas, nin de etnicistas, nin de organicistas, din que existe unha realidade que é unha nación negra nos Estados Unidos.

¿Por que non facemos un debate sosegado para celebrar, precisamente, os vinte e cinco anos de Constitución, no canto de facer unha simple sesión ritual? Sería interesante; ás veces uns xogos florais no Parlamento virían moi ben para osixelalo. De todas as maneiras, vostede está emprazado a algo que lle dixen ao final. Tampouco o contestou, non lle pido que me conteste, métao no peto, revíseo cando o considere oportuno, e despois falaremos. O BNG non ten máis alianza política que a que ten coa cidadanía, que exerce como tal. En función diso, nós...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO:.... rematamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia para a réplica e contrarréplica.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, insiste o portavoz socialista en que houbo un grande ausente: os problemas do país. O que ocorre é que, polo visto, as cousas que eu lle dixen non lle pareceron un modo axeitado de plantexalos. Paréceme natural, porque ten outro punto de vista, que para dicir verdade non é fácil saber cal é, pero dicir que o discurso que eu fixen esta mañá non ten ambicións nin proxectos non responde á realidade.

A precariedade laboral. Sabe perfectamente o señor portavoz que houbo en cuestión unha reforma do mercado laboral que non se fixo, e mentres estean vixentes algunhas normas da actual regulación do mercado haberá unha propensión especial das empresas a ir á precariedade.

En canto a poñer o ano 2015 como punto de referencia, é unha proba de seriedade, porque é obvio que os que estamos aquí non imos estar nese momento –probablemente o señor Beiras e eu non estaremos, outros poden ser máis optimistas–, pero o que é seguro é que hai que tomar en serio os datos.

Vivenda. Nun país onde o terreo é relativamente o máis caro de España, nun país no cal, evidentemente, temos que facer unha ordenación do territorio –niso estamos– que corrixa unha certa tendencia á falta de control –sobre todo en solo rústico– o certo é que, neste momento, a vivenda se consegue máis e mellor que en ningún outro sitio, que estamos con plans serios, como a Hipoteca Xove e outros, na dirección que se indicou; e esperamos que todos compremos con estes.

Servizos sociais. Como é natural, temos unha consellería traballando moi eficazmente nesta materia. Permítame que me ría un pouco diso da revitalización demográfica á antiga

usanza, non hai máis que unha para facer a revitalización demográfica, (*Risos.*) e volvo sempre á mesma cuestión porque neste momento, queiramos ou non admitilo, son os valores morais os que teñen tamén que intervir dalgún modo na cuestión.

Despois de dicir todo isto, non é certo que nos presupostos perdan peso os asuntos sociais, nin moito menos a educación. O que ocorre é que todo crece. Neste momento asumimos temas novos; non había unha Consellería de Medio Ambiente, non había outras cousas recentemente, pero o que é absolutamente certo é que para ter servizos sociais, tendo en conta a situación do envellecemento certo da nosa poboación, que é un dato positivo –o malo é que iso non se componse na base da pirámide demográfica–, imos traballar arreo, e estamos a facelo cos datos que dei esta mañá.

Ben, falouse de pesca, falouse de agricultura, e teño que dicirlle que en materia de pesca, a que é de altura, no que é a construción naval, no que é refrixeración, no que son as novas lonxas, que son as mellores de Europa, e un longo etcétera, estamos en cabeza, como corresponde a unha Galicia que é a metade da pesca de España, e España é a metade da pesca dos quince. Pero teño que dicir que, efectivamente, a pesca de baixura, por razóns moi complexas, que están dando lugar a unha tarefa extraordinaria do conselleiro –vendido a Bruxelas, por suposto–, neste momento atrévome a dicir que é unha das máis difíciles que ten acometido a Administración galega.

Non houbo reinterpretación da historia, os datos que eu dei eran exactos; o que ocorre é que, despois, cada un ten a súa maneira de valorar o que se fixo. Pero, desde logo, eu non pretendo apoderarme da Constitución nin do Estatuto. Creo que neste momento hai que pedir respecto, e só pedimos que os que propoñen modificacións de tal calado, como pode ser o famoso federalismo asimétrico, teñan en conta que non se pode nin falar diso sen conseguir o mesmo consenso e o respecto ás formas establecidas pola propia Constitución. En canto ao Senado, debo dicir que, unha vez máis, non podo concorrer coa súa presentación do caso. En tempos do Goberno socialista, conseguín –digo conseguín, porque fun o autor da proposta–, apoiado, desde logo, por outros importantes presidentes doutras comunidades, que se creara unha comisión especial no Senado para estudar a reforma; e foron as peticións esaxeradas de determinados nacionalis-

mos pedindo un dereito de veto e dous niveis distintos entre as nacionalidades e as rexións, cando era evidente que neste punto todos tiñamos que ter o mesmo dereito para participar no Senado, os que impediron a reforma. Despois, o asunto quedou estancado, como xa sabe; moitos cremos que será un dos que virán, e máis ben pronto que tarde.

En canto ao señor portavoz do BNG, é evidente que non hai por que anoxarse na dialéctica política, eu nunca o fago. Sobre esa cuestión de británicos e bretóns, quero dicirlle que, efectivamente, a Gran Bretaña é o conxunto do que quedou da vella monarquía que se estendeu no seu momento a Irlanda, e que neste momento tivo que recoñecer de novo, por fin, a autonomía de Escocia; como é certo que [...] distinguen entre *Great Britain*, Gran Bretaña, e *Brittany*, a Bretaña francesa, a onde foron os que escaparon de alí cando chegaron os anglos e os saxóns, que eran pagáns aínda naquel tempo, e destruíron o reino de Arturo –tan amado polo noso Cunqueiro–. E, en definitiva, algúns perdéronse –non había *bríxula* naquel tempo– e chegaron ao norte de Lugo, onde fundaron a vila que se chama Bretoña, como sabe perfectamente –supoño– o señor Beiras, cun bispo, que é a orixe do bispado de Mondoñedo, que estivo por Bretoña, por San Martín de Mondoñedo, veu a Mondoñedo escapando dos viquingos, pasou por Ribadeo nas loitas feudais do tempo e estableceuse por fin alí onde é a miña diocese. Polo tanto, non xoguemos coa palabra; o que é evidente é que aquí se dixo “británico”, que ten un sentido que se refire, como é natural, á Gran Bretaña de hoxe, con anglos e saxóns incluídos; e, se non, hai que aclaralo ben.

En canto ao emprego, eu estou de acordo co *ora et labora*, ogallá iso fose algo máis que unha fórmula; creo que é esa a frase coa que os monxes bieitos civilizaron o campo nun momento de barbarie e fixeron esas marabillas que son Oseira, Samos e tantos outros exemplos. Por certo, cando a san Bernardo, fundador do Císter, lle dixo un abade que quería fundar en España, díxolle: “Ti estás tolo, aquel é un país de tolos”. Despois rectificou e en poucos sitios houbo unha semente tan boa como aquela dos mosteiros: *ora et labora*. Pero desde logo, que o Plan Labora é o primeiro intento serio, non de folleto, senón funcionando xa neste momento, é absolutamente certo.

En canto a que nós oímos pero non escoitamos, eu penso que non é verdade. Nós escoitamos, nós ofrecemos diálogo.

E en canto á balanza fiscal, o señor Orza e eu xa falamos disto. Eu deille un libro ao señor Orza, un exemplar, e despois deille un segundo; estudámolo ben a fondo e os datos son os que di o libro e punto. Quérese dicir que nós neste momento temos que agradecer moito a solidariedade do Goberno español, que, como é natural, ten que ter en conta tamén as necesidades das outras rexións, pero Galicia, especialmente neste momento, está ben tratada.

A Brañas, efectivamente, eu coñezoo, fixen sobre el un discurso académico e teño por el verdadeira admiración. Foi unha gran perda para Galicia a súa morte en plena xuventude, pero é absolutamente certo que el e moitos outros dos devanceiros, dos precursores, estarían moi satisfeitos co que temos hoxe e co que estamos a facer.

Do demais, querido profesor Beiras, perdoe se fixen un chiste, pero un chiste é un chiste, ¿verdade? En canto ás canonizacións da súa santidad o Papa, agradézolle que me dea a ocasión de renderlle tributo a un dos homes máis grandes da humanidade de todos os tempos, que tivo o valor de recoñecer que, dentro das guerras civís, se a unha muller a matan só por ser monxa, como pasou en Guadalaxara, ten o mesmo dereito que calquera outro tipo de mártir; econ isto deixámolo aquí, pero eu quero facer esta homenaxe á Súa Santidad o Papa, que hoxe celebraba un importante cuarto de século de traballo con gran sacrificio da súa persoa, naturalmente, facendo uso da miña liberdade relixiosa.

En canto ao debate sobre a Constitución, por suposto, pensar que pode ser un debate moderado –despois de escoltalos– paréceme moi ben; pero o que é absolutamente certo é que non se pode dicir que a Constitución vixente, que eu quero defender nestes días do seu 25.º aniversario... Non se pode falar dela lixeiramente. Foi un grande esforzo, moitos crían que non sería posible, e os tres problemas principais –repito–, como falaba esta mañá –a forma do Estado, o modelo económico e social e o modelo territorial– xa os resolveu; ademais, fíxese, cunha base administrativa, cunha base suficiente para que esteamos agora onde estamos, que se o viran Castelao ou Rosalía dirían: Realmente, isto parécese bastante ao que nós pensabamos.

En fin, quero rematar, señoras deputadas e señores deputados, coa venia do señor presidente, dicindo que, despois dunha experiencia como a que tivemos cando o

Prestige, cando algúns creron que nos afundía a todos, eu volvo facer un ofrecemento de dialogar seria e civilizadamente polo país. A alianza con Galicia non a ten só o Bloque, témola todos –ou debémola ter–; iso ensinóuno-lo a todos Piñeiro. Neste momento, quixera que iso fose algo máis que palabras, que fose realidade. Miren para Vigo ou miren para outro sitio e xa verán o que quero dicir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Informo á Cámara de que os grupos parlamentarios poden presentar propostas de resolución ata as 12 horas de mañá, día 22, no Rexistro Xeral da Cámara. Unha vez esgotado ese prazo, a Mesa procederá á cualificación e distribución aos grupos de todas as propostas admitidas para o seu estudo antes de que se inicie o seu debate, que será ás catro e media da tarde.

Ata entón, suspendemos a sesión.

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e oito minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Álvarez Blanco, Salomé	(BNG)
2.- Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3.- Álvarez Montes, Marta	(PP)
4.- Amarelo de Castro, Fernando	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8.- Borrajo Rivas, Pedro	(PS deG-PSOE)
9.- Bueno Berrío-Ategortua, Marisol	(PP)
10.- Caldelas Fernández, María Josefa	(PP)
11.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
12.- Carballo Páez, Ramón	(PP)
13.- Casares González, Juan Manuel	(PP)
14.- Castedo Carballo, Remedios	(PP)
15.- Castro García, Roberto	(PP)
16.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
17.- Cortizo Nieto, Miguel	(PSdeG-PSOE)
18.- Cuiña Crespo, Xosé	(PP)
19.- Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
20.- Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
21.- Díaz Vázquez, Manuel	(PP)
21.- Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
23.- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
24.- Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
25.- Gago Álvarez, Cástor	(PP)
26.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
27.- García Leira, José María	(PP)
28.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29.- González Laso, Natividad	(PSdeG-PSOE)
30.- González Loroño, Beatriz	(PP)
31.- Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
32.- Janza Muñiz, Paula	(PP)
33.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
34.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
35.- López Abella, Susana	(PP)
36.- López Besteiro, Manuela	(PP)
37.- López Díaz, Victoria Eugenia	(PP)
38.- López Outeiral, Manuel	(PP)
39.- López Pérez, Emilio	(BNG)
40.- López Veiga, Enrique César	(PP)
41.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
42.- Mayán Santos, José Manuel	(PP)
43.- Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
44.- Novo Arrojo, María Tereixa	(BNG)
45.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
46.- Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
47.- Pérez Ares, César augusto	(PP)
48.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
49.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
50.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
51.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
52.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
53.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
54.- Reviejo Ares, Miguel Ángel	(PP)
55.- Rodríguez Corcoba, Fernando	(PP)
56.- Rodríguez Cuervo, Inmaculada	(PP)
57.- Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BN)G)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP)
59.- Rodríguez González, Manuel Luis	(PSdeG-PSOE)
60.- Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
61.- Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
63.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
64.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65.- Seara Sobrado, Laura	(PSdeG-PSOE)
66.- Sestelo Fernández, Ramón	(PP)
67.- Sineiro García, Francisco	(PSdeG-PSOE)
68.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
69.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
70.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
71.- Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
72.- Trigo Durán, Francisco	(BNG)
73.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
74.- Veiga Buxán, Xesús Manuel	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)

**RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR CADA CIRCUNSCRICIÓN**

PROVINCIA DA CORUÑA

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- Jaime Alberto Pita Varela
- 3.- Fernando Rodríguez Corcoba
- 4.- Marta Álvarez Montes
- 5.- Miguel Ángel Reviejo Ares
- 6.- Manuel Santos Ruíz Rivas
- 7.- Fernando Amarello de Castro
- 8.- Alberto Sueiro Pastoriza
- 9.- Jesús María Fernández Rosende
- 10.- Manuel López Outeiral
- 11.- Diego Calvo Pouso
- 12.- José Manuel Mayán Santos

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- Xesús Manuel Veiga Buxán
- 3.- Xosé Díaz Díaz
- 4.- Domingos Merino Mejuto
- 5.- María Tereixa Novo Arrojo
- 6.- Ana Belén Pontón Mondelo

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Miguel Cortizo Nieto
- 2.- Natividad González Laso
- 3.- Francisco Cerviño González
- 4.- María Soledad Soneira Tajés
- 5.- Francisco Sineiro García
- 6.- José Manuel Lage Tuñas

PROVINCIA DE LUGO

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- José María García Leira
- 3.- José Manuel Barreiro Fernández
- 4.- María Jesús Tapia Fernández
- 5.- Susana López Abella
- 6.- Victoria Eugenia López Díaz
- 7.- Manuel Díaz Vázquez
- 8.- Remedios Castedo Carballo
- 9.- Ramón Carballo Páez

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Ricardo Varela Sánchez
- 2.- Ismael Rego González
- 3.- Margarita Pérez Herraiz

(Continúa)

POVINCIA DE OURENSE**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Inmaculada Rodríguez Cuervo
- 2.- Miguel Ángel Santalices Vieira
- 3.- Roberto Castro García
- 4.- José Manuel Baltar Blanco
- 5.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 6.- Maximino Rodríguez Fernández
- 7.- Cástor Gago Álvarez
- 8.- María Josefa Caldelas Fernández

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Laura Seara Sobrado
- 2.- Pablo Xabier López Vidal
- 3.- Manuel Luis Rodríguez González

POVINCIA DE PONTEVEDRA**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Xosé Cuiña Crespo
- 2.- Enrique César López Veiga
- 3.- Marisol Bueno Berrío-Ategortua
- 4.- Xesús Palmou Lorenzo
- 5.- Beatriz González Loroño
- 6.- Ramón Sestelo Fernández
- 7.- Juan Pedrosa Vicente
- 8.- Pilar Rojo Noguera
- 9.- Juan Manuel Casares González
- 10.- Paula Janza Muñiz
- 11.- Alejandro Gómez Alonso
- 12.- César Augusto Pérez Arez

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- Salomé Álvarez Blanco
- 4.- Bieito Lobeira Domínguez
- 5.- Rosa Darriba Calviño

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Emilio Pérez Touriño
- 2.- Dolores Villarino Santiago
- 3.- Modesto Pose Mesura
- 4.- Carmen Gallego Calvar
- 5.- Pedro Borrajo Rivas



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490